

3 Dinamismo do tecido produtivo

3.1. Estrutura produtiva

3.2. Demografia empresarial

3.3. Sector exterior

3.1. Estrutura produtiva

O presente apartado ten como obxectivo presentar unha fotografía da estrutura produtiva galega e da evolución e comportamento dos actores que a integran ao longo do ano 2020. A análise que se presenta elabórase nun momento de incertidume sobre o verdadeiro alcance da crise sanitaria, económica e social provocada pola covid-19, e por tanto sobre o impacto e os posibles escenarios que poden xurdir nos vindeiros meses.

Non cabe dúbida de que toda crise supón tamén unha oportunidade, tanto para sectores que se viron reforzados nesta pandemia, como para as empresas dos sectores máis afectados na medida en que se consolide a innovación e adaptación á nova realidade.


Os últimos avances de datos publicados, tanto polo IGE como polo INE, mostran unha caída do PIB en Galicia do 8,9% no ano 2020; unha desaceleración sen precedentes na liña do acontecido no conxunto do Estado (-11%), confirmando que en períodos de recesión a economía galega cae menos que a española, pero en períodos expansivos medra menos.

As contas económicas trimestrais (IGE) reflicten unha

caída na actividade en todos os sectores económicos en relación ao ano anterior. No último ano o sector da construción presenta un valor engadido un 12,6% inferior ao rexistrado no ano 2019, as ramas industriais perden un 8,6%, o sector servizos un 8,1% e finalmente as ramas agraria e pesqueira son as que presentan un mellor comportamento con perdas do 3,3% no valor engadido en relación ao ano anterior.

A brusca caída da actividade especialmente a partir do segundo trimestre de 2020, trasládase ao mercado de traballo, rompendo a tendencia positiva de redución das taxas de paro dos últimos anos. No ano 2020 o emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, caen en Galicia un 8%, fronte ao incremento do 1% no ano 2019. Estes resultados parecen mostrar que o mercado de traballo non se veu tan afectado pola pandemia como a produción, sen embargo deberíamos ser prudentes na medida en que os postos de traballo equivalentes vense afectados tanto pola variación nas horas traballadas como da xornada media, así como polo feito de que, tal como sinala o INE, o cambio de coxuntura e as dificultades asociadas no ámbito da recompilación de datos estatísticos,

Especialización produtiva por comarca. Ano 2018



Fonte: IGE, Producto interior bruto municipal.

3.1.mapa 1.

fan prever que as futuras revisións dos resultados sexan maiores que as habituais.

Segundo os datos das Contas económicas trimestrais do IGE, no ano 2020 o sector servizos xeraba o 64,1% do PIB galego, en tanto que o sector industrial supuña o 15,9% do PIB (11,3% a industria manufactureira) e a construción e o sector primario, o 6,7% e o 4,9% do PIB, respectivamente. O 8,3% restante corresponde aos impostos netos sobre os produtos.

Neste capítulo trataremos de estudar a estrutura produtiva galega, analizando os datos máis representativos da evolución de cada sector económico e das actividades que os integran, dende un punto de vista da actividade económica así como do emprego.

Previo a analizar cada sector económico, as estimacións publicadas polo IGE na operación estatística do Produto Interior Bruto municipal achegan información da estrutura produtiva das comarcas cun nivel de desagregación de 12 ramas de actividade, o que permite construír uns índices de especialización relativa, que comparan a estrutura produtiva de cada comarca coa de Galicia, identificando aqueles sectores máis predominantes, en termos relativos. Tal como se mostra no **mapa 1**.

Tal como publica o IGE, no ano 2018, vinte comarcas teñen especialización produtiva no sector primario (inclúe agricultura, gandería, pesca e silvicultura) e oito comarcas teñen especialización produtiva no sector enerxético (Eume, Ordes, Chantada, Baixa Limia, Terra de Celanova, Terra de Trives, Viana e A Paradanta).

A presenza da industria manufactureira é sobranceira en varias comarcas:

- Especialización produtiva no sector da extracción e fabricación doutros minerais non metálicos: comarcas da Fonsagrada, Quiroga, Sarria, Valdeorras, Verín, O Ribeiro e O Baixo Miño. O 45,6% do valor engadido galego deste sector xérase nestas comarcas. A importancia do sector na comarca de Valdeorras queda reflectida en que o 26% do PIB comarcal provén deste tipo de actividades produtivas.
- Especialización produtiva no sector da madeira (inclúe a industria da madeira, do papel e fabricación de mobles): comarcas de Betanzos, Santiago, Lugo, Pontevedra e Tabeirós-Terra de Montes.
- Especialización produtiva no sector industrial agroalimentario: comarcas do Barbanza, Salnés e O Condado.
- A comarca de Vigo, O Morrazo e Ferrol presentan especialización produtiva no sector de fabri-


cación de material de transporte e grandes reparacións (inclúe a fabricación de automóbiles e a construción naval, entre outras).

- Especialización produtiva no sector da metalurxia, produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria: comarcas de Fisterra, A Mariña Occidental, Caldas e O Sar.
- As comarcas da Coruña, O Carballiño e Ourense presentan especialización relativa no Resto da Industria, sector que agrupa as actividades do refinamento de petróleo, industria téxtil e confección, farmacéutica, química e plásticos, xunto con outras actividades de menor entidade non recollidas noutras categorías.

Non hai ningún concello que presente especialización produtiva nas ramas da construción ou nas tres ramas do sector servizos que se consideran nesta operación estatística.

...

Distribución porcentual do VEB do sector primario por comarcas. 2018




Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir do IGE.

3.1.mapa 2.


PIB e emprego 2019-20: distribución segundo sectores económicos

	PIB (1)		Emprego (2)	
	2019	2020	2019	2020
	(taxas de variación interanuais)			
Total	1,8	-8,9	1,0	-8,0
Ramas Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-0,2	-3,3	-1,0	0,4
Ramas industriais	-1,4	-8,6	1,1	-7,4
Construción	3,4	-12,6	2,9	-11,3
Servizos	2,7	-8,1	1,0	-8,7
Impostos netos sobre os produtos	1,2	-15,0		

VEB por sectores económicos



Emprego por sectores económicos




(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados); datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 5-03-2021)

(2) postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*

3.1.1.

VEB e emprego no sector primario (1) (2)



(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 4-03-2020)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*

3.1.2.

Sector primario

O valor engadido bruto en termos reais das ramas agraria e pesqueira mantense practicamente estable en relación ao ano anterior, sen embargo se tomamos como referencia os valores nominais, o VEB das ramas agraria e pesqueira descende un 3,3% en relación ao ano 2019. As contas trimestrais do IGE amosan que o valor engadido bruto xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) aumenta levemente en 2020 ata os 2.871,1 millóns de euros, un 0,02% superior ao contabilizado no ano precedente o que contrasta co vigoroso crecemento do sector no conxunto do Estado, con taxas de variación interanual do 8,7%


A pesar do estancamento en termos reais do VEB do sector primario, a súa achega ao valor engadido total da economía galega aumenta ata o 5,4%, catro décimas máis que no ano anterior. Esta porcentaxe é 2,2 puntos superior ao peso medio do sector na economía estatal, que no ano 2020 se sitúa no 3,2%.

A estabilidade en termos reais do VEB do sector primario en 2020 ven acompañado dun mantemento no volume de emprego que, medido en termos de postos


de traballo equivalentes a tempo completo, acada os 73.664 postos de traballo, 286 máis que no ano anterior (0,4%). A Enquisa de Poboación Activa reflicte un aumento no ano 2020 da poboación ocupada no conxunto do sector primario (agricultura, gandería, caza e silvicultura, pesca e acuicultura), un aumento de ocupación que, con excepcións dos anos 2016 e 2017, non se tiña producido na última década. O sector agrario ocupa en Galicia a 69.100 persoas no último ano, 2.400 persoas máis que no ano anterior. O sinalado aumento de poboación estimada ocupada concéntrase exclusivamente nas ramas de pesca e acuicultura (2.900 persoas ocupadas máis), presentando na rama de agricultura, gandería, caza e silvicultura unha caída de 500 persoas ocupadas.

As contas económicas anuais de Galicia proporcionan indicadores derivados con información detallada, entre outros, para o sector primario. Entre os indicadores derivados, **cadro 3.1.4.**, a capacidade para crear valor (VEB/producción), definida como as unidades de valor engadido xeradas por cada unidade monetaria de produción, mostra que no sector primario en Galicia, de

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2018



Peso porcentual no VEB do sector primario de Galicia.
Ramas de actividade 2018



Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia

3.1.3.

Indicadores derivados para o sector primario.

	2000	2008	2015	2016	2017	2018
Capacidade de crear valor (VEB/Produción) (%)						
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	55,8	53,9	51,1	52,8	51,3	49,7
Total economía	47,4	45,0	47,3	48,1	46,7	46,8
Remuneración de asalariados/VEB (PIB para o total da economía) (%)						
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	22,9	21,6	21,6	22,4	23,1	23,3
Total economía	45,8	46,4	44,7	44,1	43,8	43,9
Ratio de asalarización (Postos de traballo asalariados/Postos de traballo) (%)						
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	16,4	27,9	38,9	37,8	36,9	41,4
Total economía	76,1	83,2	84,1	84,2	84,4	84,8
Produtividade aparente do traballo por hora efectiva (euros)						
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	5,2	12,3	17,8	16,8	15,5	16,4
Total economía	16,9	25,6	29,6	30,3	30,9	32,3
Remuneración por hora efectiva asalariada (euros)						
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	7,1	11,5	10,8	11,1	10,9	10,1
Total economía	10,8	15,0	16,5	16,7	16,8	17,5

Nota: Revisión Estadística 2019. Os datos son provisionais

Fonte: IGE. Contas Económicas de Galicia.

3.1.4.

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2020 ⁽¹⁾

	Galicia			España			Galicia / España
	(en ha.)	(% / total)	(% / sup. agraria útil)	(en ha.)	(% / total)	(% / sup. agraria útil)	(%)
Superficie Agraria Útil	826.680	28,0	100	25.263.921	49,9	100	3,3
Superficie cultivada	357.859	12,1	43,3	16.929.398	33,5	67,0	2,1
Cereais gran	32.275	1,1	3,9	6.062.895	12,0	24,0	0,5
Leguminosas gran	772	0,0	0,1	292.326	0,6	1,2	0,3
Tubérculos consumo humano	11.556	0,4	1,4	53.493	0,1	0,2	21,6
Industriais	8	0,0	0,0	920.573	1,8	3,6	0,0
Forrageiras	224.055	7,6	27,1	993.907	2,0	3,9	22,5
Hortalizas e flores	2.752	0,1	0,3	233.288	0,5	0,9	1,2
Barbeitos	18.346	0,6	2,2	2.912.245	5,8	11,5	0,6
Frutais cítricos	177	0,0	0,0	307.025	0,6	1,2	0,1
Frutais non cítricos	19.359	0,7	2,3	1.228.888	2,4	4,9	1,6
Viñedos	25.208	0,9	3,0	964.037	1,9	3,8	2,6
Olivares	38	0,0	0,0	2.751.255	5,4	10,9	0,0
Outros cultivos leñosos	1	0,0	0,0	43.392	0,1	0,2	0,0
Viveiros	513	0,0	0,1	21.260	0,0	0,1	2,4
Invernadoiros baleiros	27	0,0	0,0	37.083	0,1	0,1	0,1
Hortos familiares	22.773	0,8	2,8	107.732	0,2	0,4	21,1
Prados e pasteiros	468.821	15,9	56,7	8.334.524	16,5	33,0	5,6
			(% / sup. forestal)			(% / sup. forestal)	
Superficie forestal	1.809.959	61,2	100	19.383.908	38,3	100	9,3
Chopo	1.053	0,0	0,1	120.341	0,2	0,6	0,9
Pawlonia	4	0,0	0,0	1.154	0,0	0,0	0,3
Carrasca trufeira	-	-	-	12.644	0,0	0,1	-
Coníferas	310.318	10,5	17,1	5.623.100	11,1	29,0	5,5
Fronchosas crecemento lento	324.910	11,0	18,0	4.508.453	8,9	23,3	7,2
Fronchosas crecemento rápido	294.849	10,0	16,3	707.518	1,4	3,7	41,7
Coníferas e frondosas	266.327	9,0	14,7	1.775.329	3,5	9,2	15,0
Matorral	612.498	20,7	33,8	6.635.370	13,1	34,2	9,2
			(% / outras sup.)			(% / outras sup.)	
Outras superficies	321.035	10,9	100	5.949.197	11,8	100,0	5,4
Erial	-	-	-	844.231	1,7	14,2	-
Espartizal	-	-	-	222.909	0,4	3,7	-
Baldío	50.374	1,7	15,7	908.758	1,8	15,3	5,5
Improdutivo	32.871	1,1	10,2	815.150	1,6	13,7	4,0
Non agrícola	219.159	7,4	68,3	2.516.824	5,0	42,3	8,7
Augas interiores	18.631	0,6	5,8	641.325	1,3	10,8	2,9
Superficie total	2.957.673	100		50.597.026	100		5,8

(1) datos provisionais

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. *Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos*


3.1.5.

cada 100 euros de produción, acádanse en 2018 (último ano dispoñible) 49,7 euros de valor engadido, un valor superior ao nivel medio da economía (46,8 euros), o que indica que as actividades deste sector económico son intensivas en traballo pero menos dependentes de *inputs* para a produción. A capacidade de crear valor do sector primario no ano 2018 é a terceira máis redu-

cida da serie estatística que comeza no ano 2000.

A produtividade do factor traballo por hora efectiva no sector primario en Galicia aumenta en 2018 ata os 16,4 euros (15,5 euros no ano anterior). A produtividade no sector primario é notablemente inferior á do conxunto da economía galega (32,3 euros en 2018) e o diferencial aumenta de xeito continuo nos dous últimos anos. En

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2010-2019 (1)



(1) datos definitivos

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos

3.1.6.

2018 este diferencial situábase en 15,9 euros fronte aos 15,4 do ano anterior e os 11,8 euros de 2015 (13,3 euros en 2008).


Malia que o sector primario é intensivo en traballo, a porcentaxe do valor xerado na actividade destinado a pagar salarios é do 23,3% fronte ao 43,9% de media na economía galega.

A remuneración media por hora efectiva do traballo asalariado no sector primario é de 10,1 euros por hora en 2018, 6,4 euros menos que a remuneración media en Galicia, mentres que a taxa de asalarización do sector primario, medida como a relación porcentual entre os postos de traballo asalariado e os postos de traballo

totais, ascende ata o 41,4%, 4,5 puntos porcentuais máis que no ano anterior, pero aínda 43,4 puntos menos que a media da economía en Galicia (27,9% ao comezo da crise económica).

O **cadro 3.1.5.** e as súas gráficas asociadas mostra os datos referentes á distribución xeral da terra en Galicia no ano 2020. A superficie agraria útil (SAU) aumenta levemente no último ano ata as 826.680 hectáreas, 11.804 máis que no ano anterior. Este incremento ven favorecido pola extensión dos prados e pasteiros con 13.652 hectáreas máis que no ano anterior (3% máis), que compensa o descenso de 1.848 hectáreas na superficie cultivada, unha caída fundamentalmente centrada no cultivo de forraxeiras.

Distribución xeral da terra 2002-2019 ⁽¹⁾



(1) No ano 2002 incluíuse o castiñeiro no grupo das froiteiras, incrementándose o grupo de cultivos leñosos de forma considerable en Ourense e Lugo. Neste mesmo ano incorpórase ao grupo de prados e pasteiros o concepto de pasteiro arbustivo, anteriormente ignorado ou incluído na clase mato pasteiro da superficie forestal. Inclúense as praderías de segunda ocupación, o que fai incrementar de modo notable o grupo de cultivos forraxeiros. Baixo a denominación "outtras superficies" inclúense as seguintes categorías: augas interiores, baldío, improdutivo, urbano e comunicacións. A suma dos distintos tipos de cultivos non é igual á superficie total, xa que o tipo "Cultivos asociados e sucesivos" está englobado dentro dos distintos tipos de cultivos do grupo "Terras de cultivo".
Fonte: IGE

3.1.7.

Tras esta evolución, en 2020 a SAU representa en Galicia o 28% da súa superficie xeográfica, porcentaxe moi inferior á media estatal, cun 49,9%. A superficie cultivada que en Galicia é o 12,1% do total fronte ao 33,5% no conxunto do Estado, en tanto que os prados e pasteiros representan o 15,9% (16,5% en España).

Pola contra, a superficie forestal representa o 61,2% da superficie total galega fronte ao 38,3% no conxunto do Estado. En relación ao peso relativo no total estatal, mentres que a superficie total representa o 5,8% da superficie española, a importancia relativa da superficie forestal é do 9,3%, moi por riba do que representa a SAU (3,3%) ou a superficie cultivada (2,1%).

Subsector agrogandeiro

A elevada parcelación da superficie agraria en Galicia impulsa a aumentar a produción de forraxes para mellorar a competitividade do sector agrogandeiro, o que determina que a superficie agraria útil en Galicia

oriente a súa produción cara a cultivos relacionados coa alimentación animal, destacando a produción de cultivo forraxeiro, ao que se destina o 27,,1% da SAU (3,9% en España), e, por outra, a superficie dedicada a prados e pasteiros, que supón o 56,7% da SAU (33% no conxunto do Estado). No ano 2008, o cultivo forraxeiro supuña o 29,4% da SAU e os prados e pasteiros o 53,7%.

Segundo os datos proporcionados pola Consellería de Medio Rural en base ao Rexistro de Explotacións (REGA) (**cadro 3.1.8.**), no ano 2020 estaban rexistradas 170.351 explotacións, 3.326 máis que no ano anterior, incrementándose este número nas catro provincias galegas.

Por tipoloxía de explotación e, tendo en conta que unha explotación pode estar simultaneamente en varios grupos, as explotacións prioritarias redúcense no ano 2020, rexistrándose 150 menos que no ano 2019. As explotacións con gando tamén se reducen (373

Número de explotacións segundo diferentes categorías que definen a súa tipoloxía 2017-20 ⁽¹⁾

Nº total de explotacións (2)				
	2017	2018	2019	2020
A Coruña	35.793	36.470	37.049	38.113
Lugo	37.313	37.643	38.002	38.394
Ourense	31.488	31.900	32.396	32.775
Pontevedra	57.689	58.702	59.578	61.069
Total	162.283	164.715	167.025	170.351

Explotacións prioritarias (3)				
	2017	2018	2019	2020
A Coruña	3.980	3.960	3.868	3.823
Lugo	6.007	5.921	5.870	5.784
Ourense	1.216	1.209	1.187	1.173
Pontevedra	1.348	1.343	1.329	1.324
Total	12.551	12.433	12.254	12.104

Explotacións con gando (4)				
	2017	2018	2019	2020
A Coruña	26.397	25.520	25.188	24.883
Lugo	28.547	28.181	28.091	27.729
Ourense	10.263	10.212	10.393	10.286
Pontevedra	25.924	25.337	25.528	25.929
Total	91.131	89.250	89.200	88.827

Explotacións con base territorial declarada (5)				
	2017	2018	2019	2020
A Coruña	12.671	12.382	11.719	11.843
Lugo	16.712	16.510	16.110	16.254
Ourense	15.752	15.881	15.675	15.862
Pontevedra	22.792	23.791	23.761	24.191
Total	67.927	68.564	67.265	68.150

(1) Estas características non son excluíntes, unha explotación pode estar simultaneamente en varios grupos
(2) Corresponde ao número total de explotacións no rexistro
(3) Segundo a definición da Ley 19/1995, de 4 de julio, de modernización das explotacións agrarias
(4) Explotacións agrarias que ademais do código de explotación son titulares dun código REGA que implica que ten algunha ou varias ubicacións habilitadas para a tenza de animais.
(5) Explotacións que por medio da solicitude única, no rexistro vitícola ou calquera outra declaración, declararon o uso da terra con identificación das parcelas utilizadas.
Fonte: Consellería de Medio Rural

3.1.8.

menos), incrementándose en 885 as chamadas explotacións con base territorial declarada, isto é aquelas explotacións que declararon o uso da terra con identificación das parcelas utilizadas. A pesar do descenso sinalado, as explotacións con gando representan máis da metade das inscritas no REGA, acadando en 2020 as 88.827 explotacións.

Galicia ten un sector agrogandeiro orientado fundamentalmente á produción de leite de vaca, caracteri-

zado por caídas continuadas no número de produtores e aumentos no volume de produción.

O número de gandeiros con entrega de leite en 2020 segue descendendo ata os 6.942, 390 gandeiros menos que no ano anterior. Galicia concentra o 55,6% dos gandeiros con entregas en España (55,5% no ano 2019), situándose en segundo lugar Asturias, cun 12,7%.

No ano 2020 en Galicia aumenta nun 3,9% as entregas

Produción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2019-20 ⁽¹⁾

	2019					2020					20/19			
	Ganadeiros con entregas	Produción				Gandeiros con entregas	Produción				Gandeiros con entregas	Produción		
		Total	Entregas				Total	Entregas						
			mesma CC.AA.	Outra CC.AA.	mesma CC.AA.			Outra CC.AA.						
									(gandeiros mes. Media anual)	(en miles de Tm.)				(%)
(%)	(en miles de Tm.)	(%)	(%)	(gandeiros mes. Media anual)	(%)	(en miles de Tm.)	(%)	(%)	(%)	(%)	(en miles de Tm.)			
Andalucía	497	562,7	7,8	88,8	11,0	479	3,8	580,6	7,8	89,5	10,5	-18	3,2	17,9
Aragón	51	159,4	2,2	32,3	67,5	48	0,4	169,4	2,3	36,4	63,6	-3	6,3	10,0
Asturias	1.683	556,4	7,7	88,8	12,1	1.585	12,7	570,9	7,7	89,0	11,0	-97	2,6	14,5
Baleares	116	49,7	0,7	100,0	-	113	0,9	48,8	0,7	100,0	-	-4	-1,8	-0,9
Canarias	111	47,1	0,7	100,0	-	105	0,8	47,5	0,6	100,0	-	-6	0,8	0,4
Cantabria	1.144	437,1	6,0	43,9	56,4	1.079	8,6	440,6	5,9	55,9	44,1	-65	0,8	3,6
Castela e León	1.040	930,0	12,9	81,9	19,9	963	7,7	927,4	12,5	82,1	17,9	-77	-0,3	-2,6
Castela-A Mancha	175	268,1	3,7	70,7	33,3	167	1,3	275,2	3,7	69,8	30,2	-8	2,6	7,1
Cataluña	448	743,0	10,3	61,1	40,8	427	3,4	758,8	10,2	61,5	38,5	-21	2,1	15,8
C. Valenciana	23	84,4	1,2	11,7	88,6	19	0,2	82,8	1,1	10,5	89,5	-4	-2,0	-1,6
Extremadura	64	27,6	0,4	37,3	58,8	58	0,5	26,6	0,4	33,6	66,4	-6	-3,5	-1,0
Galicia	7.332	2.787,9	38,6	63,5	37,3	6.942	55,6	2.895,8	39,1	66,7	33,3	-390	3,9	108,0
Madrid	41	62,4	0,9	25,7	73,6	40	0,3	62,3	0,8	25,1	74,9	-2	-0,1	-0,1
Murcia	22	66,2	0,9	89,6	8,7	21	0,2	66,1	0,9	88,2	11,8	-1	-0,2	-0,2
Navarra	147	249,9	3,5	44,9	53,7	140	1,1	254,2	3,4	45,1	54,9	-7	1,7	4,3
País Vasco	300	171,4	2,4	96,1	3,8	285	2,3	172,8	2,3	96,9	3,1	-15	0,8	1,4
A Ríoxa	9	23,5	0,3	16,6	83,9	9	0,1	25,4	0,3	20,0	80,0	0	8,0	1,9
Total	13.201	7.226,7	100	67,6	33,2	12.479	100	7.405,2	100	69,7	30,3	-722	2,5	178,5

(1) vendas á industria (entregas declaradas polos compradores); datos provisionais
 Fonte: Consellería do Medio Rural

3.1.9.

de leite declaradas polos compradores, fronte ao aumento do 2,5% de media no Estado; de xeito que o volume de leite producido acadou as 2.895,8 miles de toneladas, o que supón o 39,1% da produción total de leite do Estado, e sitúa á Comunidade Autónoma como a primeira produtora, triplicando a produción de Castela e León, segunda Comunidade por volume de produción (12,5% do total español).

O 66,7% das entregas de leite galegas permanecen na propia Comunidade Autónoma, dirixíndose o resto ás outras CC.AA. españolas. De media, no conxunto do Estado o 69,7% das entregas teñen como destino as mesmas comunidades autónomas onde se realizan as entregas.

O prezo medio ponderado sen impostos por litro de leite percibido polo produtor (**cadro 3.1.10.**) aumenta en 2020 en Galicia 0,7 céntimos de euro por litro, acadando no último ano os 32,3 céntimos, en tanto que no conxunto do Estado aumenta en 0,4 céntimos e o

prezo medio do leite situouse en 33,2 céntimos por litro, reducíndose o diferencial coa media española ata os 0,9 céntimos por litro, (1,2 euros no ano anterior).

A evolución mensual do prezo do leite (que se amosa no gráfico do cadro 3.1.8.) mostra resultados semellantes en Galicia e España: A saída do Reino Unido da UE repercute en que o diferencial do prezo do leite en Galicia sexa positivo en relación á UE-27, aínda que se manteñen diferenciais negativos de ata 5 euros por cada 100 kg con países como Francia.

Outra actividade de suma importancia dentro do subsector gandeiro é a produción de carne e a de ovos de galiña.

Segundo os datos proporcionados pola Central Agropecuaria de Galicia (**cadro 3.1.12.**), o ano 2020 pechou cunha asistencia de 34.976 reses e unha facturación de 12,7 millóns de euros, cifras marcadas polo peche do mercado nas primeiras semanas da pandemia para ga-


Prezo medio do leite en Galicia e España 2010-20 ⁽¹⁾

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
	(en céntimos por litro)										
Galicia	28,90	31,00	30,10	34,90	35,10	28,80	28,20	30,60	31,10	31,60	32,30
España	30,20	32,20	31,80	35,30	36,20	31,00	30,00	31,90	32,20	32,80	33,20
Diferencial Galicia / España	-1,30	-1,20	-1,70	-0,40	-1,10	-2,20	-1,80	-1,30	-1,10	-1,20	-0,90

(1) prezos medios ponderados sen impostos
Fonte: Consellería do Medio Rural

3.1.10.

Evolución prezo do leite (€/100 kg) 2020



(1) Os datos de Galicia mídense en €/100 quilogramos
Fonte: European Comision, Milk Market Observatory e Consellería do Medio Rural

3.1.11.

rantir a seguridade, o que supuxo 10 sesións menos durante o ano 2020, así como polos efectos no mercado da carne dos peches da hostalería e restauración.

Nas 41 semanas de actividade rexistradas no ano 2020, asistiron ás poxas un 21% menos de animais, e rexistrouse unha facturación un 30% menor que en 2019.

Por categorías, nos becerros de recría o valor das transaccións foi un 29% menor, e os prezos medios dos becerros cruzados foron os que experimentaron un maior descenso (-13,7%).

No que respecta ao vacún maior, no ano 2020 rexistráronse un 28,6% menos de transaccións e un 30,6% menos de facturación. Os descensos nesta categoría son moi importantes como consecuencia da súa maior

dependencia da hostalería e restauración.

Finalmente no que respecta aos becerros carniceros a súa asistencia descendeu nun 26,6% e a súa facturación nun 30%.

O porcino tamén baixa de prezo, pasando de 1,36 euros/kg en 2019 a 1,34 euros/kg en 2020, un 1,5% menos.

Subsector vitivinícola

No ano 2020 en Galicia redúcese de xeito significativo o volume de produción de viño nas Denominacións de Orixe (DO) cunha vendima que acadou os 60,7 millóns de quilos de uva (3,6 millóns de quilos menos que na campaña anterior), o que supón unha caída do 5,6%.

**Central agropecuaria de Galicia. Cotizacións e mesas de prezos 2019-2020.
Media anual.**

		2019	2020	20/19 (%)
Becerras recría				
Valor total transaccións	(euros)	6.010.152	4.240.525	- 29,4
Frisóns		90,36	79,80	- 11,7
Cruces	(€/unidade)	291,87	251,97	- 13,7
Rubios		345,43	331,53	- 4,0
Vacún maior				
Valor total medio transaccións	(euros)	8.313.009	5.772.236	- 30,6
Prezo medio		903,69	872,47	- 3,5
Extra		1.779,51	1.796,26	0,9
Primeira	(€/unidade)	1.090,78	1.090,60	- 0,0
Segunda		721,63	714,78	- 0,9
Outra		456,04	451,09	- 1,1
Becerras carniceiros				
Valor total transaccións	(euros)	3.876.111	2.711.938	- 30,0
Cotizacións medias		816,37	775,50	- 5,0
Frisóns		440,34	358,88	- 18,5
Cruces	(€/unidade)	806,80	770,14	- 4,5
Rubios		874,44	863,70	- 1,2
Porcino (cebo normal)	(€/Kg)	1,36	1,34	- 1,5
Bacoriños (lechones) (1)	(euros)	63,70	56,69	- 11,0
Ovos				
XL		1,41	1,52	7,8
L		1,11	1,18	6,3
M		1,04	1,05	1,0
S		0,86	0,87	1,2

(1) Harmonización de bases: Cotizacións bacoriños base 20 quilos. Dunha soa procedencia.

Fonte: Elaboración propia a partir de Central agropecuaria de Galicia

3.1.12.

A sinalada redución no volume de produción rexístrase tamén na colleita de viño cualificado que descende un 7,6% e acada os 42,8 millóns de litros, descendendo de xeito paralelo o seu valor económico ata os 223,6 millóns de euros, un 3,4% menos que en 2019.

Analizando as diferentes DO, o **cadro 3.1.13.** mostra como as DO Rías Baixas, Ribeira Sacra e Ribeiro concentran o 86% dos viticultores e o 79% da superficie inscrita totais de Galicia.

A DO Rías Baixas é a que presenta uns indicadores tanto de produción como de valor económico máis elevados, cunha superficie inscrita de 4.093,6 ha (48,7% do total galego), 5.131 viticultores (48,1% do total) e unha produción de 34,5 millóns de quilos (56,8% do total, conta con 178 empresas e un valor económico de 132 millóns de euros.

No que respecta á produción e a o valor económico da mesma no ano 2020 en relación ao ano anterior, destacar que en todas as DO agás as de Barbanza e Iria, Rías Baixas e Monterrei, rexistrouse no ano 2020 unha caída da produción, especialmente intensa nas DO Ribeiro e Ribeira Sacra con caídas do 20,6% e 27,2% respectivamente; pola contra destaca o incremento do 6,4% na produción da DO Rías Baixas, ou do 32,6% na DO Barbanza e Iria.

En termos monetarios, o anteriormente citado descenso no valor económico conxunto das DO en Galicia, deriva fundamentalmente da caída de máis de 10 millóns de euros na DO Rías Baixas (-7,1%), seguida a distancia polas DO Ribeira Sacra con 1,8 millóns de euros menos (-8,5%) ou Monterrei con 482 mil euros menos (-2,7%). Pola contra, salienta o aumento de valor nas DO de Valdeorras con 3,5 millóns de euros máis (18%), ou Ribeiro con 1,1 millóns de euros máis (3,3%).

Sector vitivinícola 2019-20: distribución segundo Denominación de Orixe

2020

	Monterrei	Rías Baixas	Ribeira Sacra	Ribeiro	Valdeorras	Barbanza e Iria	Betanzos	Ribeiras do Morrazo	Val do Miño	Galicia
Superficie inscrita (ha)	631,0	4.093,6	1.254,0	1.301,0	1.103,0	8,3	6,2	6,9	6,6	8.410,6
Viticultores	382	5.131	2.337	1.678	1.090	10	12	15	2	10.657
Industrias	27	178	96	96	41	4	6	5	2	455
Produción (kg)	5.710.550	34.470.166	5.286.118	9.543.745	5.536.204	57.899	18.972	48.760	24.150	60.696.564
Viño cualificado (litros)	3.599.650	24.029.600	3.508.134	8.226.061	3.418.210	29.768	7.642	15.200	16.950	42.851.215
Valor económico (euros)	17.062.341	132.162.811	19.622.534	31.670.335	22.791.473	113.130	30.584	60.800	75.210	223.589.218

2019

	Monterrei	Rías Baixas	Ribeira Sacra	Ribeiro	Valdeorras	Barbanza e Iria	Betanzos	Ribeiras do Morrazo	Val do Miño	Galicia
Superficie inscrita (ha)	581,0	4.051,7	1.250,9	1.369,0	1.127,0	8,2	5,6	5,7	5,2	8.404,3
Viticultores	389	5.177	2.353	1.628	1.145	11	8	18	3	10.732
Industrias	27	178	93	109	42	4	5	4	4	466
Produción (kg)	5.634.281	32.401.591	7.256.756	12.027.017	6.801.593	43.654	20.761	49.613	42.035	64.277.301
Viño cualificado (litros)	3.701.290	27.097.588	3.929.578	8.342.500	3.218.288	28.945	6.895	18.800	18.650	46.362.534
Valor económico (euros)	17.544.115	142.262.337	21.455.496	30.658.687	19.309.728	115.780	27.580	75.200	74.600	231.523.523

Fonte: Consellería do Medio Rural.

3.1.13.

Agricultura ecolóxica

Por agricultura ecolóxica enténdese aquel sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo.

Segundo os datos publicados polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) no ano 2020 redúcense o número de ha certificadas en Galicia un 7,7% en relación ao ano anterior, acadando as 32.055,7 ha. Este descenso de 2.682ha é consecuencia da redución que se rexistra na provincia de Pontevedra como consecuencia da baixa dun monte comunal adicado á colleita silvestre (4.047 ha. menos que no ano anterior, -65,9%) que non consegue compensarse con incremento experimentado nas tres provincias restantes: A Coruña aumenta un 13,5% as ha. certificadas, Ourense un 8,9% e Lugo un 0,9%.

A provincia de Lugo con 16.854 ha, concentra o 52,6% das ha. certificadas en Galicia no ano 2020.

Atendendo á súa distribución segundo tipo de cultivo,

cómpre mencionar que o 73% da superficie inscrita está dedicada a pastos permanentes, con 23.474 ha. Séguenlle os cultivos permanentes (froiteiras, viñedos, froitos secos e oliveiras), cun 20,6% (6.600 ha), entre os que destaca a superficie dedicada a castañas, cun 7,2% da superficie inscrita en Galicia (2.324 hectáreas).

O ano 2020 pechou cun rexistro de 1.310 inscritos, un 10,83 % máis que o curso anterior. O número de elaboradores (concepto que aglutina comercializadores, exportadores, importadores e tamén elaboradores), incrementouse nun 11,18%, o que constitúe unha mostra de que a industria galega especializada no sector ecolóxico cobra cada vez máis peso no mercado, tanto a nivel nacional como internacional, aínda neste contexto de pandemia do ano 2020. No que respecto ós produtores (agricultores, gandeiros, acuicultores e recolectores de algas), o crecemento é similar, do 10,71%.

Analizando os operadores por provincias, a provincia con máis operadores é Lugo, aínda que decrece un 2,43%, quedando en 443 inscritos. Pontevedra crece excepcionalmente 40,53% chegando ós 422 inscritos. A Coruña, cun 4,74% e Ourense 2,86% presentan tamén crecementos positivos.

Respecto dos tipos de operadores por produto, produción gandeira e vexetal presentan certo estancamento, (0,51 e 3,22%) e no que respecta á acuicultura o crecemento é do 308,57%. Respecto da recolección de algas, o crecemento é do 15,38%. En comercialización e elaboración, o crecemento dos comercializadores foi do 17,7% e dos elaboradores do 10,22%.

En termos monetarios, o valor da produción controlada polo Craega medrou no ano 2020 un 16,8%, acadando os 108,4 millóns de euros (15,6 millóns máis que no ano precedente). Tras unha medra do 15,8%, o leite e os seus derivados seguen a ser os que máis volume de vendas certificadas obtiveron, con 38,2 millóns de euros, seguidos pola carne e derivados e as conservas de peixe, cun volume de vendas de 15,3 e 14,3 millóns de euros, respectivamente. Estes tres produtos concentran o 62,5% do valor total en 2020.

Subsector mar-industria

Para coñecer o número de embarcacións operativas en Galicia tomamos como referencia o Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma no que deben incluírse as embarcacións pesqueiras e auxiliares das listas terceira e cuarta do Rexistro de matrícula de buques con porto base en Galicia, que estean operativas. Un ano máis o número de embarcacións operativas con porto base en Galicia descende, de xeito que a 31 de decembro de 2020 había un total de 4.318 embarcacións de pesca extractiva e marisqueo (terceira lista), o que supón unha caída do 0,4% respecto ao ano anterior (17 buques menos). Os datos do Rexistro de buques de Galicia reflicten que o número de embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura (cuarta lista) permanece practicamente estable, con 1.268 buques, dez menos que en 2019.

O sinalado descenso da frota pesqueira explícase pola redución de 22 embarcacións no caladoiro nacional (Cantábrico-Noroeste), acadando os 4.147 buques. Os buques que faenan en pesqueiras comunitarias ascende a 72, tres máis que no ano anterior, aumentando en dous os que están en pesqueiras internacionais: 99 embarcacións. O maior número de buques rexistrados

na frota pesqueira galega son os de artes menores, cunha cifra de 3.844 embarcacións (18 menos que en 2019), embarcacións de pequeno porte, que se dedican a unha pesca multiespecífica con diferentes artes que utilizan en función da especie obxectivo.

Se nos fixamos nos portos base das embarcacións pesqueiras, a maior parte concéntranse na zona III Arousa (38,9%), seguida polas zonas I-Vigo (15,3%) e IV-Muros (14,6%). No que respecta ás embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura, as 1.268 embarcacións rexistradas están principalmente concentradas na zona III-Arousa, con sete de cada dez embarcacións (884 buques).

A Consellería do Mar elaborou durante a emerxencia sanitaria instrucións e protocolos para manter en funcionamento unha actividade considerada esencial como é a pesca e o marisqueo. A actividade pesqueira e marisqueira das distintas lonxas galegas ao longo do ano 2020 rexistra un novo descenso tanto do seu volume de produción (5,1% menos) como na súa facturación (11,3% menos). No último ano o volume de produción acada os 150,2 miles de toneladas, descendendo o seu valor ata os 412,5 millóns de euros. Os peixes son o grupo de especies máis importante, ao representar o 91,9% da produción e o 73,4% do valor total en primeira venda, fronte ao 89,4% e 69,3% do ano anterior respectivamente. A pesar do maior peso sobre o total da actividade, no último ano as capturas de peixe descenden tanto no seu volume de capturas (-2,4%) como no seu valor (-6,1%). Un descenso que, tal como se mostra no **cadro 3.1.14.**, é xeneralizado, agás no caso das algas que aumentan nun 6,8% a súa produción e un 0,2% a súa facturación.

Desagregando a actividade pesqueira entre as distintas lonxas (**cadro 3.1.15.**), a pesar da caída no último ano, Vigo mantense como a principal lonxa galega en termos de ingresos xerados pola súa primeira venda, con 97,3 millóns de euros, o que supón unha caída de 7,3% respecto ao xerado en 2019. A Coruña (Lonja Coruña S.A.) presenta tamén unha caída da súa facturación, sendo esta máis acusada que no caso de Vigo (12,7%), sendo esta lonxa a máis importante en termos de produción. As lonxas do porto de Vigo e da Coruña acollen cada

Actividade pesqueira e marisqueira 2018-20: distribución segundo grandes grupos de especies ⁽¹⁾

	Produción					Valor				
	2018	2019	2020	19/18	20/19	2018	2019	2020	19/18	20/19
	(en kg.)			(%)		(en euros)			(%)	
Total	174.298.159	158.167.314	150.169.970	-9,3	-5,1	490.992.891	464.888.248	412.547.725	-5,3	-11,3
Algas	421.585	404.560	431.908	-4,0	6,8	332.759	336.500	337.045	1,1	0,2
Bivalvos	9.522.073	9.828.890	6.458.124	3,2	-34,3	86.148.507	88.060.891	66.326.750	2,2	-24,7
Cefalópodos	4.391.115	4.175.817	3.175.809	-4,9	-23,9	28.826.501	25.936.822	17.565.975	-10,0	-32,3
Crustáceos	1.282.969	1.203.787	1.211.992	-6,2	0,7	20.610.971	21.134.497	19.376.347	2,5	-8,3
Equinodermos	790.728	831.713	719.973	5,2	-13,4	4.672.196	6.028.382	5.489.485	29,0	-8,9
Gasterópodos	3.871	2.797	1.809	-27,7	-35,3	31.154	30.717	18.844	-1,4	-38,7
Peixes	157.590.369	141.419.783	137.955.121	-10,3	-2,4	349.058.566	322.167.809	302.611.558	-7,7	-6,1
Poliquetos	4.952	5.525	2.134	11,6	-61,4	298.698	324.309	100.582	8,6	-69,0
Resto das descargas	290.496	294.441	213.100	1,4	-27,6	1.013.539	868.321	721.140	-14,3	-17,0
A Coruña	96.059.837	83.382.167	77.917.066	-13,2	-6,6	196.766.701	182.624.814	154.291.243	-7,2	-15,5
Algas	83.094	68.461	93.604	-17,6	36,7	44.995	43.963	77.136	-2,3	75,5
Bivalvos	4.920.220	5.258.510	3.030.662	6,9	-42,4	39.737.414	42.707.552	28.844.768	7,5	-32,5
Cefalópodos	2.351.451	2.277.870	1.679.016	-3,1	-26,3	15.962.940	14.241.750	9.231.565	-10,8	-38,2
Crustáceos	811.881	756.989	763.513	-6,8	0,9	11.734.273	11.655.480	10.734.010	-0,7	-7,9
Equinodermos	381.331	383.540	332.194	0,6	-13,4	2.258.986	2.758.516	2.439.461	22,1	-11,6
Gasterópodos	688	927	138	34,9	-85,1	2.601	3.684	274	41,6	-92,6
Peixes	87.428.515	74.496.220	71.928.998	-14,8	-3,4	126.568.938	110.708.753	102.700.857	-12,5	-7,2
Poliquetos	3.027	3.211	891	6,1	-72,3	229.460	246.060	52.138	7,2	-78,8
Resto das descargas	79.630	136.438	88.050	71,3	-35,5	227.092	259.058	211.034	14,1	-18,5
Lugo	34.028.486	30.727.121	34.271.501	-9,7	11,5	118.180.536	108.803.317	105.088.615	-7,9	-3,4
Algas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Bivalvos	35.459	44.880	15.588	26,6	-65,3	32.611	46.209	16.099	41,7	-65,2
Cefalópodos	230.036	234.401	175.170	1,9	-25,3	1.495.567	1.398.852	910.203	-6,5	-34,9
Crustáceos	47.064	50.078	48.035	6,4	-4,1	774.082	840.635	695.732	8,6	-17,2
Equinodermos	116.326	107.421	83.417	-7,7	-22,3	245.791	368.024	312.494	49,7	-15,1
Gasterópodos	63	55	71	-13,2	29,3	200	121	265	-39,7	119,8
Peixes	33.419.468	30.168.437	33.840.002	-9,7	12,2	115.019.979	105.685.459	102.753.693	-8,1	-2,8
Poliquetos	141	188	-	33,5	-100,0	5.575	7.086	-	27,1	-100,0
Resto das descargas	179.929	121.662	109.217	-32,4	-10,2	606.730	456.931	400.129	-24,7	-12,4
Pontevedra	44.209.836	44.058.026	37.981.404	-0,3	-13,8	176.045.654	173.460.117	153.167.867	-1,5	-11,7
Algas	338.491	336.099	338.304	-0,7	0,7	287.763	292.537	259.909	1,7	-11,2
Bivalvos	4.566.394	4.525.500	3.411.874	-0,9	-24,6	46.378.481	45.307.130	37.465.883	-2,3	-17,3
Cefalópodos	1.809.628	1.663.546	1.321.623	-8,1	-20,6	11.367.993	10.296.220	7.424.206	-9,4	-27,9
Crustáceos	424.024	396.720	400.444	-6,4	0,9	8.102.616	8.638.382	7.946.605	6,6	-8,0
Equinodermos	293.071	340.752	304.363	16,3	-10,7	2.167.419	2.901.842	2.737.530	33,9	-5,7
Gasterópodos	3.120	1.815	1.600	-41,8	-11,9	28.353	26.912	18.304	-5,1	-32,0
Peixes	36.742.386	36.755.126	32.186.121	0,0	-12,4	107.469.649	105.773.597	97.157.008	-1,6	-8,1
Poliquetos	1.785	2.126	1.243	19,1	-41,5	63.662	71.164	48.443	11,8	-31,9
Resto das descargas	30.937	36.341	15.832	17,5	-56,4	179.717	152.332	109.978	-15,2	-27,8

(1) Datos definitivos ata 31 decembro 2019. Os de 2020 son provisionais ata consolidación estatística. Consulta: 15-1-21
Fonte: Consellería do Mar.

3.1.14.

unha en torno ao 20% da produción galega, representando Vigo o 23,6% dos ingresos xerados e Lonja Coruña S.A. o 14,6%.

O subsector da acuicultura en Galicia no ano 2019 (último dato dispoñible) rexistra unha redución no volume de facturación, cunha caída do 4,2%, así como no emprego medido en número de persoas asalariadas e non asalariadas (-24,7%).

Tras esta evolución, o valor da produción acuícola situouse nos 211,5 millóns de euros, dos que o 57,7% consúmese na mesma Comunidade Autónoma. O valor xerado cos produtos dirixidos á UE representa o 17,6%, e os destinados a outras CC.AA. un 19,5%. En relación ao ano anterior, o descenso na facturación ven motivado pola caída do 14,9% na facturación de produtos na mesma Comuni-

Actividade pesqueira e marisqueira 2019-20: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas

	Produción			Valor		
	2020	20/19		2020	20/19	
	(en kg.)	(%)	(%)	(en euros)	(%)	(%)
Vigo	30.605.347	20,4	-9,1	97.352.829	23,6	-7,3
Burela	19.347.081	12,9	10,4	60.645.774	14,7	-4,8
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	30.974.787	20,6	-8,3	60.325.551	14,6	-12,7
Celeiro	14.904.784	9,9	13,3	44.372.518	10,8	-1,2
Ribeira.	27.537.480	18,3	-0,4	37.942.474	9,2	-6,3
Noia	1.368.105	0,9	-50,6	11.596.466	2,8	-44,1
Carril	894.919	0,6	-26,0	9.131.231	2,2	-9,7
O Grove	703.431	0,5	-15,1	7.497.069	1,8	-14,2
Cambados	1.054.975	0,7	-13,7	7.456.950	1,8	-3,5
Cedeira	1.191.470	0,8	-3,1	5.575.249	1,4	-9,3
Campelo	484.338	0,3	-21,0	5.244.827	1,3	-13,2
A Illa de Arousa	640.175	0,4	-15,4	4.993.433	1,2	-19,9
Camariñas	4.230.463	2,8	-1,8	4.565.045	1,1	1,8
Portosín	4.319.949	2,9	-24,9	4.298.633	1,0	-10,1
Cabo de Cruz	321.584	0,2	-6,4	3.956.170	1,0	-6,7
Malpica	2.458.242	1,6	61,6	3.772.202	0,9	19,1
Rianxo	435.952	0,3	-47,2	3.702.858	0,9	-37,2
Muros	1.130.520	0,8	14,7	3.216.962	0,8	-3,5
Cangas	243.812	0,2	-27,8	3.112.523	0,8	-19,6
Vilanova	281.838	0,2	-35,7	3.064.474	0,7	-30,3

Consulta: 18-01-2021

Fonte: Consellería do Mar.

3.1.15.

Emprego na acuicultura nas CC.AA. 2019

	Asalariados		Non asalariados		Total	
	(UTA)	(persoas)	(UTA)	(persoas)	(UTA)	(persoas)
Andalucía	604	1.126	26	52	630	1.178
Aragón	58	82	-	-	58	82
Asturias	52	81	12	14	64	95
Baleares	89	178	5	26	94	204
Canarias	209	431	-	-	209	431
Cantabria	22	85	4	11	26	96
Castela-A Mancha	46	55	3	3	48	58
Castela e León	182	187	6	6	187	193
Cataluña	316	830	49	134	365	964
C. Valenciana	417	763	7	20	423	783
Extremadura	37	88	11	31	48	119
Galicia	2.069	3.505	2.105	6.911	4.174	10.416
Murcia	313	337	-	-	313	337
Navarra	20	31	1	2	21	33
País Vasco	23	80	-	-	23	80
A Ríoxa	37	65	-	-	37	65
Total	4.492	7.924	2.228	7.209	6.720	15.134

(1) UTA: unidades de traballo anual

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, *Encuesta de establecimientos de acuicultura*

3.1.16.

Valor da produción acuícola en Galicia 2018-19: distribución segundo destino xeográfico

	2018			2019		
	Total	Fases 1,2,3,5	Fase 4	Total	Fases 1,2,3,5	Fase 4
	(en miles de euros)			(en miles de euros)		
Total	220.851,6	9.482,2	211.369,4	211.480,2	9.250,3	202.229,8
Mesma Comunidade Autónoma	143.429,8	5.206,2	138.223,6	122.010,6	4.448,3	117.562,2
Distinta Comunidade Autónoma	32.657,3	225,3	32.432,0	41.329,8	306,5	41.023,3
Outro país da Unión Europea	39.193,3	1.406,5	37.786,8	37.180,4	1.078,9	36.101,5
Terceiros países	5.571,2	2.644,2	2.927,0	10.959,4	3.416,6	7.542,8

(1) Fase 1: Posta; Fase 2: Incubación e/ou cría; fase 3: Preengorde de semilleiro; Fase 4: Engorde talla comercial; talla 5: Engorde a madurez sexual

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. *Estadísticas pesqueras: producción de acuicultura*

3.1.17.

Axudas da Política Agraria Común e Política Pesqueira Común en Galicia e España 2020

		Galicia	España	Galicia/España
Pago de fondos UE				(%)
FEAGA Exercicio 2020 (acumulado outubro) (1)		176,4	5.728,9	3,1
FEADER gasto público total, exercicio 2020 (2014-2020) (acumulado outubro) (2)	(en millóns de euros)	205,9	1.784,1	11,5
FEMP (3)		26,4	94,3	28,0
Gasto Público (FEMP + Contribucion nacional)		35,0	124,9	28,0
Dereitos de pago básico				
Nº beneficiarios Rexime Pequenos Agricultores (RPA)		4.191	107.977	3,9
Nº de dereitos de Pequenos		13.196	327.949	4,0
Importes RPA	(en euros)	2.928.086	70.935.299	4,1
Nº beneficiarios Rexime Pago Básico (RPB)		21.063	543.827	3,9
Nº de dereitos de Pago Básico		375.499	19.281.495	1,9
Importes Pago Básico	(en euros)	71.712.934	2.790.815.967	2,6
Importes Pago Verde	(en euros)	36.999.223	1.439.880.056	2,6

(1) FEAGA: Fondo Europeo Agrícola de Garantía

(2) FEADER: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

(3) FEMP: Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

3.1.18.

dade autónoma, que non pode ser compensado polo aumento do 26,6% na facturación no resto de CCAA do Estado.

No que respecta á ocupación no sector (**cadro 3.1.17.**), en 2019 rexístranse 10.416 empregos (4.174 UTA), o que representa, segundo datos do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, o 68,8% do emprego do sector a nivel estatal e o 62,1% do total de UTAs. A segunda Comunidade Autónoma en importancia en canto a emprego é Andalucía, con 630 persoas empregadas.

A actividade de marisqueo, e en concreto o marisqueo a pé rexistrou a 31 de decembro de 2020 un total de 3.724 permisos de actividade, dos que o 75% pertencen a mulleres, das que a metade teñen máis de 51 anos.

cen a mulleres, das que a metade teñen máis de 51 anos.

Axudas comunitarias: Política Agraria Común e Política Pesqueira Común

As axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2020 (acumulado outubro) ascenderon a 176,4 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), 205,9 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e 26,4 millóns de euros do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Estes pagos representan o 3,1% do total estatal para o FEAGA, o 11,5% no caso do FEADER e o 28% do FEMP (**cadro 3.1.18.**).

Pagamentos FEAGA en Galicia e España 2020. Distribución segundo sector e liña

	Galicia	España	G/E
	(en euros)	(en euros)	(%)
Réxime de pago básico	111.821.527,53	4.228.842.140,96	2,64
Pago básico	69.808.405,44	2.701.234.774,76	2,58
Pago para prácticas beneficiosas para o clima e medio ambiente	35.918.640,60	1.389.646.257,82	2,58
Pago para os xóvenes agricultores	3.181.744,27	62.351.346,57	5,10
Pago para os pequenos agricultores	2.912.737,22	75.609.761,81	3,85
Axuda asociada voluntaria	1.281,91	116.699,68	1,10
Réxime de pago único (RPU)	0,00	844.343,14	0,00
Pago único	0,00	844.343,14	0,00
Axuda específica (art. 68, regulamento (CE) 73/2009)	0,00	4.821,25	0,00
Beneficios agroambientais - Axuda disociada	0,00	4.333,02	0,00
Desvantaxes específicas - Axuda non disociada	0,00	488,23	0,00
Acíte de oliva	0,00	14.736,07	0,00
Axuda ao almacenamento privado	0,00	11952	0,00
Axuda ao olivar	0,00	2784,07	0,00
Apicultura	0,00	13.063,23	0,00
Axuda específica	0,00	13.063,23	0,00
Algodón	0,00	59.142.743,09	0,00
Axuda por superficie	0,00	59.142.743,09	0,00
Arroz	0,00	11.861.097,12	0,00
Axuda asociada voluntaria	0,00	11.861.097,12	0,00
Azúcar e Isoglucosa	0,00	16.424.688,04	0,00
Axuda asociada voluntaria remolacha azucareira (primaveira)	0,00	14.112.925,23	0,00
Axuda asociada voluntaria remolacha azucareira (outono)	0,00	2.311.762,81	0,00
Froitas e hortalizas	517.535,10	93.625.969,00	0,55
Fondos operativos Organizacións de produtores	80.814,85	83.436.763,37	0,10
Axuda por superficie aos froitos de cortiza	0,00	1.074,87	0,00
Plan de consumo de froita nas escolas	436.720,25	3.936.948,72	11,09
Axuda asociada Voluntaria Tomate para industria	0,00	6.251.182,04	0,00
Leite e produtos lácteos	419.460,71	1.427.435,82	29,39
Leite para escolares	419.460,71	1.427.435,82	29,39
Leguminosas gran	671,60	894.240,72	0,08
Axuda por superficie	0,00	99,50	0,00
Axuda asociada voluntaria legumes	671,60	894.141,22	0,08
Medidas de promoción	0,00	9.220.365,18	0,00
Medidas de promoción	0,00	5.194.174,20	0,00
Promoción en terceiros países	0,00	4.026.190,98	0,00
Poseícan	0,00	249.712.368,52	0,00
Aprovisionamento (REA)	0,00	29.898,79	0,00
Axudas a produtores	0,00	189.284.954,99	0,00
Axudas a industrias e operadores	0,00	60.397.514,74	0,00
Vacún	58.291.387,99	311.831.131,78	18,69
Prima á vaca nodriza	0,00	4.415,47	0,00
Axuda asociada voluntaria vaca nodriza (península)	15.473.331,29	181.914.272,04	8,51
Axuda asociada voluntaria vaca nodriza (insular)	0,00	438.789,39	0,00
Axuda asociada voluntaria vacún cebo (nado península)	2.801.522,61	11.822.252,65	23,70
Axuda asociada voluntaria vacún cebo (insular)	0,00	91.605,83	0,00
Axuda asociada voluntaria vacún cebo (non nado península)	928.578,74	24.500.750,75	3,79
Axuda asociada voluntaria vacún cebo (non nado insular)	0,00	177.993,16	0,00
Axuda asociada voluntaria vacún leite dereitos especiais 2014 sen has. admisibles	20.342,31	2.149.135,62	0,95
Axuda asociada voluntaria vacún cebo dereitos especiais 2014 sen has. admisibles	88.779,44	1.270.588,31	6,99
Axuda asociada voluntaria vacún leite (península)	31.799.019,94	58.871.929,62	54,01
Axuda asociada voluntaria vacún leite (insular e zonas de montaña)	7.179.813,66	30.589.398,94	23,47
Viños e alcohois	353.478,69	43.324.775,70	0,82
Accións de reestruturación e reconversión viñado	289.916,96	16.342.601,53	1,77
Promoción en terceiros países	0,00	4.375.872,61	0,00
Destilación alcohol para usos de boca (axuda/ha)	0,00	20.485.497,49	0,00
Investimentos	63.561,73	2.121.601,09	3,00
Outros gastos	0,00	-797,02	0,00
Cultivos herbáceos	38.101,93	55.575.408,32	0,07
Axuda asociada voluntaria cultivos proteicos (proteaxinosas e leguminosas)	37.113,11	21.306.820,34	0,17
Axuda asociada voluntaria cultivos proteicos (Oleaxinosas)	988,82	21.857.614,99	0,00
Axuda asociada voluntaria froitos de cáscara e algarrobas (península)	0,00	11.508.521,25	0,00
Axuda asociada voluntaria froitos de cáscara e algarrobas (insular)	0,00	902.451,74	0,00
Ovino e caprino	281.548,03	162.088.472,69	0,17
Axuda asociada voluntaria ovino (península)	250.047,94	120.061.215,57	0,21
Axuda asociada voluntaria ovino (insular)	0,00	3.339.885,74	0,00
Axuda asociada voluntaria caprino (península)	5.182,95	5.131.081,08	0,10
Axuda asociada voluntaria caprino (insular e zonas de montaña)	8.826,80	4.753.918,00	0,19
Axuda asociada voluntaria ovino e caprino dereitos esp. 2014 sen has. admisibles	17.490,54	28.802.372,30	0,06
Outras recuperacións irregularidades ou fraudes	-208.027,51	-7420816,25	2,80
Outros gastos	0,00	-1010245,32	0,00
Condiciónaldade	-122.014,16	-2033816,61	6,00
Reembolso disciplina financeira	-414,36	33.870.062,92	0,00
Reembolso créditos	-414,36	33.870.062,92	0,00
Liquidación exercicios anteriores	-1.669,99	-191616,21	0,87
Total	171.392.867,47	5.268.178.068,84	3,25

Fonte: Fondo galego de garantía agraria

Pagamentos FEADER en Galicia 2020. Distribución segundo organismo pagador

		Importe Feeder	Importe Nacional	Importe gasto público
			(en euros)	
1 - Transferencia de coñecementos e actividades de información	Artigo 14	396.856,59	132.285,53	529.142,12
02 - Servizos de asesoramento, xestión e substitución de explotacións agrarias	Artigo 15	148.645,00	49.548,33	198.193,33
03 - Réxmes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios	Artigo 16	2.103.082,57	701.027,52	2.804.110,09
04 - Investimentos en activos físicos	Artigo 17	37.307.352,23	12.435.784,08	49.743.136,31
06 - Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas	Artigo 19	11.309.145,23	3.769.715,09	15.078.860,32
07 - Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais	Artigo 20	6.979.681,06	2.326.560,33	9.306.241,39
08 - Investimentos desenvolvemento de zonas forestais e viabilidade dos bosques	Artigo 21 a 26	24.670.894,10	8.223.631,37	32.894.525,47
10 - Agroambiente e clima	Artigo 28	11.295.272,19	3.765.090,85	15.060.363,04
11 - Agricultura ecolóxica	Artigo 29	1.628.921,74	542.973,92	2.171.895,66
13 - Pagos a zonas con limitacións naturais u outras limitacións específicas	Artigo 31 e 32	13.487.512,99	4.495.838,02	17.983.351,01
15 - Servizos silvoambientais e climáticos e conservación dos bosques	Artigo 34	174.132,33	58.044,11	232.176,44
16 - Cooperación	Artigo 35	2.214.468,78	738.156,26	2.952.625,04
19 - Axuda para o desenvolvemento local de LEADER, (DLP)	Artigos 42 a 44	13.164.345,27	4.388.115,08	17.552.460,35
20 - Asistencia técnica	Artigo 51	1.188.939,82	396.313,27	1.585.253,09
Total		126.069.249,90	42.023.083,76	168.092.333,66

Fonte: Fondo galego de garantía agraria

3.1.20.

Axudas directas 2020. Perceptores e importes por Comunidade Autónoma

Organismo pagador	Nº perceptores		Importe	
		(% sobre total)	(en miles de euros)	(% sobre total)
Andalucía	226.748	34,2	1.575.115	28,4
Aragón	38.176	5,8	446.774	8,0
Asturias	9.443	1,4	63.996	1,2
Baleares	5.592	0,8	29.104	0,5
Canarias	9.313	1,4	192.339	3,5
Cantabria	4.733	0,7	44.729	0,8
Castela-A Mancha	97.994	14,8	767.659	13,8
Castela e León	67.195	10,1	915.823	16,5
Cataluña	41.543	6,3	297.261	5,4
Extremadura	48.779	7,4	546.725	9,8
Galicia	27.758	4,2	173.649	3,1
Madrid	4.627	0,7	38.894	0,7
Murcia	10.978	1,7	122.741	2,2
Navarra	11.304	1,7	116.119	2,1
País Vasco	7.264	1,1	43.516	0,8
A Ríoxa	5.028	0,8	34.179	0,6
C. Valenciana	46.918	7,1	146.677	2,6
F.E.G.A.	1	0,0	19	0,0
Totales	677.625	100	5.500,2	100

(1) Os totais recollen os perceptores, incluídos aqueles aos que se lles detraeron fondos (pagos negativos) e o importe, deducidos os devanditos pagos.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

3.1.21.

O número total de beneficiarios de dereitos correspondente ao Réxime de Pequenos Agricultores (RPA) ascende a 4.191 persoas (3,9% dos beneficiarios en España) e o valor medio dos dereitos, a 221,9 euros. No que ao Réxime de pagos básicos se refire, o número de beneficiarios ascende a 21.063 persoas, o 3,9% do

conxunto do Estado, situándose o importe total en 71,7 millóns de euros, o 2,6% do total estatal.

Os **cadros 3.1.19.** e **3.1.20.** reflicten os pagamentos FEAGA e FEADER atendendo á súa distribución segundo

as principais liñas definidas. Entre os pagamentos FEAGA salientan o pago básico (69,8 millóns de euros), o pago para prácticas beneficiosas para o clima e o medio ambiente (35,9 millóns) e as axudas asociadas voluntarias para o vacún de leite (peninsular), con 31,8 millóns de euros. No caso dos pagamentos FEADER a pesar da importante redución, seguen destacando polo seu importe os investimentos en activos físicos, con 49,7 millóns de euros, e os investimentos para o desenvolvemento de zonas forestais e viabilidade dos bosques, con 32,9 millóns de euros.


No exercicio 2020 rexistráronse en Galicia un total de 27.758 perceptores de axudas directas (persoas físicas), dos que 1.613 son perceptores aos que se detraeron fondos (pagos negativos). Comparado co ano anterior, en 2020 rexistrase un leve aumento no número total de perceptores (41 perceptores máis) aínda que aumenta aqueles perceptores con pagos negativos (56 perceptores máis). Atendendo ao seu peso relativo no total estatal, Galicia acolle ao 4,2% dos perceptores totais (23,4% no caso dos perceptores aos que se lle detraen fondos).

O importe total das axudas directas en Galicia no ano 2020 mantense practicamente estable en relación ao ano anterior, ascendendo ata os 173,6 millóns de euros, un 0,5% menos que no ano anterior, o que representa o 3,1% do importe total en España (**cadro 3.1.21.**).

...

3.1.mapa 3.

VEB e emprego na industria (1) (2)



(1) VEB pm, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 8-03-2020)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*

3.1.22.

Sector industrial

O sector industrial en conxunto reduce o seu valor engadido bruto no ano 2020 nun 10,1%, taxa de redución nunca antes observada, sendo esta caída da mesma contía na industria manufacturera (-10,1%), mostrando as características da crise que nos afecta. As caídas do VEB da industria en Galicia estendéronse aos catro trimestres do ano, rexistrándose as caídas máis importantes no segundo trimestre cun descenso do 23,2% (29,4% de caída na industria manufacturera).

En termos absolutos, o valor engadido bruto (VEB) xerado polas ramas industriais ascendeu no ano 2020 ata os 9.354 millóns de euros segundo os datos publicados polo IGE nas súas Contas económicas trimestrais, o que representa o 5,6% do total xerado polo sector en España.


O sector industrial achega o 17,4% do VEB total a prezos de mercado da economía galega, sendo esta porcentaxe 12,3% no caso da industria manufacturera. Estas porcentaxes son superiores ás rexistradas no con-

xunto do Estado tanto para o sector industrial (incluída a enerxía), que representa o 14,9% do VEB, como no caso da industria manufacturera, que en España representa o 11,2% do VEB a prezos correntes.

No que respecta ao emprego no sector industrial, a afiliación á Seguridade Social a 31 de decembro de 2020 descende nas actividades industriais en Galicia, por primeira vez dende o ano 2014, acadando as 143.716 persoas afiliadas no sector industrial (1.923 persoas menos que na mesma data do ano anterior), das que 133.281 afiliacións corresponden ás ramas de actividade da industria manufacturera (1.985 menos que en 2019).

As actividades da industria manufacturera que presentan unha maior redución das afiliacións son as de Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento e as de confección de roupa de vestir con 665 e 663 afiliacións menos, respectivamente. O único aumento no número de afiliados significativo, en termos cuantitativos, rexístranse na actividade de Fabri-

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2018



Peso porcentual no VEB do sector industrial de Galicia. Ramas de actividade 2018



Fonte: IGE

3.1.23.

Índice de producción industrial de Galicia e España 2020

	Galicia			España		
	índice	variacións		índice	variacións	
		2020 (1)	Interanual diciembre (2) (%)		2020 (1)	Interanual diciembre (2) (%)
Xeral	96,0	-8,6	-0,8	96,3	-9,1	2,9
Bens de consumo	106,8	-10,3	0,8	96,2	-7,1	0,1
B. consumo duradeiro	112,5	-17,3	-4,7	89,4	-13,5	2,4
B. consumo non duradeiro	106,5	-9,8	1,2	96,8	-6,5	-0,1
Bens de equipamento	94,0	-9,1	4,4	95,7	-15,4	0,8
Bens intermedios	108,7	-7,2	2,6	99,3	-7,8	5,9
Energía	76,7	-7,6	-8,5	92,9	-6,2	4,2


Consulta: 24-02-2021. Base 2015

(1) variación da media no que vai de ano

(2) taxa de variación anual

Fonte: INE, Índice de produción industrial

3.1.24.

Índice de producción industrial en Galicia e España 2011-20⁽¹⁾. Taxa de variación media anual

Consulta: 24-02-2021.

(1) Base 2015

Fonte: INE, Índice de produción industrial

3.1.25.

cación de vehículos e motor, remolques e semirremolques con 1.775 ocupados máis que na mesma data do ano anterior.

Para analizar a evolución experimentada no curto prazo polo volume do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial utilizamos o índice de produción industrial (IPI). No último ano este indicador profundiza na

tendencia decrecente iniciada no ano anterior, ao rexistrar unha redución do 8,6%, inferior en todo caso ao descenso rexistrado no conxunto do Estado (-9,1%).

O descenso no IPI ven motivado pola redución no valor engadido dos diferentes bens indistintamente de cal sexa o seu destino económico. É especialmente significativo o descenso nos bens de consumo duradeiro

Índice de produción industrial 2020: distribución segundo ramas de actividade

	Variacións media acumulativa 20/15		Variacións 20/19 (2)	
	Galicia	España (%)	Galicia (%)	España
Total	-0,8	-0,8	-8,6	-9,1
B Industrias extractivas	4,1	-3,2	10,6	-7,5
08 Outras industrias extractivas	4,1	-1,1	10,6	-7,7
C Industria manufacturera	0,5	-0,6	-10,3	-10,0
10 Industria da alimentación	2,6	0,0	-1,0	-4,7
11 Fabricación de bebidas	-2,6	-1,4	-30,9	-8,6
13 Industria téxtil	-4,2	-2,2	-11,3	-7,9
14 Confección de roupa de vestir	1,5	-2,6	-16,0	-26,5
15 Industria do coiro e do calzado	0,0	-8,7	0,0	-28,2
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaria	1,6	-1,0	-11,2	-11,9
17 Industria do papel	1,3	-0,6	-11,0	-3,1
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,0	-7,5	0,0	-18,0
19 Coquerías e refinación de petróleo	0,0	-2,0	0,0	-15,7
20 Industria química	2,5	0,9	-5,8	-1,8
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	0,0	2,9	0,0	2,1
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	0,9	0,4	-1,1	-6,5
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-0,1	0,0	-9,7	-8,9
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	-1,6	-2,5	-6,2	-13,6
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	0,6	-0,4	-23,9	-13,2
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	0,0	2,0	0,0	-5,1
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	5,6	0,8	-2,1	-3,9
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	5,0	1,5	-10,9	-12,6
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-0,1	-3,4	5,5	-18,4
30 Fabricación doutro material de transporte	-6,6	-1,5	-25,8	-18,4
31 Fabricación de mobles	1,3	-1,7	-19,3	-17,3
32 Outras industrias manufactureiras	2,6	-1,2	-16,0	-19,8
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-5,0	0,7	-11,5	-12,5
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-6,2	-1,8	-1,6	-5,2
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-6,2	-1,8	-1,6	-5,2
36 Captación, depuración e distribución de auga	0,0	1,2	0	-3,5


(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe

(1) Taxa de variación media anual acumulativa

(2) Taxa de variación da media do que vai do ano

Fonte: IGE, Índice de produción industrial

Índice de produción industrial segundo principais ramas de actividade: 2008-20



Nota: As 5 ramas escollidas son as da VEB da táboa 3.1.21

Fonte: IGE, Índice de produción industrial

3.1.26.

(17,3%), nos bens de consumo non duradeiro (9,8%) ou nos bens de equipamento (9,1%).

Os bens enerxéticos descendieron un 7,6%, cando no

ano anterior presentaban unha caída do 21,9%, mentres os bens intermedios caeron un 7,2%, fronte ao descenso do 3,2% do ano anterior. Estes son os únicos bens que no ano 2019 xa presentaban variacións negativas,

Indicadores da confianza empresarial en Galicia e España 2017-20 ⁽¹⁾

	Galicia			España		
	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEH	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEH
2017						
I	3,7	-4,2	129,5	2,7	-3,1	131,8
II	-8,3	7,1	129,2	-2,3	9,3	134,2
III	1,9	6,6	132,4	7,5	7,7	136,9
IV	3,4	1,1	131,2	5,3	5,2	135,4
2018						
I	2,1	-2,6	129,5	7,1	1,9	134,9
II	-12,6	-0,2	125,5	0,4	10,7	135,5
III	-5,6	4,2	129,2	5,9	7,1	136,2
IV	3,8	-1,1	130,6	3,1	2,9	133,9
2019						
I	0,3	-8,2	127,1	4,4	-2,7	132,5
II	-5,7	2,7	128,7	-2,5	5,6	132,9
III	0,2	6,6	131,9	4,5	4,7	135,0
IV	3,1	-5,3	129,0	0,2	-2,7	131,1
2020						
I	0,8	-5,8	128,1	1,9	-5,9	130,6
II	-29,7	-68,6	97,0	-36,3	-72,0	95,5
III	-65,2	-47,0	93,1	-62,8	-47,2	95,5
IV	-34,0	-42,8	104,8	-38,8	-41,3	105,5

(1) situación = indicador de situación armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100 a +100); expectativas = indicador de expectativas harmonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100, todos os informantes teñen expectativas negativas, a +100, todos os informantes son optimistas); ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado : constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas
Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.1.27.

fronte ao restante grupo de bens que presentan en 2020 variacións negativas cando rexistraban variación positivas no ano anterior.

No conxunto do Estado tanto os bens de consumo, de equipamento, intermedios e a enerxía presentan taxas de variación negativas, sendo inferiores á media galega no caso dos bens de consumo e da enerxía (-7,1% e -6,2%, respectivamente), e superiores á media galega para os bens de equipamento e intermedios (-15,4% e -7,8% en España, respectivamente).


Tal como se observa no **cadro 3.1.26.**, o IPI correspondente ao conxunto das ramas industriais descende bruscamente tanto en Galicia como en España, un 8,6% en Galicia fronte ao -9,1% de media no Estado, sen em-

bargo a caída do IPI da industria manufactureira foi en Galicia do 10,3% fronte ao 10% de media en España.

Un indicador que mostra as expectativas dos empresarios é o Índice de confianza empresarial, con datos que rexistran claramente a evolución da pandemia. Neste senso, o índice galego de confianza empresarial (**cadro 3.1.27.**) amosa como as expectativas dos empresarios, que eran xa negativas no primeiro trimestre do ano, tórnanse claramente pesimistas a partir do segundo trimestre do ano, con valores semellantes á media estatal, en especial no terceiro e cuarto trimestres de 2020.

Segundo os xestores, a demanda dos seus produtos e o entorno macroeconómico son os factores máis influentes na capacidade de crecemento das empresas,

Índice de confianza empresarial harmonizado (ICEH) 2014-20



ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado: constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas
 Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*


3.1.28.

Vendas de produtos da industria manufacturera 2019: distribución segundo agrupacións de actividade

	Valor			
	(en miles de euros)	(% / total)	(Galicia/España)	Taxa variación interanual (%)
Alimentación, bebidas e tabaco	7.799.336	24,8	8,0	6,6
Textil e confección	1.391.844	4,4	18,5	4,0
Coiro e calzado	171.531	0,5	4,8	1,9
Madeira e cortiza	901.467	2,9	17,6	-1,3
Papel, artes gráfica e reprodución de soportes gravados	615.650	2,0	3,7	-11,9
Coquerías, refino químicas e produtos farmacéuticos	3.439.799	10,9	4,6	-4,7
Manufacturas de caucho e plástico	871.300	2,8	4,8	0,0
Produtos minerais non metálicos	675.101	2,1	4,5	2,3
Producción, 1º transformación e fundición de metais	2.177.299	6,9	8,1	-7,7
Produtos metálicos	1.631.584	5,2	5,6	7,7
Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	546.680	1,7	3,5	-34,1
Maquinaria e equipo	891.242	2,8	5,0	2,8
Material de transporte	6.952.203	22,1	9,8	7,9
Mobles e outras industrias manufactureiras	601.867	1,9	7,3	7,2
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	959.492	3,1	7,4	3,6
Producción de enerxía eléctrica, gas e vapor	1.490.374	4,7	8,2	-19,3
Total	31.416.766	100,0	7,2	1,6

Fonte: INE, *Encuesta Industrial de Productos*

3.1.29.

Índices do prezo da electricidade para consumidores industriais na UE-27 e España 2008-20 ⁽¹⁾

(1) Rango de consumo entre 500 e 2.000 MWh. Excluído impostos e gravames
 Fonte: EUROSTAT

3.1.30.

polo que a crise sanitaria provoca unha forte desconfianza empresarial con expectativas pesimistas sobre a evolución dos seus negocios. Os indicadores de confianza empresarial, tanto a nivel galego como estatal, mostran que a partir do segundo trimestre do ano 2020 máis da metade das respostas reflicten expectativas pesimistas sobre a evolución do trimestre entrante.

Outro indicador que nos permite observar a evolución do sector industrial, e en concreto da industria manufacturera, é a variación en relación ao ano anterior das vendas dos seus produtos. Tal como se observa no **cadro 3.1.29.**, este indicador presenta datos de 2019, polo que o efecto da crise sanitaria sobre as vendas non se ve reflectido. No ano 2019 as vendas aumentaron un 1,6%, ralentizándose notablemente o seu crecemento en relación a anos anteriores (2018 o aumento foi do 7,7%), acadando un valor de 31.416,8 millóns de euros, o 7,2% do total estatal. As producións que achegan maior valor son as de alimentación, bebidas e tabaco (24,8% do total), material de transporte (22,1%) e coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos (10,9%). Atendendo ao seu peso relativo no total de vendas a nivel estatal destacan as actividades de téxtil e confección e as da madeira e cortiza, que

representan un 18,5% e 17,6% das vendas do conxunto do Estado, respectivamente.

Finalmente a evolución do prezo da electricidade para os consumidores industriais afecta de xeito directo sobre a rendibilidade das empresas. O prezo da electricidade caeu notablemente no primeiro semestre do ano 2020 durante o Estado de Alarma. De xeito que por primeira vez en toda a serie analizada (**cadro 3.1.30.**), o prezo da electricidade por KWh consumido pagado en España polos consumidores industriais con consumos entre 500 MWh e 2.000 MWh sitúase por debaixo da media europea (UE-27).

Comparado o primeiro semestre de 2020 cos datos correspondentes ao primeiro semestre de 2008, fronte á caída do 3,4% do prezo no conxunto da UE (medido en euros correntes), en España o prezo da electricidade para consumidores industriais desplómase un 14,1%.

Subsector enerxético

A xeración de enerxía eléctrica en Galicia cae levemente (-1,2%) no ano 2020 en Galicia en relación á

Balance enerxético de Galicia 2019-20

	Galicia				Galicia / España	
	2019		2020		2019	2020
	MWh	(% total)	MWh	(% total)	(%)	
Xeración renovable	16.206.107,19	65,2	18.554.315,27	75,6	16,6	16,8
Hidráulica	7.055.235,42	28,4	7.916.631,91	32,2	28,5	25,9
Eólica	8.706.769,36	35,0	9.992.311,33	40,7	16,1	18,2
Solar fotovoltaica	20.293,18	0,1	21.471,68	0,1	0,2	0,1
Solar térmica	-	-	-	-	-	-
Hidroeléctrica	-	-	-	-	-	-
Outras renovables	257.885,59	1,0	460.647,88	1,9	7,1	10,3
Residuos renovables	165.923,64	0,7	163.252,48	0,7	18,6	22,5
Xeración non renovable	8.649.706,20	34,8	5.998.576,08	24,4	5,3	4,3
Turbinación bombeo	42.005,65	0,2	21.209,52	0,1	2,6	0,8
Nuclear	-	-	-	-	-	-
Ciclo combinado	3.455.500,56	13,9	2.212.326,26	9,0	6,3	5,0
Carbón	2.466.059,83	9,9	1.344.080,22	5,5	19,5	26,8
Motores diesel	-	-	-	-	-	-
Turbina de gas	-	-	-	-	-	-
Turbina de vapor	-	-	-	-	-	-
Fuel + gas	-	-	-	-	-	-
Coxeración	2.520.216,51	10,1	2.257.707,60	9,2	8,5	8,4
Residuos non renovables	165.923,65	0,7	163.252,48	0,7	7,5	8,1
Energía total xerada	24.855.813,39	100,0	24.552.891,35	100,0	9,5	9,8
Consumos en bombeo	- 313.349,13	-	- 268.387,98	-	10,4	5,8
Saldo de intercambios	- 6.093.161,24	-	- 6.901.038,65	-	88,8	210,4
Demanda en b.c.	18.449.303,02		17.383.464,72		7,0	7,0

Notas

Balance eléctrico: asignación de unidades de producción segundo combustible principal.

Outras renovables: inclúe biogás, biomasa, hidráulica mariña exoenergética. Os valores de incrementos e ano mobil inclúen residuos ata o 31/12/2014.

Residuos renovables :xeración incluída noutras renovables e coxeración ata o 31/12/2014.

Turbinación de bombeo puro + estimación de turbinación de bombeo mixto.

Ciclo combinado: Inclúe funcionamento en ciclo aberto.

Coxeración: os valores de incrementos e ano mobil inclúen residuos ata o 31/12/2014.

Residuos non renovables: xeración incluída noutras renovables e coxeración ata o 31/12/2014.

Demanda corregida: corregidos os efectos de temperatura e laboralidade.

Valor positivo: saldo importador; valor negativo: saldo exportador. Os valores de incrementos non se calculan cando os saldos de intercambios teñen distinto signo.

Consulta: 13-4-21

Fonte: Red Eléctrica de España

3.1.31.

enerxía total xerada no ano anterior, segundo datos do balance enerxético facilitados por Red Eléctrica de España, sendo o descenso máis pronunciado no conxunto do Estado (-3,7%). No último ano Galicia xerou un total de 24.553 GWh, sendo o peso relativo de Galicia no total estatal do 9,8%, tres décimas máis que no ano anterior, o que sitúa a Galicia como a cuarta comunidade autónoma con maior potencia instalada, por detrás de Castela-León, Andalucía e Cataluña.

A demanda de enerxía en Galicia redúcese no ano 2020 un 5,8% para situarse en 18.449 GWh, o 7% da total es-

tatal, no ano 2020 o saldo de intercambios segue a ser excedentario, rexistrándose un saldo exportador de 6.901 GWh, un 13% máis que no ano 2019.

O balance enerxético de REE reflicte que o 40,7% da xeración total en Galicia procede da enerxía eólica, a fonte máis importante, seguido da produción de enerxía hidráulica (32,2%) e coxeración e ciclo combinado (9,2% e 9% respectivamente).

No ano 2020 destaca o descenso da xeración de enerxía por fontes non renovables. Así, cae nun 49,5% a xeración por turbinación bombeo, nun 45,5% a xeración

Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2019-20

2019

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
		(en tm.)		
Galicia	2.584.665	266.330	1.950.750	367.586
A Coruña	1.139.110	109.013	720.587	309.510
Lugo	384.093	30.494	334.516	19.082
Ourense	323.281	30.901	266.361	26.018
Pontevedra	738.182	95.922	629.285	12.976
España	36.632.325	5.376.420	29.328.787	1.927.118
Galicia/España (%)	7,1	5,0	6,7	19,1

2020

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
		(en tm.)		
Galicia	2.217.090	213.995	1.718.471	284.624
A Coruña	951.071	87.591	629.277	234.203
Lugo	346.541	24.874	304.964	16.703
Ourense	286.661	24.492	241.325	20.844
Pontevedra	632.817	77.038	542.905	12.874
España	30.767.488	4.249.250	25.082.141	1.436.097
Galicia/España (%)	7,2	5,0	6,9	19,8

Fonte: Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos

3.1.32.

mediante carbón ou nun 36% por ciclo combinado. Pola contra, increméntase a xeración de enerxía por fontes renovables, con aumento superiores ao 10% na xeración eólica e hidráulica.

No concernente á produción de enerxía eléctrica a partir de enerxías renovables, coxeneración e residuos, os datos publicados pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) amosan un lixeiro descenso da enerxía vendida, aumentando por contra a potencia instalada. No ano 2020 vendéronse en Galicia un total de 14.671 xigavatios, un 8,8% máis que no exercicio precedente, ao igual que no conxunto do Estado (3,6%). Galicia mantense como a terceira Comunidade con maior enerxía vendida (12,9% do total estatal) por detrás de Andalucía (16,6%) e Castela e León (15,3%).


Atendendo á distribución segundo tipo de enerxía, o 68% da enerxía vendida en Galicia en 2020 (9.918 xigavatios) corresponde á eólica, seguida da coxeneración que representa o 15,4% (2.256 xigavatios).

A potencia instalada é de 5.063 megavatios, o que representa o 10,4% da potencia total en España. En relación ás demais CC.AA., Galicia sitúase no quinto lugar, por detrás de Castela e León (16,6%), Andalucía (16,3%) Castela-A Mancha (13,8%) e Aragón (10,8%).

O consumo de produtos petrolíferos na Comunidade Autónoma tamén diminúe en 2020 nun 14,2%, case dous puntos por debaixo do descenso medio en España (-16%). Tras esta evolución, o consumo destes produtos ascende en Galicia a 2.217,1 miles de toneladas métricas, o que representa o 7,2% do total estatal.

A caída no consumo prodúcese nos diferentes tipos de produtos petrolíferos, **cadro 3.1.32.**: o consumo de fuel óleos cae un 22,6% en relación ao ano anterior, o de gasolinas un 19,7% e o de gasóleos tamén se reduce nun 11,9%. En todo caso estas caídas son inferiores ás rexistradas de media no Estado.

O produto máis consumido son os gasóleos, que representan un 77,5% do consumo total en Galicia (81,5%

Facturación e emprego directo nas empresas do cluster da automoción 2008-20 ⁽¹⁾

(1) facturación en millóns de euros

Fonte: Clúster da Automoción de Galicia

3.1.33.

en España). A importancia relativa do consumo de fuel óleo en Galicia é do 12,8%, oito puntos porcentuais superior ao do Estado, e do 9,7% no caso das gasolinas (13,8% no conxunto do Estado).

Industria da automoción


As Contas económicas anuais de Galicia, publicadas en 2020 con datos para o ano 2018, rexistran un VEB do sector de Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques de 1.052 millóns de euros, e 15.005 postos de traballo equivalentes a tempo completo. Esta actividade aporta o 14,4% do valor engadido bruto xerado pola industria manufactureira galega nese ano, sendo esta porcentaxe igual á do ano 2016 e a segunda máis reducida só por diante da aportación no ano 2005 (14,1%); neste senso a sinalada actividade aporta o 1,9% do VEB galego total no ano 2018. No que respecta ao emprego a fabricación de vehículos de motor ocupa ao 11,1% do total de empregados do sector manufactureiro en Galicia no ano 2018.

As contas económicas de Galicia dan unha visión inequívoca da importancia do sector na economía de Galicia. Na mesma liña apuntan os datos de afiliación á Seguridade Social no sector, sendo ademais un indicador do bo funcionamento do sector cun elevado grao de resiliencia no ano da crise da covid-19; así a 31 de

decembro de 2020 Galicia contaba con 16.581 afiliacións en alta laboral no sector de fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques (774 máis que na mesma data do ano anterior; 14,9%). Do total de afiliados no sector, 7.789 afiliacións estaban no subsector de fabricación de compoñentes, pezas e accesorios (49% do total); 7.616 no de fabricación de vehículos de motor (46%); e os 1.176 restantes no de fabricación de carrocerías (7,1%). Comparado co ano anterior, incrementan fundamentalmente as afiliacións nas ramas de fabricación de vehículos de motor cun 11,6% máis (792 afiliacións máis), a actividade de fabricación de compoñentes mantense practicamente estable en termos de afiliacións cun aumento do 0,5%, e as actividades de fabricación de carrocerías perden o 4,5% das súas afiliacións en relación á mesma data de 2019.

Os datos facilitados pola Fundación Clúster da Automoción de Galicia (Ceaga) mostran como o sector de automoción de Galicia presenta no exercicio 2020, marcado pola pandemia, máximos de emprego, cifra de negocios e exportacións, fabricándose ese ano en Galicia o 22,2% dos vehículos producidos en España. No ano 2020, a facturación das empresas do sector da automoción en Galicia superou por primeira vez os 10.000 millóns de euros, 10.450 millóns de euros, un 7,3% máis que no ano anterior, o emprego directo acadou os 24.980 traballadores e traballadoras, en trono

Construcción naval nos estaleiros galegos 2008-20: actividade contractual e actividade produtiva



Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, *Construcción naval. Boletín informativo trimestral*

3.1.34.

a 600 máis que no anterior o que supón un incremento do 2,5%.

As exportacións de vehículos tamén marcaron un máximo no ano 2020, segundo datos de Ceaga, con 7.265 millóns de euros, o que supón un aumento do 16,1% en relación ao ano anterior, o que equivale ao 34,8% das exportacións totais de Galicia no dito ano. Pola contra as exportacións de compoñentes caeron un 12,4% máis afectadas polos peches de fábricas de automóviles en Europa como consecuencia das medidas de control da covid-19.

Fronte á favorable evolución mostrada polo sector do

automóbil en Galicia, a Dirección General de Tráfico (DGT) rexistra datos de matriculacións de vehículos que redundan no descenso iniciado no ano anterior, así en que en 2020 rexístrase un descenso das matriculacións de vehículos en Galicia. No último ano matriculáronse un total de 47.945 vehículos, o 3,6% do total estatal, o que supón un descenso do 16,1% respecto ao ano anterior (9.181 vehículos menos). Esta caída ven explicada pola caída na matriculación de turismos, con 9.153 matriculacións menos, un 26,1% menos que en 2019.

Industria naval

Atendendo á evolución do número de afiliacións á Se-

guridade Social, un ano máis, 2020 foi negativo para a industria naval (CNAE 30.1) que presenta unha caída do 5% respecto ás afiliacións rexistradas no ano anterior. A 31 de decembro de 2020, o sector contaba con 5.084 afiliacións, a cifra máis reducida dos últimos seis anos, o que supón unha caída de 262 afiliacións respecto ao ano anterior.

O descenso das afiliacións no sector naval rexístrase nas tres provincias, presentando A Coruña a maior redución tanto en termos absolutos (184 afiliacións menos) como relativos (7,4%), por diante de Pontevedra, con 71 afiliacións menos (2,5%) e Lugo, con 7 afiliacións menos (7%). No ano 2020 Pontevedra mantense como a provincia galega con maior número de afiliados no naval con 2.706 persoas (53,2% do total do sector), seguida da Coruña con 2.285 afiliacións (44,9%).

Tal como acontecera no ano anterior, a actividade contractual no ano 2020 caracterizouse novamente por un descenso moi acusado do número de novos contratos nos estaleiros galegos, asinándose 3 novos contratos, 9 menos que no ano anterior. No ano 2020 só hai tres comunidades con novos contratos, Asturias (9 contratos), País Vasco (6 contratos) e Galicia (3 contratos). O forte descenso no número de novos contratos reflíctese nunha importante caída do arqueado bruto compensado (CGT), de xeito que no último ano o arqueado bruto compensado en Galicia acadou os 8.182 CGT, o 8% do total estatal, fronte ao 48% de Asturias e o 44% do País Vasco. Os 3 novos contratos están asinados con Mozambique e Irlanda.

A carteira de pedidos dos estaleiros galegos a 31 de decembro de 2020 era de 16 buques, oito menos que na mesma data do ano anterior, o equivalente a 150.659 CGT, o 42% do total estatal. No último ano Galicia sitúase como a C.A. con maior número de buques en carteira, seguida de Asturias (15 buques) e o País Vasco (13 buques).

En relación á actividade produtiva, o índice de actividade ponderada, que ten en conta as postas de quilla, botaduras e entregas (probos oficiais), reflicte que o arqueado bruto compensado dos estaleiros galegos descen-

deu no último ano ata as 30.418 CGT, o que a sitúa como a segunda Comunidade con maior actividade, tras Asturias (41.084 CGT) e por diante do País Vasco (29.382 CGT).

Comparando a situación da construción naval nos estaleiros galegos entre os anos 2013, ano crítico para o sector (ningún contrato novo e seis en carteira de pedidos) e 2020, **cadro 3.1.34.**, obsérvase claramente os efectos da crise económica e sanitaria a nivel mundial, cun menor índice de actividade ponderada, que pasa de 49.935 CGT aos devanditos 30.418 CGT, o segundo menor da serie só por diante do valor do ano 2014, con 26.488 CGT.

Industria téxtil

As contas económicas de Galicia reflicten que o valor engadido bruto xerado polo sector téxtil (división 13–15 da CNAE 2009) acadou en Galicia no ano 2018 os 457,4 millóns de euros, dos que 410,4 corresponden á confección e prendas de vestir e industria de coiro e do calzado. O número de postos de traballo equivalentes a tempo completo ascende o a 11.237, dos que 9.499 pertencen ao subsector de confección e prendas de vestir e industria de coiro e do calzado. Atendendo ao seu peso no conxunto da economía galega, esta rama de actividade representa o 6,2% do valor engadido bruto xerado pola industria manufactureira no ano 2018 e o 8,3% do emprego.

O promedio de afiliación á Seguridade Social na industria téxtil en Galicia foi no ano 2020 de 10.079 afiliacións á Seguridade Social, 745 menos que no ano anterior, o que supón o 7,6% das afiliacións da industria manufactureira, a porcentaxe que cae de xeito continuo na última década, aínda eu a nivel provincial presenta notables diferencias, acadando o 12,3% na provincia de A Coruña fronte ao 1,2% do total de afiliados na industria manufactureira da provincia de Lugo. O descenso da afiliación no ano 2020 do sector en Galicia explícase polo descenso nas tres ramas de actividade da industria, por unha banda as afiliacións da industria téxtil caen nun 2,8% (49 afiliados menos en promedio anual), na confección de roupa de vestir cae

Volume de aproveitamento total⁽¹⁾ segundo especie 2018-19

	2018	2019	19/18
	(en m ³)		(%)
Pinus pinaster	1.694.241,64	1.809.623,54	6,81
Pinus radiata	1.772.070,02	1.704.128,23	-3,83
Pinus sylvestris	134.513,95	116.710,48	-13,24
Outras / mestura coníferas	255.783,01	168.307,32	-34,20
Frondosas caducifolias	275.683,12	270.162,62	-2,00
Eucalyptus spp.	5.921.442,62	5.621.413,63	-5,07
Outras frondosas non caducifolias	17.791,32	13.077,14	-26,50
Total	10.071.525,67	9.703.422,94	-3,65

(1) Xestión pública e xestión privada

Fonte: Medio Rural, *Anuario de Estadística Forestal de Galicia*

3.1.35.

un 7,6%a afiliación (663 menos que no ano anterior, e a afiliacións na industria do coiro e do calzado cae un 9,7% (33 afiliados menos). Na rama de confección de roupa de vestir rexístranse en 2020 8.084 afiliados, o 80% do total da industria téxtil galega.

Industria da alimentación

As contas anuais reflicten que a produción da industria de alimentación (división 10 da CNAE 2009) ascendeu no ano 2018 a 1.593 millóns de euros, e representa o 21,8% do valor xerado pola industria manufactureira en Galicia. Con respecto ao ano 2000, a achega das industrias alimentarias ao VEB industrial manufactureiro incrementouse case catro puntos.

Dentro da industria da alimentación, a participación das seis ramas que a forman é a seguinte: a rama da conserva e do conxelado de peixe achega o 31,3% do seu VEB, seguida pola fabricación de bebidas cun 20,6% e da rama de outras industrias alimentarias co 19,8% do VEB; o 28,3% restante divídese entre as ramas de procesamento e elaboración de carne, fabricación de produtos lácteos e fabricación de produtos para a alimentación animal.

No concernente ao emprego, as contas económicas (datos 2018, último dispoñible) indican que o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo ascendeu a 31.559 postos de traballo, o 23,9% do total do da industria manufactureira galega, dos que 11.114

corresponden á actividade de procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos (35,2%); e 4.837 ao subsector de procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos (15,3%). A fabricación de produtos lácteos concentra o 6,8% do emprego neste subsector industrial (2.145 postos de traballo equivalentes a tempo completo).

No ano 2020 as afiliacións á Seguridade Social na industria da alimentación (CNAE 10) ascenderon a 30.229 persoas, o que supón unha caída do 0,5% respecto ao ano anterior. Atendendo á súa evolución o peso relativo da afiliación no sector da industria da alimentación no total da industria manufactureira permanece relativamente estable en torno ao 22% a partir do ano 2012 ata o 2020. A análise da afiliación mensual mostra tamén unha estabilidade nos meses de pandemia, cunha afiliación do sector superior aos 13 mil afiliados en todos os meses de 2020 agás en decembro que se reduce levemente por debaixo de esa cifra para recuperar o nivel dos 13.200 nos primeiros meses de 2021. O feito de que o sector da alimentación fose considerado como esencial en canto as restricións derivadas da pandemia axudou a mitigar as perdas de emprego pola redución da demanda provocada pola covid-19.

Industria da madeira

Segundo os datos proporcionados polo Anuario de estadística forestal de Galicia, o aproveitamento nos bosques galegos no ano 2019 foi de 9,7 millóns de metros


cúbicos de madeira, un 36% menos que no ano anterior. A principal especie é o *Eucalyptus* spp., que supón o 58% do aproveitamento total.

A industria da madeira e fabricación de mobles (ramas 16 e 31 da CNAE 2009), segundo as contas económicas, xera un VEB no ano 2018 de 480,1 millóns de euros, dos que 323,7 millóns de euros corresponden as actividades da industria da madeira e da cortiza, acollendo un total de 12.505 postos de traballo equivalentes a tempo completo, dos que 7.982 postos pertencen á xa citada industria da madeira e da cortiza. A industria da madeira de xeito conxunto representa o 6,5% do valor engadido bruto xerado polo sector manufactureiro no ano 2018 e o 9,5% do emprego na industria manufacturera en Galicia no ano 2018.

No ano 2020 as afiliacións á Seguridade Social nas devanditas ramas de actividade CNAE 16 e 31 acadaron as 12.307 persoas, o que supón o 9,2% das afiliacións da industria manufacturera, manténdose a afiliación estable ao longo de todo 2020, non observándose efectos sobre a afiliación da crise sanitaria. A industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría acolle a 8.809 afiliacións (o 71,6%) e as restantes 3.498 afiliacións á fabricación de mobles (28,4%).

...


Distribución porcentual del VEB del sector de la construcción por comarcas. 2018



Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir do IGE.

3.1.mapa 4.

VEB e emprego na construción (1) (2)



(1) VEB pm, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 8-03-2021)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*

3.1.36.

Construción

Despois de cinco anos consecutivos de crecemento do sector da construción, a crise sanitaria ocasiona no ano 2020 unha forte contracción no conxunto da economía e en concreto no sector da construción, que sofre unha caída do VEB do 12,6% en Galicia e do 14,5% no conxunto do Estado, como consecuencia da caída nas ramas de edificación fronte ao incremento da obra civil.


O sector da construción en Galicia, segundo os datos da estimación das contas económicas trimestrais do IGE, xerou un VEB de 3.964,2 millóns de euros, o 6,7% do PIB galego no ano 2020; o que determina un emprego no sector de 67.876 postos de traballo equivalentes a tempo completo, o 7,3% do total. No conxunto do Estado o sector da construción representa o 5,7% do PIB e o emprego supón o 7% do total de postos de traballo a tempo completo.

Tal como se sinala no informe de seguimento e análise da construción do IGE, as medidas adoptadas para combater os efectos económicos da pandemia no em-

prego fan que existan diferenzas importantes entre os indicadores de emprego. As afiliacións á Seguridade Social e os ocupados da Enquisa de Poboación Activa (EPA) non reflicten adecuadamente o nivel de actividade no ano 2020, xa que os traballadores acollidos a Expedientes de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) así como os autónomos cunha prestación extraordinaria por cese de actividade, seguen contabilizándose nas afiliacións a Seguridade Social e considéranse persoas ocupadas na EPA se manteñen un vínculo formal coa empresa. Non obstante na definición no Sistema Europeo de Contas de posto de traballo exclúense estas persoas.

Os postos de traballo equivalentes a tempo completo no sector da construción sofren unha forte caída en 2020 tanto en Galicia como en España, -11,3% e -7,0% respectivamente, acadando en Galicia 67.876 postos de traballo, 8.648 menos que no ano anterior. A produtividade aparente do sector empeorou no ano 2020 un 1,4% debido a unha diminución maior da actividade (-12,6%) que do emprego (-11,3%).

O sector da construción 2018



Fonte: IGE

3.1.37.

As afiliacións á Seguridade Social (media mensual), malia que inclúen os traballadores en situación de ERTE ou de prestación por cese de actividade manifestan a perda de emprego pola crise sanitaria, así no conxunto do ano 2020 as afiliacións no sector reducíronse un 3,5%, despois de catro anos de incrementos. Os datos da EPA mostran un incremento na ocupación no sector en Galicia do 7,1% fronte á caída en España do 2,6%.

Tal como se sinalou anteriormente, a perda de VEB do sector concéntrase nas caídas experimentadas pola edificación residencial. En concreto dentro deste subsector as taxas de variación interanual negativas obsérvase nos indicadores de demanda, tanto na compravenda de vivendas como no número de hipotecas ou no desempeño de actividade residencial, fronte ao descenso nos indicadores de oferta.

Dende o punto de vista da oferta residencial, tanto as licenzas de obra concedidas polos concellos como os visados de obra rexistran en 2020 taxas superiores ás do ano anterior.

No que respecta aos visados de obra nova proporcionados polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (**cadro 3.1.38.**), que se poden tomar como un indicador adiantado da actividade no sector, ao longo de 2020 visáronse 1.842 edificios novos, un

4,4% máis que no ano anterior. A superficie total ascende a 1.193.937 metros cadrados, un 13% superior á de 2019; este incremento obsérvase tanto na superficie destinada a uso residencial (1,3%; 10.499 metros cadrados máis), pero, fundamentalmente, na superficie destinada a uso non residencial, en concreto a usos para servicios comerciais e almacéns, que multiplica por 5 a superficie respecto ao ano precedente: 441% e 204.345 metros cadrados máis.

No que respecta ás obras de reforma e/ou restauración, no ano 2020 reformáronse en Galicia un total de 1.250 vivendas, un 5,7% menos que no ano anterior (75 vivendas menos), o que representa o 5% do total estatal. Estas reformas contaron cun orzamento de 101 millóns de euros, o que supón un incremento do 9,6% en relación ao ano anterior.

A licitación de obra pública no ano 2020 caracterizouse por un aumento no seu importe total do 23,9%, o que contrasta co notable descenso do 20,1% rexistrado no conxunto do Estado. En termos nominais, a licitación pública acadou os 1.158,6 millóns de euros, 224 millóns de euros máis que en 2019.


Atendendo aos distintos niveis administrativos, só a Administración Autonómica incrementa o orzamento dedicado á licitación pública. A licitación pública por parte da

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2019-20: distribución segundo tipo de obra

Obra nova						
	Galicia			España		
	2019	2020	20/19 (%)	2019	2020	20/19 (%)
Total edificios	1.764	1.842	4,4	31.476	27.968	-11,1
Uso residencial	1.540	1.596	3,6	26.644	23.939	-10,2
Servicios comerciais	55	57	3,6	1.524	1.382	-9,3
Uso industrial	43	36	-16,3	475	390	-17,9
Outros	126	153	21,4	2.833	2.257	-20,3

Obras de ampliación						
	Galicia			España		
	2019	2020	20/19	2019	2020	20/19
Total edificios	184	236	28,3	3.658	3.686	0,8
Vivendas	107	142	32,7	2.570	2.804	9,1
Outros	77	94	22,1	1.088	882	-18,9

Obras de reforma e/ou restauración						
	Galicia			España		
	2019	2020	20/19	2019	2020	20/19
Total edificios	1.738	1.572	-9,6	34.818	30.018	-13,8
Vivendas	1.325	1.250	-5,7	28.364	25.076	-11,6
Outros	413	322	-22,0	6.454	4.942	-23,4



Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, *Obras en edificación*

Licitación pública en Galicia e España 2019-20⁽¹⁾: distribución segundo administracións

	2019		2020		20/19	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(en millóns de euros)				(%)	
Administración Xeral do Estado	289,2	6.334,5	281,1	3.315,0	-2,8	-47,7
Mº Transportes, Mov. e Ag. Urb. (2)	176,4	5.115,3	223,2	2.141,9	26,5	-58,1
Mº para a Transición Ecolóxica	68,7	410,3	2,1	369,5	-97,0	-9,9
Resto Admón. Xeral	44,1	808,9	55,9	803,6	26,6	-0,7
Administración Autonómica	303,7	5.990,2	551,1	5.012,3	81,5	-16,3
Administración Local	342,1	5.863,8	326,3	6.213,9	-4,6	6,0
Concellos	290,5	4.617,7	272,9	4.831,4	-6,1	4,6
Outras Administracións	51,5	1.246,1	53,4	1.382,5	3,7	10,9
Total licitación	935,0	18.188,6	1.158,6	14.541,1	23,9	-20,1

(1) 2020 datos provisionais

(2) No 2019 Ministerio de Fomento

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.1.39.

Licitación pública 2019-20: distribución segundo administración e tipo de obra

2019						
	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
(en millóns de euros)						
Total	289,24	303,69	342,05	287,61	647,36	934,97
A Coruña	121,53	144,59	124,62	110,95	279,78	390,73
Lugo	41,14	40,99	57,97	44,49	95,61	140,10
Ourense	26,11	31,52	29,78	48,15	39,26	87,41
Pontevedra	58,88	86,59	129,68	83,87	191,28	275,15
Sin rexionalizar	41,58	-	-	0,15	41,43	41,58

2020						
	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
(en millóns de euros)						
Total	281,14	551,14	272,86	508,55	650,01	1.158,56
A Coruña	97,00	152,17	156,81	138,68	267,30	405,98
Lugo	105,55	49,30	40,76	28,09	167,52	195,61
Ourense	9,59	19,29	28,81	14,49	43,20	57,69
Pontevedra	65,68	330,38	99,91	327,21	168,75	495,96
Sin rexionalizar	3,32	-	53,43	0,08	3,24	3,32

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*


3.1.40.

Administración Xeral do Estado (AXE), redúcese un 2,8% respecto ao ano anterior, acadando os 281,1 millóns de euros (24,3% da licitación total en Galicia). Como mostra o **cadro 3.1.39.**, o investimento do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana sitúase en 223,2 millóns de euros no ano 2020 (26,5% máis que en 2019),

acadando a licitación pública do Ministerio de Transición Ecolóxica os 2,1 millóns de euros (un 97% menos que no ano anterior) e os 55,9 millóns de euros a do resto dos ministerios (26,6% máis que en 2019).

A licitación pública da Administración Autonómica des-

Licitación oficial de Galicia por tipo de obra 2010-20



Fonte: SEOPAN

3.1.41.

cente no último ano un 9,8% para acadar os 303,7 millóns de euros, o que representa o 32,5% da licitación pública total en Galicia. Ao mesmo tempo, a licitación da Administración Local redúcese un 15,3% no último ano para situarse nos 342,1 millóns de euros, o 36,6% do total.

A provincia con maior volume de licitación de obra pública no ano é Pontevedra con 496 millóns de euros, o 42,8% da licitación total de Galicia. Séguelle A Coruña, con 4062 millóns (35%); Lugo con 195,6 millóns de euros (16,9%); e por último Ourense, con 57,7 millóns de euros (5%). Ourense é a única provincia que presenta unha redución da licitación pública en relación ao ano anterior (34% menos).

No concernente á desagregación da licitación segundo tipos de obra, no ano 2020 aumenta tanto a licitación en edificación como en obra civil. A licitación en obra civil situouse en 650 millóns de euros, 2,65 millóns máis que no ano anterior, (aumento do 0,4% en relación ao ano anterior), o que supón o 56% do total galego. A licitación en edificación aumenta un 76,8% en relación ao ano anterior, acadando os 508,5 millóns de euros (220,9 millóns máis que en 2019). En termos monetarios, A Coruña lidera a licitación no caso da obra civil (267,3 millóns de euros) e Pontevedra na edificación (327,2 millóns de euros).

Os datos máis negativos do sector da construción no ano 2020, tal como se sinalou anteriormente, prodúcese nos indicadores de demanda.

O principal indicador de demanda, a compravenda de vivendas (**cadro 3.1.42.**), mostra que no ano 2020 o número de compravendas efectuadas sobre vivendas da “*Estadística de transmisiones de derechos de la propiedad*” do INE acada unha diminución do 12,9%, 16,4 puntos menos que no ano 2019 (3,6%). Unha caída en todo caso inferior á rexistrada de media no conxunto do Estado (17,7%). En 2020 rexistráronse en Galicia 14.907 transaccións, o que supón o 3,6% do total estatal, un descenso de 2.201 transacción, que dende un punto de vista provincial é común ás catro provincias galegas, con caídas do 13,9%, 21,8%, 11% e 9% na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra respectivamente.

Os datos de compravenda de vivendas da “*Estadística Registral Inmobiliaria*” do Colegio de registradores indican un descenso do 11,0%, o que supuxo unha caída de 13,9 puntos respecto ao ano 2019 (2,8%). As dúas estatísticas apuntan a un forte retroceso, tanto en Galicia como a nivel estatal, máis acusado no segundo trimestre (con caídas en torno ao 40%) polo peche das actividades non esenciais.

É a compravenda de vivenda usada a principal compoñente no empeoramento do conxunto, así, segundo o

Compravenda de vivendas en Galicia e España 2008-20 ⁽¹⁾

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
2008	26.590	11.654	3.904	3.079	7.953	552.080
2009	21.292	9.380	2.955	2.361	6.596	413.393
2010	22.570	10.344	3.119	2.728	6.379	439.591
2011	16.437	7.295	2.299	1.944	4.899	359.824
2012	14.534	6.597	1.820	1.634	4.483	318.534
2013	12.568	5.286	2.047	1.365	3.870	312.593
2014	11.966	5.126	1.914	1.163	3.763	318.830
2015	12.537	5.383	1.929	1.235	3.990	355.556
2016	13.431	6.022	1.802	1.408	4.199	405.385
2017	14.672	6.364	1.769	1.535	5.004	467.644
2018	16.516	7.252	1.993	1.761	5.510	517.984
2019	17.108	8.060	1.842	1.676	5.530	505.467
2020	14.907	6.941	1.440	1.492	5.034	415.748
20/19	-2.201	-1.119	-402	-184	-496	-89.719
20/08	-11.683	-4.713	-2.464	-1.587	-2.919	-136.332

(1) datos 2020 son provisionais

Fonte: INE, *Estadística de transmisión de derechos de la propiedad*

3.1.42.

INE, as compravendas de vivenda usada, o 72,1% do total, decreceron un 13,5%, e compravenda de vivenda nova caeu en 2020 un 10,4%.

Outro indicador no ámbito da demanda de vivenda é o número de hipotecas constituídas. Partindo dos datos da *Estadística de hipotecas* do INE, temos en conta o número de hipotecas novas constituídas sobre vivendas no ano 2020, para o que eliminamos do cómputo total de hipotecas aquelas que modificaron as súas condicións pero que non son en si mesmas hipotecas novas. Os datos do INE amosan un descenso do número de hipotecas constituídas sobre vivendas aínda que aumenta o seu importe medio.

O **cadro 3.1.43.** reflicte que despois de seis anos con incrementos, en 2020, tras unha redución do 7,8%, constituíronse un total de 9.698 hipotecas novas sobre vivendas, caída moi inferior á rexistrada no conxunto de España (16,6%), aumentando en tres décimas o peso relativo no total estatal ata o 3,6%. Por tanto o número de hipotecas novas sobre vivendas é moi inferior ás compravendas rexistradas, o que é indicativo dun cambio na forma de financiar a compra de vivenda.

O importe medio das hipotecas novas sobre vivendas en Galicia foi no ano 2020 de 117.900 euros, o 70,3% do importe medio nacional. Con respecto ao ano anterior o importe medio creceu un 10,3%, mentres que en España este importe medio medrou un 18,9%

Os prezos da vivenda, publicados polo Ministerio, rexistraron en 2020 un descenso en Galicia do 0,1%, 0,9 puntos por debaixo da taxa do ano anterior (0,8%). Este descenso é debido á caída dos prezos no segundo trimestre, mentres que nos outros trimestres as taxas son positivas; no conxunto do Estado, os prezos están a caer desde o segundo trimestre. O indicador do INE sobre prezos da vivenda reflicte un aumento medio de prezos en 2020 do 2,2%, 1,8 puntos inferior ao promedio de 2019 (4,0%).

Finalmente, dentro dos indicadores de accesibilidade á vivenda, publicados polo IGE, o esforzo que un asalariado ten de realizar anualmente para facer fronte ás súas obrigas coa entidade financeira –porcentaxe de salario dedicado á cota da hipoteca– descende ata situarse no 24,3%, 1,5 puntos porcentuais menos que no ano anterior, acadando o nivel máis baixo da serie histórica (1993-2020).

Hipotecas en vivenda (sen cambios nas condicións) en Galicia e España 2019-20

	Hipotecas novas (sen cambios nas condicións)			Importe medio		
	2019	2020	20/19	2019	2020	20/19
	(en miles de euros)					
Galicia	10.522	9.698	-7,8	106,9	117,9	10,3
España	321.748	268.497	-16,6	141,1	167,7	18,9
Galicia / España (%)	3,3	3,6		75,8	70,3	

Fonte: INE, *Estadística de hipotecas*

3.1.43.

Tipo medio dos préstamos hipotecarios 2009-20

	Interbancarios		Tipo medio préstamos hipotecarios Adquisición de vivenda libre	
	Mibor a un ano	Euribor a un ano	A máis de 3 anos Entid. de crédito España	Entre 1 e 5 anos Entid. de crédito Zona euro
	(medias anuais)			
2009	1,618	1,618	3,439	-
2010	1,350	1,350	2,770	-
2011	2,029	2,006	3,383	-
2012	1,111	1,111	3,416	-
2013	0,536	0,536	3,353	3,093
2014	0,477	0,476	3,004	2,818
2015	0,168	0,169	2,212	2,374
2016	-0,034	-0,034	1,952	2,053
2017	-0,145	-0,145	1,910	1,910
2018	-0,173	-0,173	1,921	1,844
2019	-0,215	-0,215	1,935	1,730
2020	-0,303	-0,303	1,727	1,573

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

3.1.44.

O prezo adquirible definido como o prezo máximo que se pode permitir pagar o asalariado medio por unha vivenda estándar para que non teña que dedicar máis dun terzo do seu salario anual ao pago da cota anual correspondente a un préstamo hipotecario medio polo 80% do prezo da vivenda é no ano 2020 en Galicia de 165 mil euros, dez mil euros máis que en 2019

e o salario anual medio do traballador, que se sitúa en 5,7 anos, é dicir, necesita case seis anos de salario íntegro para poder comprar unha vivenda estándar sen financiamento (5,8 anos en 2019 e 8,4 anos en 2008).

...

A mellora na accesibilidade tamén se reflicte no descenso do cociente entre o prezo medio dunha vivenda


Distribución porcentual do VEB do sector servizos por comarcas. 2018



Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir do IGE.

3.1.mapa 5.

VEB e emprego nos servizos (1) (2)



(1) VEB pm, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 8-03-2021)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*.

3.1.45.

Sector servizos

Os principais indicadores de actividade, VEB, cifra de negocios e ocupación mostran de xeito inequívoco os efectos da crise sanitaria sobre o sector servizos.

No ano 2020 o VEB do sector servizos redúcese nun 8,1% de media en termos reais, 10,8 puntos porcentuais menos no ano anterior, unha caída sen precedentes que, sen embargo, é inferior ao descenso medio na economía galega.

Todas as principais ramas de actividade do sector servizos, agás a de “Administración pública, sanidade e educación”, rexistran no ano 2020 caídas do seu VEB medido en base aos índices de volume encadeados, datos corrixidos da estacionalidade e o calendario; estas caídas son especialmente relevantes nas ramas de “comercio, transporte e hostalería” cunha perda do 19,5%, 23,1 puntos porcentuais menos que en 2019, seguida da rama de “Actividades artísticas, recreativas e outros servizos” cunha caída do 18% e das “actividades profesionais” cunha caída do 9,3%, 13,4 puntos porcentuais de crecemento menos que en 2019. Fronte a estes descensos xeneralizados, a rama de “Adminis-


tración pública, sanidade e educación” reporta un crecemento do 1,6%, inferior en todo caso ao 3% rexistrado por esta actividade no ano 2019.

As limitacións impostas a determinadas actividades do sector servizos pola necesidade de facer fronte á pandemia afectaron especialmente ao sector da hostalería e comercio, polo que dos case 2.700 millóns de euros de perdas no sector servizos en Galicia no ano 2020, o 95% das mesmas concéntrase na dita rama de actividade.

En termos monetarios, o valor engadido bruto do sector servizos ascendeu a 37.638,8 millóns de euros, o que representa o 69,9% do VEB galego (64,3% no caso do PIB). No conxunto do Estado estas porcentaxes ascenden ata o 74% e 67,5%, respectivamente. Segundo as contas económicas trimestrais, Galicia xera o 3,7% do valor engadido bruto total do sector no conxunto do Estado.

Os indicadores de actividade do sector servizos proporcionan información da evolución no curto prazo da ac-

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2018



Fonte: IGE, Contas económicas de Galicia.

3.1.46.

Índice de cifra de negocios por sectores de actividade 2008-20

	2008	2013	2018	2019	2020
	(%)				
Xeral	-1,5	-2,6	5,0	4,2	-13,6
Comercio	-1,9	-2,4	5,5	3,0	-15,6
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	-16,4	-0,3	8,5	-4,3	-13,0
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	0,9	-2,2	6,5	4,0	-19,7
Comercio a retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-1,2	-3,4	2,4	1,8	-3,7
Outros servizos	-0,1	-3,0	3,5	8,3	-7,5
Transporte e almacenamento	-1,2	-1,2	3,2	15,4	12,0
Hostalería	-1,6	-3,8	-1,5	5,5	-47,9
Información e comunicacións	1,1	-8,8	0,0	0,5	1,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	6,7	-4,8	6,3	4,2	-0,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	-4,2	4,5	12,5	4,5	-30,3

(1) Base 2015. Tasas de variación da media do que vai de ano
Fonte: IGE, Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos.

3.1.47.

tividade das empresas do sector. Tal como se indica no informe de indicadores de actividade do sector servizos publicado polo IGE en base aos microdatos sobre estes indicadores subministrados polo INE, observamos como (**cadro 3.1.47.**) o índice xeral para o conxunto do ano 2020 diminúe un 13,6% en Galicia, unha perda de 17,8 puntos porcentuais en relación ao ano anterior, e un 15,6% no conxunto do Estado. Esta caída indica unha redución nos importes facturados polas empresas pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico das empresas do sector, incluídos os realizados por subcontratación.

O comercio diminúe un 15,6% en Galicia e un 11,9% en España. Nos “Outros servizos” redúcese a facturación en Galicia un 7,5% e en España un 22,2%.

Hostalería e actividades administrativas e servizos auxiliares son as ramas con maiores caídas, en media, no ano 2020 tanto en Galicia como en España. A cifra de negocio na hostalería redúcese un 47,9% en Galicia e un 51,4% no conxunto do Estado. As actividades administrativas e servizos auxiliares rexistran taxas de -30,3% e -30,6% respectivamente.

En senso contrario, as ramas de Transporte e Información e comunicacións incrementan a súa facturación en Galicia no ano 2020, 12% e 1% respectivamente. No

conxunto do Estado, todas as ramas de actividade rexistran taxas negativas na media do ano.

A caída no índice de cifras de negocios do comercio (-13,6% en termos interanuais), ven motivada pola caída nas tres ramas que engloban as distintas actividades que o integran, isto é, diminúen os importes facturados na venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (-13%), e redúcense tamén os importes facturados tanto no comercio ao retalho como no comercio por xunto e intermediarios do comercio (-3,7% e -19,7%, respectivamente).

No que respecta a “outros servizos”, a cifra de negocios presenta unha caída do 7,5%. No ano 2020, das cinco ramas de actividade que compoñen “outros servizos” tres presenta caídas no importe da facturación, unha reduce o seu ritmo de crecemento aínda que seguen presentando taxas positivas de variación interanual, e a última presenta incrementos de facturación en relación a 2019. En concreto as ramas de Hostalería (-47,9%), Actividades administrativas e servizos auxiliares (-30,3%) e Actividades profesionais, científicas e técnicas (-0,4%) presentan taxas interanuais de variación negativas; a rama de Transporte e almacenamento rexistra un incremento do 12% na cifra de negocio, sendo este o incremento maior do sector servizos, aínda que 3,4 puntos porcentuais inferior ao rexistrado

no ano 2019. Finalmente, as ramas de información e comunicacións presentan no ano 2020 unha taxa interanual positiva do 1%, o dobre da rexistrada no ano anterior.

A caída na actividade no sector servizos reflíctese nunha redución do número de postos de traballo equivalente a tempo completo. O emprego no sector cae en Galicia un 8,7% no último ano, fronte ao crecemento do 1,1% do ano anterior, rexistrándose taxas de variación interanuais negativas en todas as ramas de actividade, agás na rama de información e comunicacións que, igual que acontecía coa súa facturación, mellora levemente o seu nivel de ocupación nun 0,4% en relación ao ano anterior.

As maiores perdas de emprego, en termos relativos e en base a postos de traballo equivalentes a tempo completo, prodúcense nas actividades de comercio, transporte e hostalería (-15,3%) e nas ramas de actividades artísticas, recreativas e outros servizos (-10,1%).

Os efectos da paralización da actividade económica obsérvanse tamén na evolución da poboación ocupada estimada pola Enquisa de Poboación Activa. En termos absolutos, a ocupación no conxunto do sector servizos diminuíu en 31.200 persoas, das que o 52,6% son mulleres. Atendendo á súa distribución segundo ramas de actividade, salienta a perda de ocupación estimada na gran maioría de ramas de actividade, sendo só salientable en termos cuantitativos o incremento de 3.300 persoas ocupadas na rama de Educación (CNAE 85), un aumento que se caracteriza por ser integramente composto de mulleres (3.600 mulleres ocupadas máis nesta rama de actividade no último ano).

No outro extremo destacamos as perdas de ocupación nas ramas de Hostalería (CNAE 55, 56) con 10.700 persoas ocupadas menos (67% mulleres), Comercio por xunto e ao retallo, reparación de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 45-47) con 8.900 persoas ocupadas menos, ou as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (CNAE 58-82), con 8.300 persoas ocupadas menos que no ano anterior.

Tras unha caída do 4% na poboación ocupada estimada polo EPA no sector servizos, un punto máis que no conxunto do Estado, e moi por encima da caída media do emprego en Galicia (1,9%), no ano 2020 había un total de 747.700 persoas ocupadas estimadas no sector servizos, o que representa o 69,6% do emprego en Galicia. Por ramas de actividade, salienta por número de persoas ocupadas o subsector do comercio e reparación de vehículos de motor, con 161.500 persoas, o 21,6% do emprego no sector, o das actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais con 144.100 persoas ocupadas (19,3%), ou as actividades sanitarias e servizos sociais, con 105.900 persoas (14,2%).


Finalmente, cómpre resaltar o elevado grado de feminización do sector terciario. No ano 2020, o 83,9% das mulleres ocupadas en Galicia traballan no sector servizos, sendo esta porcentaxe do 56,9% entre os homes. Atendendo ao comportamento nos distintos subsectores, o maior diferencial atópase no caso das actividades sanitarias e de servizos sociais, xa que o 16,4% das mulleres traballan nestas actividades fronte a o 4% dos homes, por diante da educación (9,7% das mulleres e o 4,1% dos homes) e da hostalería (8,1% e 5,4%, respectivamente).

Comercio

No ano 2020 o escenario macroeconómico de Galicia reflicte unha caída do 11,3% no gasto en consumo final dos fogares, unha situación que se prevé reverta cara a taxas positivas en torno ao 8% no ano 2021, incorporando para estas previsións as medidas para a reactivación económica incluídas nos orzamentos de 2021. As medidas para facer fronte á pandemia de covid-19 limitaron o acceso á oferta comercial aos consumidores, que non só se viron obrigados a reducir o consumo de determinados bens, senón que reorientaron os seus hábitos de compra.

Multitude de estudos advirten sobre a necesidade de adaptar o comercio e axustar a súa oferta a un consumidor post-covid, que será máis dixital e no curto prazo cunhas decisións de consumo afectadas polo descoñe-

Comercio interior minorista 2008-20: índices de vendas e ocupación (1)



(1) Empresas incluídas na división 47 da CNAE-2009 Comercio ao retalho, excepto de vehículos de motor e motocicletas
 Fonte: INE, Índice de comercio al por menor

3.1.48.

cemento e incertidume pola duración da crise sanitaria e os efectos posteriores sobre o emprego.

A forte caída no consumo favorece que o índice xeral de vendas ao retalho, medido en prezos constantes, presente no último ano unha taxa de variación interanual negativa do 2,5%, 4,9 puntos menos que no ano anterior. Esta caída sen embargo, mantense por baixo da rexistrada no conxunto do Estado, que se sitúa no -6,8%. Tal como se aprecia no **cadro 3.1.48.**, o índice de ocupación presenta unha redución do 1,4% respecto ao ano anterior, un punto porcentual menos que no conxunto do Estado.

O número de establecementos de comercio ao retalho

en Galicia a 1 de xaneiro de 2020, sen incluír por tanto o efecto da pandemia, contabilizados a partir do Directorio central de empresas do INE, foi de 34.203 locais, sendo a súa importancia relativa no total galego do 15,1%, e o número de empresas ascende a 26.933, o que representa o 13,6% do total galego. No conxunto do Estado este sector concentra o 14,1% dos locais e o 12,8% das empresas.

Atendendo á desagregación segundo actividade, cómpre resaltar a importancia dos establecementos de comercio polo miúdo doutros artigos en establecementos especializados con 11.805 locais (5,2% do total de Galicia), do comercio polo miúdo doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados con

Comercio minorista en Galicia e España 2019-20: principais indicadores

	Empresas (1)			Locais (1)		
	2019	2020	20/19	2019	2020	20/19
Galicia	28.156	26.933	-1.223	35.665	34.203	-1.462
España	443.418	435.836	-7.582	559.301	550.310	-8.991

(1) datos a partir de INE, *Directorio central de empresas* (datos a 1 de xaneiro de cada ano)

Fonte: INE, Explotación estadística do directorio central de emresas. DIRCE

3.1.49.

6.257 locais (2,8% do total de Galicia), así como as actividades de comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados, con 5.703 locais (2,5% do total de Galicia). En termos do número de empresas o subsector máis importante é o de comercio polo miúdo doutros artigos en establecementos especializados, con 9.253, o 4,7% do total de Galicia, seguido dos produtos alimenticios en establecementos especializados, con 4.939, o 2,5% do total galego.

Por outra banda, a 1 de xaneiro de 2020 en Galicia había un total de 6.238 establecementos dedicados á venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 45) e 15.808 locais dedicados ao comercio por xunto e intermediarios de comercio (CNAE 46), o que representa o 2,7% e 7%, do total galego respectivamente. En termos de número de empresas, o Dirce reflicte que hai un total de 13.229 empresas dedicadas ao comercio por xunto e intermediarios de comercio (o 6,7% das empresas) e 5.087 empresas no ámbito da venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (2,6%).

En termos de emprego, tal como recolle o **cadro 2.1.7. [Afiliações á Seguridade Social 2019-20: distribución segundo principais ramas de actividade]**, a actividade de comercio ao retalho, agás vehículos de motor e motocicletas (CNAE 47), segue a ser con diferenza a que acolle un maior número de afiliacións á S.S., con 104.476 persoas afiliadas no ano 2020, o 10,5% do total, o que supón un 2% menos que as rexistradas no ano anterior. En sétimo lugar en termos de afiliacións atópase a acti-

vidade de Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 46), con 47.605 afiliacións, o 4,8% do total de Galicia. O comercio ao retalho é a terceira rama de actividade cun maior descenso de afiliacións en termos absolutos no ano 2020 cunha perda de 2.173 afiliados.

Finalmente destacar que no que respecta a distribución da afiliación por réximes de cotización, o 28,8% do total de afiliados na actividade de comercio ao retalho pertencen ao réxime especial de autónomos, sendo esta porcentaxe do 25% no caso do comercio por xunto (20,8% no conxunto de Galicia).

Turismo

Previo a analizar os datos estatísticos que mostran a evolución do sector turístico durante o ano 2020, hai que ter en conta, tal como se sinala dende que IGE, que a entrada en vigor da Orde SND/257/2020 do 19 de marzo, motivou a suspensión de apertura ao público de todos os aloxamentos turísticos, quedando paralizada a actividade turística a partir do 26 de marzo.

Como a recollida de información realizouse durante a primeira quincena do mes de abril, cos establecementos pechados ao público, a taxa de resposta foi máis baixa do habitual.

Durante o mes de abril, a actividade turística nos aloxamentos turísticos foi nula, debido ao peche deste tipo de establecementos ao público en xeral determinado polo estado de alarma.

Viaxeiros, pernoitas e estadia media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2019-20 ⁽¹⁾

2019

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadia media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	4.453.964	3.200.130	1.253.835	8.993.652	6.799.648	2.194.004	2,02
A Coruña	1.937.475	1.284.971	652.504	3.686.239	2.532.791	1.153.448	1,90
Lugo	648.479	478.802	169.678	1.134.658	908.739	225.919	1,75
Ourense	359.906	317.833	42.073	678.445	588.069	90.376	1,89
Pontevedra	1.508.104	1.118.524	389.580	3.494.310	2.770.049	724.261	2,32
España	108.716.046	52.734.187	55.981.859	342.995.595	119.609.239	223.386.356	3,15

2020

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadia media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	1.651.948	1.457.719	194.229	3.502.759	3.072.228	430.531	2,12
A Coruña	670.331	575.361	94.970	1.377.826	1.169.878	207.948	2,06
Lugo	225.138	209.363	15.775	404.309	374.120	30.189	1,80
Ourense	171.414	157.435	13.979	326.274	292.531	33.743	1,90
Pontevedra	585.065	515.560	69.505	1.394.350	1.235.699	158.651	2,38
España	34.348.640	23.543.261	10.805.378	91.655.455	50.747.252	40.908.203	2,67

(1) datos 2020 son provisionais

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.1.50.

Desde o día 11 de maio e de acordo coa Orde SND/399/2020, os hoteis e aloxamentos turísticos puíéronse abrir ao público, con certas restricións a medida que os territorios nos que están situados alcanzaban, polo menos, a fase 1 do plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Durante o mes de maio, e debido ao escaso número de aloxamentos abertos, reduciuse a cantidade de información, polo que só se difunden datos a nivel nacional e por comunidade autónoma.


A crise sanitaria da covid-19 golpeou de xeito especialmente virulento ao sector turístico, como consecuencia tanto da caída da demanda como polas medidas impostas, tanto dentro do país como nos mercados emisores. Como consecuencia, o número de turistas rexistrados nos establecementos hoteleiros de Galicia (Enquisa de ocupación hoteleira INE) caeu de media no ano 2020 un 62,9% respecto ao ano anterior, 5,5 puntos porcentuais menos que a caída media no conxunto

do Estado (-68,4%). Tras esta evolución, o número de turistas foi de 1.651.948 persoas, 2,8 millóns menos que no ano anterior, o 4,8% do número de turistas a nivel estatal, sete décimas máis que no ano anterior.

O colapso do turismo e do número de viaxeiros prodúcese tanto nos viaxeiros residentes en España como nos non residentes. En termos absolutos, no último ano rexistráronse en Galicia 2.802.016 turistas menos que en 2019, dos que 1.742.411 son residentes en España (54,4% menos que no ano anterior) e 1.059.606 son residentes no estranxeiro (84,5% menos). No ano 2020 o reducido turismo recibido foi fundamentalmente nacional, así o 88,2% dos viaxeiros que visitaron Galicia eran residentes en España (1.457.719 persoas) e só o 11,8% restante foron viaxeiros residentes no estranxeiro (194.229 persoas).

Todas as provincias presentan en 2020 caídas moi importantes no número de viaxeiros, en torno a un 65% menos na Coruña e Lugo, un 61% de caída en Ponte-

Viaxeiros e pernoctacións 2010-20: taxa de variación e distribución segundo orixe



(1) datos 2020 son provisionais

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.1.51.

vedra e un 52% en Ourense. A provincia da Coruña segue a ser a que acolle o maior número de viaxeiros, con 670.331 persoas, 1,3 millóns de persoas menos que en 2019, seguida de Pontevedra, con 585.065 viaxeiros, con 923 mil viaxeiros menos que no ano anterior.

En paralelo á paralización de entrada de viaxeiros sobre todo a partir de marzo de 2020, rexístrase a perda no número de pernoitas en establecementos hoteleiros. As pernoitas rexistradas diminuíron en Galicia un 61,1% respecto aos datos do ano precedente (73,3% no conxunto do Estado) acadando as 3,5 millóns, 5,5 millóns de pernoitas menos que no ano anterior.

A forte caída tanto no número de viaxeiros como de pernoitas implica unha estabilización na estadía media nos establecementos hoteleiros galegos en 2020 que se mantén nos 2,1 días, cifra sensiblemente inferior á rexistrada no conxunto do Estado (2,7 días). O maior descenso porcentual de viaxeiros estranxeiros que nas súas pernoitas favorece un leve aumento na estadía media destes viaxeiros ata os 2,22 días, en tanto que a rexistrada no caso dos viaxeiros residentes en España ascende a 2,11 días. A estadía media dos turistas estranxeiros no conxunto do Estado foi de 3,79 días e a

dos viaxeiros españois, de 2,16 días. Ao igual que acontecera en anos anteriores, as catro provincias galegas presentan estadías medias inferiores á media estatal, tanto para non residentes como para residentes, agás na provincia de Pontevedra, onde se rexistra unha estadía para residentes superior á estatal (2,4 fronte a 2,16 en España).

A marcada estacionalidade que se observaba ano tras ano no sector turístico veuse este ano modificada polo efecto das restricións derivadas das diferentes ondas do virus. Así observamos a forte caída na ocupación no mes de marzo derivada do peche e das limitacións estritas da mobilidade, para aumentar de xeito lento ata o máximo anual que se rexistrou no mes de agosto. Os repuntes de contaxios e incidencia derivados das distintas fases de apertura nas CCAA provocaron a implementación de medidas que limitaban ou restrinxían a apertura dos establecementos hoteleiros, así como peches perimetrais tanto a nivel de concellos, provincias e CCAA que determinaban o grao de ocupación dos mesmos.


Por todo o sinalado, e tal como se reflicte no **cadro 3.1.52.**, o grao máximo de ocupación hoteleira por praza en Galicia no ano 2020 foi do 44,6% e rexistrouse

Grao de ocupación e estadia media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2019-20 ⁽¹⁾


	Galicia			Estadía media
	Grao de ocupación por praza			
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	
2019	40,5	67,4	21,4	2,02
2020	23,7	44,6	0,0	2,12

	España			Estadía media
	Grao de ocupación por praza			
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	
2019	60,1	76,9	45,1	3,15
2020	33,7	51,0	0,0	2,67

Estadia media mensual



Grao de ocupación mensual



(1) datos 2020 son provisionais

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.1.52.

no mes de agosto, e o mínimo, do 0%, no mes de marzo co peche de todos os establecementos. Para o conxunto de España, estas porcentaxes acadan o 51% en febreiro previo á declaración do estado de alarma e o 0% en marzo. No conxunto do ano, o grao de ocupación hoteleira por praza redúcese en Galicia 16,8 puntos porcentuais respecto ao ano anterior, para situarse no 23,7%, porcentaxe que se mantén por debaixo da media estatal, que se sitúa no 33,7%, 26,4 puntos porcentuais menos que en 2019.

Os dous primeiros meses de 2020, o grao de ocupación aumenta tanto en Galicia como en España, pero a partir do mes de marzo este descende de xeito rotundo acadando caídas de máis de 20 puntos porcentuais en Galicia dende marzo ata decembro, salientando a caída do mes de marzo con 37,2 puntos porcentuais menos.

A evolución dos prezos recibidos polas empresas estúdase a partir do índice de prezos hoteleiros (IPH), que ten en conta as tarifas que aplican a todos os seus clien-

Turismo rural en Galicia e España 2019-20 ⁽¹⁾: principais indicadores

	2019		2020		20/19	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Nº aloxamentos rurais abertos ⁽²⁾	449	17.145	278	11.668	-171	-5.477
Viaxeiros	227.377	4.421.371	77.582	2.070.637	-149.795	-2.350.734
residentes en España	155.819	3.533.544	71.917	1.888.639	-83.902	-1.644.905
residentes no estranxeiro	71.558	887.827	5.665	181.998	-65.893	-705.829
Pernoitas	426.988	11.726.034	182.100	6.282.936	-244.888	-5.443.098
residentes en España	314.392	8.521.062	170.655	5.559.402	-143.737	-2.961.660
residentes no estranxeiro	112.596	3.204.972	11.445	723.534	-101.151	-2.481.438
Grao de ocupación por praza	(%)					
media	19,7	19,2	13,7	15,4		
fin de semana	29,0	32,7	20,6	23,7		
Estadía media (en días)	1,88	2,65	2,35	3,03		

(1) datos 2019 son definitivos e 2020 son provisionais

(2) Media ponderada dos doce meses do ano.

Fonte: INE, Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural

3.1.53.

tes, isto é, a fogares, empresas, touroperadores e axencias de viaxes. Por primeira vez dende o ano 2014, Galicia rexistra unha taxa media ponderada do IPH interanual negativa, cunha caída no ano 2020 do 5% (dato provisional). Este índice cae en todas as CC.AA. agás Aragón (0,4%), sendo a caída media no conxunto do Estado do 6%.

A rendibilidade das actividades hoteleiras valórase a partir da análise de dous indicadores de rendibilidade do sector, como son a tarifa media diaria e os ingresos por habitación dispoñible.

Dunha banda, a tarifa media diaria mide os ingresos medios obtidos por habitación ocupada diariamente. Galicia rexistra no ano 2020 (dato provisional) unha tarifa media de 55,3 euros, un 4% menos que no ano anterior; situándose como a terceira CCAA cunha tarifa máis reducida só por diante de Castela e León e Castela- A Mancha. No conxunto do Estado a tarifa media descende un 11,3% en relación ao ano anterior, ascendendo o ingreso medio diario a 81 euros.

O ingreso medio por habitación dispoñible redúcese no ano 2020 en Galicia un 42,9%, ata os 15,3 euros nominais en Galicia, lonxe dos 31,4 euros en España, e o ter-

ceiro máis reducido do Estado, só por detrás de Castela- A Mancha e Extremadura.

Finalmente compre analizar o chamado turismo extra-hoteleiro, que integra ao o turismo rural e ás vivendas de uso turístico (VUT), entendidas estas últimas como vivendas cedidas a terceiras persoas, de xeito reiterado e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración (inferior a trinta días consecutivos), amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características establecidas por vía regulamentaria, coa peculiaridade de que poida ser ofertado por particulares na súa propia vivenda.

Ao igual que acontece no ámbito do turismo hoteleiro, o turismo rural no ano 2020 en Galicia presenta unha evolución marcadamente negativa. Galicia presenta unha caída do 66% no número de viaxeiros neste tipo de aloxamentos acadando os 77.582 viaxeiros, 149.795 menos que no ano anterior (**cadro 3.1.53.**). De xeito paralelo, o número de pernoitas cae un 57%, rexistrándose 182.100, o que supón 244.888 pernoitas menos que en 2019.

No conxunto do Estado o número de viaxeiros de turismo rural redúcese de media nun 53% e as pernoitas

Vivendas de uso turístico 2019-20

2019			
	Establecementos	Cuartos	Prazas
Galicia	7.643	22.006	38.583
A Coruña	2.811	8.081	14.545
Lugo	988	2.895	4.568
Ourense	210	635	1.166
Pontevedra	3.634	10.395	18.304
2020			
	Establecementos	Cuartos	Prazas
Galicia	9.872	28.304	50.134
A Coruña	3.714	10.688	19.517
Lugo	1.277	3.739	6.074
Ourense	362	1.044	1.942
Pontevedra	4.519	12.833	22.601
Galicia 20/19	29,2	28,6	29,9

Fonte: IGE

3.1.54.

nun 46%, polo que o peso relativo da actividade en Galicia en comparación coa media española cae ata o 3,7% no caso dos viaxeiros (5,1% no ano anterior), e ata o 2,9% no caso das pernoitas, sete décimas menos que o peso relativo das mesmas no ano 2019.

A caída no número de turistas esténdese ás persoas residentes en España ou no estranxeiro, con caídas próximas aos 84 mil e 66 mil viaxeiros respectivamente, o que en termos relativos indica perdas do 54% e 92% en relación aos viaxeiros en aloxamentos de turismo rural rexistrados en Galicia no ano 2019.

A caída do turismo non residente en aloxamentos de turismo rural de media no conxunto do Estado foi do 79,5%, inferior á caída media en Galicia, o que supón que o peso do turismo estranxeiro en Galicia sobre o total de viaxeiros nos establecementos de turismo rural sexa, por primeira vez, inferior á media estatal cun 7,3% fronte ao 8,8% no conxunto do Estado.

No último ano o número medio de establecementos de turismo rural redúcese en Galicia ata os 278 establecementos, 171 menos que no ano anterior. Esta redución tradúcese nunha caída moi importante do número de prazas estimadas, que se sitúa en 3.585, un 38,4% menos

que no ano anterior (2.236 prazas menos). Tendo en conta a menor redución rexistrada en España (33,4%), Galicia acolle o 2,4% dos establecementos e o 3,2% das prazas totais estimadas, porcentaxes inferiores ás do ano anterior (2,6% dos establecementos e o 3,5% das prazas).

O grao de ocupación medio por praza en establecementos de turismo rural ascendeu en Galicia no ano 2020 ata o 13,7%, seis puntos inferior á do ano anterior (19,7%), sendo inferior á rexistrada de media en España (15,4%). Na fin de semana o grao de ocupación por praza acada o 20,6% na Comunidade Autónoma e o 23,7% no conxunto do Estado (29% e 32,7% en 2019). A estadía media nos establecementos aumenta en 2020 situándose en 2,35 días en Galicia e 3,03 días da media no conxunto do Estado.

As vivendas de uso turístico estanse a converter nun referente indispensable á hora de analizar o sector turístico. Os datos do rexistro de empresas e actividades turísticas (REAT) reflicten un forte aumento no número e prazas de vivendas de uso turístico en Galicia no ano 2020. Segundo o REAT, Galicia contaba en 2020 con 9.872 establecementos, o que supón máis do 70% dos establecementos rexistrados. O número total de habitacións ascende ata as 28.304 (o 31,5% do total galego)

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2019-20

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2019	2020	20/19	2019	2020	20/19
	(en miles de tm.)		(%)	(en miles de persoas)		(%)
Estrada (1)	115.650,5	109.311,4	-5,5	63.813,0	37.233,0	-41,7
Ferrocarril (2)	1.757,6	1.444,0	-17,8	699,9	237,4	-66,1
Marítimo (3)	33.059,8	28.431,4	-14,0	317,8	19,1	-94,0
Marítimo (4)	1.487,6	1.251,9	-15,8	1.555,0	726,3	-53,3
Aéreo	3.894,8	3.341,7	-14,2	5.268,5	1.675,6	-68,2

(1) os datos de pasaxeiros refírense a transporte urbano en autobús

(2) viaxeiros de longa distancia con orixe en Galicia

(3) tráfico nos portos do Estado; os datos de pasaxeiros refírense ós pasaxeiros de cruzeiros

(4) tráfico nos portos de Portos Galicia

Fonte: elaboración propia CES-Galicia

3.1.55.

e as prazas rexistradas situábanse en 50.134, o 25,6% do total (**cadro 3.1.54.**).

A provincia de Pontevedra segue sendo a que rexistra o maior número de establecementos, prazas e habitacións, concentrando en torno ao 45% do total fronte ao 38% dos establecementos e habitacións no caso da provincia da Coruña.

Transporte

A limitación á mobilidade das persoas como medio para frear a propagación da pandemia fai que o transporte de pasaxeiros sexa unha das ramas de actividade máis afectadas pola crise sanitaria. O transporte de mercadorías semella ter un mellor comportamento, en parte pola favorable evolución do comercio electrónico, o transporte e a loxística asociada.

A estrada é a vía de comunicación máis importante tanto no tráfico de pasaxeiros como de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías, e a vía aérea no transporte de pasaxeiros.

Máis das tres cuartas partes das mercadorías con orixe ou destino en Galicia no ano 2020 utilizaron o transporte por estrada. O volume de mercadorías transportadas por estrada caeu un 5,5% no último ano, a menor caída dos distintos medios de transporte, acadando os 109,3

millóns de toneladas, caída sete décimas superior á rexistrada en España (-4,8%). O peso relativo sobre o total do Estado do transporte de mercadorías por estrada mantense estable dende o 7,5% do ano 2019 ata o 7,4% no ano 2020.

No que respecta ao transporte por estrada dentro de España, **cadro 3.1.56.**, o peso relativo do comercio interrexional no tráfico total galego é do 23,8%, porcentaxe semellante á media estatal que é do 23,9%. O peso relativo do comercio intrarrexional en Galicia é o cuarto máis importante do Estado, por detrás de Canarias, Baleares e Andalucía, co 71,5% do total, situándose a media estatal no 54,6%. Finalmente o 4,7% do transporte interior por estrada en Galicia ten unha orixe ou destino internacional, oito décimas porcentuais menos que na media do Estado.

O tráfico de mercadorías nos Portos de Interese do Estado en Galicia caeu en 2020 un 14% en relación ao rexistrado no ano anterior, aínda que segue sendo o segundo medio de transporte en importancia en canto a volume de mercadorías transportadas (**cadro 3.1.57.**). A porcentaxe de caída no tráfico marítimo de mercadorías en Galicia é sensiblemente superior á rexistrada de medio no Estado (-8,6%).

Os portos de interese xeral galegos moveron un total de 28.431,4 miles de toneladas, o que supón o 5,5% do total estatal (5,9% no ano anterior).

Transporte de mercadorías por estrada nas CC.AA. 2019-20 ⁽¹⁾

	2019				2020				20/19
	Total (en miles de tm.)	intrarrexional (%)	interrexional (%)	internacional (%)	Total (en miles de tm.)	intrarrexional (%)	interrexional (%)	internacional (%)	
Andalucía	256.805	74,8	22,0	3,2	257.858	74,1	23,0	2,9	0,4
Aragón	101.733	44,1	51,0	4,9	100.515	43,0	52,4	4,6	-1,2
Asturias	44.697	64,4	34,0	1,6	40.695	61,3	37,0	1,7	-9,0
Baleares	26.341	85,0	15,0	0,1	26.836	77,9	22,0	0,1	1,9
Canarias	44.846	100,0	0,0	-	38.466	99,9	0,1	0,0	-14,2
Cantabria	38.600	53,4	44,0	2,6	29.372	38,5	58,0	3,6	-23,9
Castela-A Mancha	133.763	38,1	59,6	2,2	136.038	39,5	57,9	2,5	1,7
Castela e León	146.370	53,7	43,8	2,5	142.960	50,6	46,7	2,7	-2,3
Cataluña	272.639	67,3	25,3	7,3	258.109	66,7	26,6	6,7	-5,3
C. Valenciana	249.990	61,4	35,6	3,0	232.989	58,8	37,6	3,6	-6,8
Extremadura	36.571	50,5	43,1	6,4	39.735	55,6	40,3	4,1	8,6
Galicia	115.651	73,5	22,6	3,9	109.311	71,5	23,8	4,7	-5,5
Madrid	156.049	45,8	51,6	2,7	145.515	41,1	56,4	2,5	-6,8
Murcia	82.189	44,0	50,5	5,5	89.030	51,6	44,0	4,4	8,3
Navarra	54.275	40,5	52,6	6,9	48.263	35,2	58,7	6,1	-11,1
País Vasco	102.051	45,0	48,3	6,7	93.902	45,8	47,7	6,5	-8,0
A Rioxa	18.247	33,6	63,7	2,7	17.430	24,8	71,6	3,6	-4,5
Ceuta e Melilla	830	69,1	29,2	1,7	1.054	71,2	28,8	-	27,0
Total	1.542.517	71,7	45,4	4,9	1.468.180	70,6	47,7	4,8	-4,8

(1) toneladas transportadas por cabezas tractoras e camiões con capacidade de carga útil superior a 3,5 tm. e con peso superior a 6 tm., matriculados en España
 Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, *Transporte de mercancías por carretera*

3.1.56.

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2019-20

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadería xeral	
	2019	2020	2019	2020	2019	2020
	(en tm.)					
Total	11.511.551	10.342.203	13.235.852	10.400.313	7.791.669	7.387.755
A Coruña	8.970.330	7.114.837	3.474.568	2.548.388	1.006.157	839.879
Ferrol-San Cibrao	2.311.900	2.936.163	8.095.030	6.371.480	762.638	713.089
Marín-Ría de Pontevedra	7	-	888.504	865.210	1.549.975	1.200.053
Vigo	46.770	57.744	297.778	300.986	3.819.996	3.977.953
Vilagarcía	182.544	233.459	479.972	314.249	652.903	656.781
Total Portos do Estado	187.089.689	167.110.944	90.843.677	77.035.547	274.012.315	261.559.008
Galicia / España (%)	6,2	6,2	14,6	13,5	2,8	2,8

	Pesca		Avituallamento e tráfico local		Total	
	2019	2020	2019	2020	2019	2020
	(en tm.)					
Total	117.599	72.163	403.159	228.977	33.059.830	28.431.411
A Coruña	35.924	33.299	209.849	61.213	13.696.828	10.597.616
Ferrol-San Cibrao	147	172	13.669	13.500	11.183.384	10.034.404
Marín-Ría de Pontevedra	1.725	1.895	31.496	27.993	2.471.707	2.095.151
Vigo	79.803	36.797	142.862	120.997	4.387.209	4.494.477
Vilagarcía	-	-	5.283	5.274	1.320.702	1.209.763
Total Portos do Estado	205.394	164.450	12.352.965	9.812.443	564.504.040	515.682.392
Galicia / España (%)	57,3	43,9	3,3	2,3	5,9	5,5

Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, *Transporte marítimo*

3.1.57.

Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia 2019-20

	2019		2020		20/19
	(en tm.)	(% / total)	(en tm.)	(% / total)	(%)
Total	1.487.556		1.251.945		-15,8
A Pobra do Caramiñal	104.340	7,0	85.091	6,8	-18,4
Burela	37.701	2,5	23.737	1,9	-37,0
Canido	-	-	50	0,0	
Cariño	594.488	40,0	501.387	40,0	-15,7
Cee	203.344	13,7	57.236	4,6	-71,9
Ponteceures	140	0,0	-	-	-100,0
Ribadeo	417.404	28,1	452.889	36,2	8,5
Ribeira	23.849	1,6	18.481	1,5	-22,5
Viveiro-Celeiro	106.290	7,1	113.074	9,0	6,4

Fonte: Portos de Galicia

3.1.58.

Os portos de A Coruña e Ferrol–San Cibrao son os que rexistran o maior movemento de mercadorías, concentrando o 37% (10.597,6 miles de toneladas) e o 35% (10.034,4 miles de toneladas) do total, respectivamente; este peso mantense inalterado a pesar das fortes caídas nos seus movementos no ano 2020 que superan o 22% no caso do Porto de A Coruña e o 10% en Ferrol.

No último ano tan só o porto de Vigo presenta un crecemento do tráfico de mercadorías do 2,4%, acadando as 4.494,5 miles de toneladas e situándose como terceiro porto en importancia.

Por tipo de mercadoría transportada, o movemento máis importante en termos de volume corresponde aos graneis sólidos, con 10.400,3 miles de toneladas, 21,4% inferior ao rexistrado no ano anterior, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 61,3% (6.371,5 miles de toneladas) e o da Coruña, un 24,5% (2.548,4 miles de toneladas). O transporte de graneis líquidos é o segundo en importancia en canto a volume, que, tras unha redución do 10,2%, acada os 10.342,2 miles de toneladas, das que o 68,8% corresponde ao porto da Coruña (7.114,8 miles de toneladas).

O tráfico de pesca fresca en Galicia representa o 43,9% do total realizado nos portos de interese xeral no conxunto do Estado (57,3% en 2019), acadando as 72,2 miles de toneladas no ano 2020, un 38,6% menos que

no exercicio precedente (19,9% menos no conxunto de España). Entre os portos galegos, o porto de Vigo segue sendo o primeiro en volume, pero tras unha redución do 54% no total de toneladas, pasou de descargarse neste porto o 68% e 39% do total de pesca en Galicia e no Estado respectivamente no ano 2019, ao 39% e 22% en 2020 de Galicia en España respectivamente.

No que respecta aos portos xestionados por Portos de Galicia, no último ano o volume de mercadorías movidas nestas instalacións redúcese un 15,8% respecto ao ano anterior, movéndose un total de 1.251,9 miles de toneladas. O porto de Cariño, tras unha redución do 15,7%, mantense como o porto máis importante en termos de volume, con 501,4 miles de toneladas. Séguelle en importancia o porto de Ribadeo, con 452,9 miles de toneladas. Estes dous portos concentran o 76,2% do volume total de mercadoría en 2020 (**cadro 3.1.58.**).

No que respecta ao transporte marítimo de pasaxeiros nos portos de interese xeral, inclúense a os pasaxeiros de cruceiros que, dada a limitación de mobilidade, foi case testemuñal, así Galicia rexistra en 2020 un descenso do 94% no número de cruceiristas, (-87,1% de media no Estado), chegando a Galicia 19.051 persoas en 2020 fronte ás máis de 300 mil do ano anterior. A Autoridade portuaria da Vigo é a que acolle un maior número de cruceiristas, con 9.425 persoas, o que supón

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2019-20

	Liña regular (augas interiores)			Cruceiros		
	2019	2020	20/19 (%)	2019	2020	20/19 (%)
Total	1.699.387	948.291	-44,2	317.778	19.051	-94,0
A Coruña	11.794	5.730	-51,4	160.256	6.586	-95,9
Ferrol-San Cibrao	12.189	4.772	-60,8	14.928	3.040	-79,6
Marín e Ría de Pontevedra	89.911	84.589	-5,9	-	-	-
Vigo	1.580.494	849.893	-46,2	141.704	9.425	-93,3
Vilagarcía	4.999	3.307	-33,8	890	-	-100,0
Total Portos do Estado	26.942.868	11.967.265	-55,6	10.664.581	1.374.241	-87,1
Galicia / España (%)	6,3	7,9		3,0	1,4	

Fonte: Autoridades Portuarias e Puertos del Estado

3.1.59.

Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías en Galicia e España 2019-20 ⁽¹⁾

	2019			2020			20/19		
	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías
	Media distancia	Longa distancia		Media distancia	Longa distancia		Media distancia	Longa distancia	
			(en tm.)			(en tm.)			(%)
Galicia	4.059.974	676.840	1.757.600	1.936.466	237.444	1.444.032	-52,3	-64,9	-17,8
A Coruña	2.307.145	237.068	840.215	1.100.110	76.476	503.623	-52,3	-67,7	-40,1
Lugo	55.219	53.140	120.603	21.188	16.783	156.536	-61,6	-68,4	29,8
Ourense	267.622	257.037	195.774	124.108	103.326	106.645	-53,6	-59,8	-45,5
Pontevedra	1.429.988	129.595	601.008	691.061	40.859	677.229	-51,7	-68,5	12,7
España	32.963.007	34.518.735	17.009.541	14.697.139	11.885.449	14.272.294	-55,4	-65,6	-16,1

(1) viaxeiros subidos; mercadorías en orixe
Fonte: Renfe Operadora

3.1.60.

un descenso interanual do 93,3%, superando ao porto de A Coruña, con 6.586 pasaxeiros, un 95,9% menos que en 2019. No que se refire ao número de viaxeiros de liña regular, caen un 44,2% en relación ao ano anterior, sendo especialmente salientable a perda en termos absolutos na ría de Vigo, con 730.601 viaxeiros menos que en 2019. Todas as autoridades portuarias rexistran perdas de viaxeiros próximas ou superiores ao 40%, agás a autoridade portuaria de Marín-Pontevedra que perde só o 5,9% dos seus viaxeiros de liña regular (**cadro 3.1.59.**).

A cota modal do ferrocarril en Galicia redúcese significativamente no último ano para situarse no 1% do total de mercadorías transportadas (toneladas).

Tras unha acusada caída en 2019 (25,4% menos que no ano anterior), o tráfico ferroviario de mercadorías en Galicia foi de 1,8 millóns de toneladas, o que representa o 10,3% do total do conxunto do Estado (12,9% no ano precedente).

Do mesmo xeito que acontecerá en 2019, o ano 2020 segue acumulando caídas no tráfico de mercadorías por ferrocarril que se reduce un 17,8% en relación ao ano anterior, acadando 1,4 millóns de toneladas, o 10,1% do conxunto do Estado (10,3% no ano 2019).

Por provincias, tal como se deduce do **cadro 3.1.60.**, Pontevedra con 677.229 toneladas representa o 46,9% do total galego de mercadorías transportadas por fe-

Tráfico comercial aéreo 2019-20 ⁽¹⁾

Operacións			
	2019	2020	20/19
			(%)
Aeropertos galegos	51.119	27.736	-45,7
A Coruña	17.199	11.190	-34,9
Santiago	22.396	10.949	-51,1
Vigo	11.524	5.597	-51,4
Total España	2.360.957	1.101.185	-53,4
Galicia / España (%)	2,2	2,5	
Pasaxeiros			
	2019	2020	20/19
			(%)
Aeropertos galegos	5.268.457	1.675.635	-68,2
A Coruña	1.352.583	436.775	-67,7
Santiago	2.903.427	935.394	-67,8
Vigo	1.012.447	303.466	-70,0
Total España	275.237.801	76.064.322	-72,4
Galicia / España (%)	1,9	2,2	
Mercadorías			
	2019	2020	20/19
			(%)
Aeropertos galegos	3.894.790	3.341.713	-14,2
A Coruña	152.304	84.375	-44,6
Santiago	3.201.215	2.981.222	-6,9
Vigo	541.271	276.116	-49,0
Total España	1.068.394.637	787.848.350	-26,3
Galicia / España (%)	0,4	0,4	

(1) non se inclúen outras clases de tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)
 Fonte: AENA, *Informes estadísticos anuales de los aeropuertos españoles*

3.1.61.

roccarril. A provincia da Coruña, a pesar do forte descenso do 40%, segue acollendo en 2020 o 35% do total da comunidade.

No último ano só as provincias de Ourense e Pontevedra aumentaron o volume de mercadorías transportadas por ferrocarril nun 29,8% 12,7% respectivamente, fronte ás caídas do 40,1% na Coruña e do 45,5% en Lugo.

No que respecta ao transporte de pasaxeiros, a moita distancia das tres provincias restantes, a A Coruña acolle o 56,8% dos viaxeiros de media distancia convencional (1.100.110 persoas), seguida de Pontevedra con 691.061 viaxeiros, o 35,7% do total de Galicia en 2020. Ourense é a provincia onde o número de viaxeiros de longa distancia é maior, con 103.326 persoas, o 43,5% do total en Galicia.

O número de viaxeiros que utilizaron o ferrocarril en Galicia caeu de xeito importante no ano 2020, condicionados pola limitación á mobilidade derivada da pandemia sanitaria, reducindo nun 52,3% o viaxeiros de media distancia en un 64,9% os de longa distancia.

No concernente ao movemento aéreo de mercadorías, o volume transportado ao longo de 2020 no sistema aeroportuario galego descende un 14,2% respecto ao ano anterior (26,3% de caída media no Estado), acadando un total de 3.341,7 toneladas transportadas, o que supón o 0,4% do total estatal.

Como reflicte o **cadro 3.1.61.**, os tres aeroportos galegos recortan os movementos de mercadorías, sendo o aeroporto de Santiago o que rexistra un menor descenso (-6,9%) afianzándose como primeiro aeroporto

galego en movemento de mercadorías e pasaxeiros en Galicia. O aeroporto de Santiago de Compostela move un total de 2.981,2 toneladas, o 89,2% do total galego. As caídas no movemento de mercadorías nos aeroportos de A Coruña e Vigo superan o 40%.

En relación á evolución do tráfico aéreo de pasaxeiros, o sistema aeroportuario galego considerado no seu conxunto presenta no ano 2020 un mellor comportamento que o total dos aeroportos españois. Dunha banda descende o número de operacións nos aeroportos galegos un 45,7%, fronte á caída do 53,4% en España; doutra, a caída do número de pasaxeiros é menos acusado que no conxunto do Estado (68,2% e 72,4%, respectivamente).

O sistema aeroportuario galego presenta en 2020 unha caída do 68,2% no número de pasaxeiros, acadando as 1.675.635 persoas (2,2% do total estatal). Este caída rexístrase nos tres aeroportos con caídas nos tres casos en torno ao 67%. Tras esta evolución, Lavacolla é o principal aeroporto por número de pasaxeiros, con 935.394 persoas (o 55,8% do total de Galicia), seguido novamente polo aeroporto de Alvedro, con 436.775 pasaxeiros (26,1%), e finalmente o aeroporto de Peinador, con 303.466 pasaxeiros (18,1% do total galego).

Sector financeiro

O sistema financeiro mantivo no ano 2020 o ininterrompido, dende 2007, proceso de axuste da súa capacidade, con reducións do número de oficinas das entidades de crédito tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Neste último ano rexístranse en Galicia un total de 1.226 oficinas de entidades de crédito, 129 menos das rexistradas en 2019. Dende o ano 2008, o número de entidades de depósito reduciuse un 52% en Galicia e un 51% de media no Estado.

Nas catro provincias galegas diminúe o número de oficinas de entidades de crédito no ano 2020, concentrándose o maior descenso nas grandes cidades, con 21 entidades menos en Vigo, 13 menos na cidade de A Coruña, ou 8 menos en Santiago de Compostela ou Lugo, entre outras.

Un total de 47 concellos galegos non contaban con ningunha oficina no ano 2020 (24 en 2008) e outros 118 tan só dispoñen dunha sucursal, dez máis que no ano anterior (56 en 2008). É importante mencionar a evolución experimentada na provincia de Ourense, onde 27 dos 92 concellos non contan con oficinas das entidades de crédito e 46 só teñen unha (10 e 18, respectivamente, en 2008).

En relación ao número de habitantes, Galicia conta no último ano con 4,6 oficinas de entidades de crédito por cada 10.000 habitantes, medio punto inferior á do ano anterior, situándose en 2008 esta relación en 9,1 entidades. Pontevedra mantense como a provincia que presenta unha menor proporción, con 3,9 oficinas por cada 10.000 habitantes (8,7 oficinas en 2008), situándose no extremo oposto Lugo, con 6 oficinas (9,5 oficinas en 2008). Asemade, cómpre mencionar que o maior descenso rexístrase en Ourense, ao pasar de 11,2 oficinas a 5,4 oficinas por cada dez mil habitantes entre os dous anos considerados. Na provincia da Coruña hai un total de 4,5 oficinas fronte ás 8,7 oficinas do ano 2008.

No concernente ao emprego, o número de afiliacións nos servizos financeiros (CNAE 64) de media no ano 2020 foi de 9.118 afiliacións, cifra inferior á do ano anterior (9.498) e 5.312 persoas afiliadas menos que no ano 2009 (14.430 afiliacións). O gráfico 3.1.64. mostra o descenso continuo das afiliacións no sector tanto en Galicia como no conxunto de España.

O volume de depósitos do sector privado nas entidades de crédito medra nun 9,5% en Galicia (9,1% de media no Estado), porcentaxe que dobra á experimentada no ano anterior. O incremento no volume de depósitos, tanto en Galicia como en España, afecta novamente aos depósitos á vista, diminuindo novamente o volume dos depósitos a prazo, directamente afectados polos baixos tipos de xuro oficiais. O montante dos depósitos do sector privado en entidades de crédito en Galicia ascende en 2020 a 69.557 millóns de euros, mantendo no 5,2% o seu peso relativo no total estatal.

No ano 2020, por terceiro ano consecutivo, o valor dos

Entidades de crédito en Galicia e España 2008-20 ⁽¹⁾: oficinas, depósitos do sector privado e créditos

Oficinas				Depósitos (2)				Créditos		
Entidades de depósito	Establecimientos financeiros de crédito	Banco de España	Galicia				Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes	
			Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo				
			(en millóns de euros)							
2008	2.512	22	1	48.002,4	7.791,1	12.131,5	28.079,7	70.369,8	1.509,8	68.860,0
2009	2.395	19	1	50.819,6	8.618,9	13.848,7	28.352,0	71.282,7	1.791,1	69.491,6
2010	2.357	15	1	53.035,0	8.821,8	14.199,7	30.013,5	70.509,1	2.612,0	67.897,2
2011	2.136	15	1	51.377,6	7.655,0	14.275,8	29.446,9	64.075,9	2.584,4	61.491,6
2012	2.005	14	1	50.851,4	7.347,6	14.352,0	29.151,7	55.021,1	3.060,9	51.960,2
2013	1.834	9	1	52.763,7	7.973,6	15.417,4	29.372,7	50.104,3	2.710,0	47.394,3
2014	1.727	9	1	55.342,4	9.566,5	16.939,2	28.836,8	44.911,7	3.008,5	41.903,2
2015	1.703	8	1	55.550,7	30.178,7	..	25.372,0	43.020,2	2.805,4	40.214,8
2016	1.591	8	1	57.069,2	35.220,3	..	21.848,9	42.562,8	2.443,3	40.119,5
2017	1.553	8	1	58.228,0	40.887,7	..	17.340,3	40.042,4	1.964,6	38.077,8
2018	1.491	8	1	60.794,4	45.416,8	..	15.343,6	40.892,7	2.198,2	38.694,5
2019	1.355	8	1	63.490,7	50.437,0	..	13.053,6	41.548,5	2.605,8	38.942,7
2020	1.226	5	1	69.557,0	58.145,5	..	11.411,5	45.635,1	4.206,9	41.428,2

Entidades de depósito	Establecimientos financeiros de crédito	Banco de España	España				Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes	
			Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo				
			(en millóns de euros)							
2008	45.662	402	23	1.143.674,4	248.998,4	179.815,2	714.860,8	1.842.796,7	47.688,2	1.795.108,6
2009	44.085	345	23	1.142.012,5	265.612,8	207.850,1	668.549,6	1.837.760,8	61.227,7	1.776.533,1
2010	42.894	270	23	1.148.252,9	263.438,8	211.346,0	673.468,0	1.856.783,3	74.492,0	1.782.291,3
2011	39.843	260	16	1.109.656,0	267.600,5	203.004,2	639.051,2	1.798.025,7	82.989,2	1.715.036,6
2012	37.903	239	16	1.100.443,7	264.840,6	199.112,4	636.490,7	1.634.654,9	96.890,4	1.537.764,5
2013	33.527	186	16	1.134.914,5	290.344,4	206.530,4	638.039,7	1.469.010,4	76.626,6	1.392.383,8
2014	31.817	182	16	1.139.756,4	337.486,4	221.985,3	580.284,6	1.422.890,3	94.697,0	1.328.193,3
2015	30.921	166	16	1.135.872,1	649.875,8	..	485.996,3	1.360.361,1	85.708,6	1.274.652,5
2016	28.643	164	16	1.140.814,4	753.539,6	..	387.274,8	1.306.395,9	83.866,3	1.222.529,5
2017	27.320	160	16	1.146.916,9	857.075,0	..	261.973,1	1.273.446,0	74.339,5	1.199.106,5
2018	26.011	155	16	1.165.029,7	931.179,7	..	210.956,8	1.215.969,7	65.739,9	1.150.229,9
2019	23.851	153	16	1.218.981,2	1.021.154,4	..	178.832,1	1.199.375,2	63.785,6	1.135.589,6
2020	22.299	93	16	1.329.870,0	1.164.347,7	..	144.078,7	1.249.301,0	74.357,0	1.174.944,0

(1) datos a decembro de cada ano; non se inclúen as oficinas no estranxeiro


(2) depósitos á vista: instrumentos financeiros no que as cantidades depositadas se poden retirar ou transferir en calquera momento, sin previo aviso á entidade

depósitos de aforro: instrumentos financeiros nos que o tenedor, previo aviso, ten que agardar un período fixo para poder dispor dos seus fondos

depósito a prazo: os contratados por un prazo de tempo determinado. Nun sentido máis amplo tamén se recolle nesta denominación a algúns activos financeiros non negociables

Fonte: IGE


Oficinas de entidades de depósito. Galicia España 2008-20



(1) Exclúense as oficinas no estranxeiro. Datos a decembro de cada ano
 Fonte: IGE

3.1.63.

Evolución das afiliacións á Seguridade Social nos Servizos Financeiros: 2008-20



Fonte: IGE e Ministerio de Trabajo y Economía Social

3.1.64.


Oficinas das entidades de crédito ⁽¹⁾

	2008	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
A Coruña	994	746	704	699	647	630	608	540	502
A Coruña	306	210	196	193	174	172	165	150	137
Ferrol	60	42	41	40	35	32	31	29	25
Santiago de Compostela	113	85	80	82	72	70	65	62	54
resto de concellos	515	409	387	384	366	356	347	299	286
Lugo	336	273	261	257	248	244	236	219	196
Lugo	89	65	62	60	57	57	54	52	44
resto de concellos	247	208	199	197	191	187	182	167	152
Ourense	375	242	224	219	204	201	195	182	167
Ourense	123	84	78	76	67	67	65	63	56
resto de concellos	252	158	146	143	137	134	130	119	111
Pontevedra	829	582	547	547	500	486	463	425	369
Pontevedra	89	60	56	55	49	47	46	42	35
Vigo	317	219	205	206	181	177	169	157	136
resto de concellos	423	303	286	286	270	262	248	226	198
Total	2.534	1.843	1.736	1.722	1.599	1.561	1.502	1.366	1.234

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: IGE

3.1.65.

Créditos en Galicia e España 2008-20



Fonte: IGE

3.1.66.

créditos concedidos polas entidades en Galicia presenta un incremento respecto ao ano anterior (tras un descenso continuado no período 2011-2017), acadando os 45.635,1 millóns de euros, un 9,8% superior ao rexistrado no ano 2019, sendo o incremento medio no conxunto do Estado do 4,1%. No que respecta aos destinatarios dos créditos, en Galicia aumentan tanto os créditos concedidos ás Administracións públicas (61,4% máis que no ano anterior) como os concedidos aos restantes sectores residentes, aínda que en moita menor medida (6,4%). 

3.2. Demografía empresarial

Para caracterizar a demografía empresarial dun territorio un indicador fundamental é o número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social, un dato que proporciona o Ministerio de Traballo e Economía Social en base ás contas de cotización, e que mostra de xeito evidente os efectos da crise sanitaria sobre o número de empresas, uns efectos que, tal como veremos, presentan un elevado grao de heteroxeneidade en función da rama de actividade, xa que estas se ven afectadas de forma moi diferente polas restricións impostas, que directamente prexudicaron ás actividades de servizos nas que o contacto social é maior.

Galicia, ao igual que o conxunto do Estado, presenta en relación ao ano anterior, taxas de variación negativas do número de empresas ininterrompidas ao longo dos doce meses do ano, acadando o 31 de decembro de 2020, 79.531 empresas inscritas na Seguridade Social, un 3,3% menos que no ano anterior, o que supón unha perda de 2.754 empresas das que 2.602 pertencen ao sector servizos.

Outro indicador é a evolución das sociedades mercantís rexistradas, en Galicia, a explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) do IGE mostra que en 2020

o número de sociedades mercantís constituídas descendeu un 15,7% respecto a 2019, as que amplían capital redúcense un 20,7% (o capital ampliado é un 26% menor) e, aínda que as empresas que reducen capital en 2020 son un número inferior que en 2019, o capital reducido é un 407% superior en 2020 con respecto a 2019.

En 2020 o número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia foi de 79.531, o que supón unha caída do 3,3% respecto ao ano anterior, 2.754 empresas menos. No ano 2020, por quinto ano consecutivo, descende en Galicia o número de “traballadores autónomos propiamente ditos”, situándose en 133.640 persoas, o que representa o 6,7% do total estatal. A perda de autónomos foi do 1,2% no ano 2020 (-2,3% de caída no ano anterior), por tanto unha caída inferior á rexistrada no ano 2019 aínda que segue contrastando co incremento experimentado no conxunto do Estado (0,3% máis).

Empresas inscritas na Seguridade Social

A crise sanitaria xurdida no ano 2020 asenta, de xeito rotundo, o cambio de tendencia iniciado no ano 2019 en Galicia en canto á redución no número de empresas

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-2020 ^{(1) (2)}

	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia (taxa de variación interanual)	España
2008	87.472	1.332.090	6,57	-2,4	-5,3
2009	84.715	1.264.689	6,70	-3,2	-5,1
2010	83.504	1.240.847	6,73	-1,4	-1,9
2011	84.808	1.292.153	6,56	1,6	4,1
2012	81.616	1.248.381	6,54	-3,8	-3,4
2013	80.118	1.246.167	6,43	-1,8	-0,2
2014	80.300	1.255.613	6,40	0,2	0,8
2015	81.054	1.286.565	6,30	0,9	2,5
2016	81.858	1.312.345	6,24	1,0	2,0
2017	82.273	1.326.161	6,20	0,5	1,1
2018	82.878	1.346.629	6,15	0,7	1,5
2019	82.285	1.340.415	6,14	-0,7	-0,5
2020	79.531	1.295.656	6,14	-3,3	-3,3

	2019	2020	20/19 (%)
Galicia	82.285	79.531	-2.754
A Coruña	34.258	33.137	-1.121
Lugo	11.537	11.152	-385
Ourense	9.754	9.378	-376
Pontevedra	30.330	29.453	-877

(1) empresas con traballadores inscritas o último día de cada período;

unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.

(2) Empresas con traballadores, obtidas agrupando Contas de cotización co mesmo Número de Identificación Fiscal. Inclúense o Réxime Xeral (excepto Sistema Especial de Empleados de Fogar), o Réxime da Minería do Carbón e o Réxime Especial dos Traballadores do Mar (conta allea). Do sector público exclúense "Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social.

3.2.1.

inscritas na Seguridade Social. A perda do 0,7% do total de empresas no ano 2019 en relación ao ano anterior, aumenta ata o 3,3% menos no ano 2020, unha porcentaxe só inferior á rexistrada no ano 2012, e superior ás perdas dos anos 2008 e 2009.

A 31 de decembro de 2020, o número de empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia é o menor da serie 2008-2020, con 79.531 empresas (2.754 menos que na mesma data do ano anterior), manténdose o peso sobre o total estatal no 6,14%.


O **cadro 3.2.1.** reflicte unha caída no número de empresas inscritas á Seguridade Social en 2020 do 3,3% tanto en Galicia como de media no Estado. Pese a que a caída é semellante en termos porcentuais, en termos absolutos Galicia perdeu en 2020 máis empresas das que recuperou no período 2014-2019, mentres que no conxunto de España en 2020 perdéronse case 45 mil empresas das máis de 84 mil gañadas no dito período.

A taxa de variación acumulada do número de empresas en Galicia no período 2014-2019 era dun 0,4% (1,1% a nivel estatal), incluíndo a evolución no ano 2020, esta taxa para o período 2014-2020 mostra unha perda media anual do 0,1%, (0,5% na media estatal).

Comparando coa evolución no ano 2020 nas diferentes Comunidades Autónomas, Galicia é a quinta Comunidade cunha maior perda de empresas en termos absolutos, por detrás de Andalucía, Madrid, C. Valenciana e Canarias. As caídas en termos porcentuais están en torno á media estatal (-3,3%) na maioría de Comunidades Autónomas, coa excepción de Canarias cunha perda do 6,2% das súas empresas no último ano, ou a Comunidade Castela-A Mancha cunha redución do 1,2% moi inferior ao resto de Comunidades.

A partir da declaración do Estado de alarma en marzo de 2020, a evolución mensual do número de empresas nas diferentes Comunidades Autónomas está condicio-

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-20: evolución mensual (1)



(1) Variación sobre igual período año anterior

Fuente: Ministerio Trabajo y Economía Social. Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social.

3.2.2.

nada polo período de confinamento, e polas diferentes restricións establecidas en cada territorio, que a súa vez veñen condicionadas polas diferentes ondas de expansión do virus. A liña de tendencia, así condicionada, é semellante en todas as Comunidades, aínda que territorios como o País Vasco, Navarra e Aragón manteñen unha perda de empresas máis contidas o que permite liñas de tendencia máis estables, o que contrasta con Comunidades máis dependentes de sectores máis afectados como Canarias ou Andalucía onde as oscilacións son moito máis marcadas.

As catro provincias galegas presentan en 2020 unha caída do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social. En termos relativos, o descenso máis acusado experimentábase en Ourense, cunha caída do 3,9%, por diante da Coruña e Lugo, cun 3,3% menos, sendo Pontevedra a única cunha caída inferior á rexistrada no conxunto do Estado, cun 2,9% menos. En termos absolutos, A Coruña perde 1.121 empresas, o 41% do total de Galicia, seguida de Pontevedra cunha perda de 877 empresas e Lugo e Ourense con perdas en torno ás 400 empresas cada unha. Tras esta evolución, o 78,7% das empresas en Galicia están localizadas nas provincias da Coruña e


Pontevedra, unha concentración dúas décimas superior ao ano anterior.

Dende un punto de vista sectorial, o 73,6% das empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia pertencen ao sector servizos (58.514), seguido da construción, que acolle un 10,4% das empresas (8.258), da industria, cun 8,9% (7.087) e do sector primario, cun 7,1% (5.672). Comparado coa estrutura sectorial no conxunto do Estado, Galicia presenta un menor peso relativo no sector primario (9% en España), sendo do 73% o peso do sector servizos, do 9,8% o da construción e do 8,2% o conxunto das ramas industriais.

En relación ao ano anterior, en 2020 en Galicia cae o número de empresas inscritas en todos os sectores agás na construción, a diferenza do que acontece no conxunto do Estado onde aumentan as empresas inscritas no sector primario e na construción.

O sector servizos presenta unha caída interanual en Galicia do 4,3% (2.602 empresas menos), porcentualmente similar á que se rexistra de media no Estado (-4,4%). No mes de abril de 2020 están inscritas na Seguridade Social un 6,8% menos de empresas que no


Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2019-2020 ⁽¹⁾



(1) Tasas de variación interanual

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social


Empresas do sector agrario inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2019-2020 ⁽¹⁾



(1) Tasas de variación interanual

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social


Empresas do sector da construción inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2019-2020 ⁽¹⁾



(1) Tasas de variación interanual


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.2.2b.

Empresas do sector industrial inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2019-2020 ⁽¹⁾

(1) Tasas de variación interanual

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Empresas do sector servizos inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2019-2020 ⁽¹⁾

(1) Tasas de variación interanual

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.2.2b.

mesmo mes do ano anterior, (a caída en España foi do 8,6%), a partir de abril ralentízase o ritmo de caída ata outubro (-2,7%) cando novamente se acelera a caída no número de empresas deste sector.

O segundo sector cunha maior perda porcentual e absoluta no número de empresas é o sector industrial, cunha caída do 1,8%, e 132 empresas menos, fronte á caída media do Estado do 2,1%. A caída máis importante rexístrase no mes de abril, cun 3,4% menos de empresas en relación ao mesmo mes de 2019, unha

caída moito menor que a rexistra de media no Estado que no mesmo mes foi do 5,5%.

O sector primario perde o 1,3% das empresas, 72 menos, fronte ao incremento medio no Estado do 0,9%. No **gráfico 3.2.2b**, observamos a estabilidade relativa do sector en Galicia fronte a un comportamento moito máis errático na media estatal.

Finalmente a construción é o único sector que aumenta o seu número de empresas no ano 2020, un 0,6% en

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2019-20: distribución sectorial e segundo titularidade

	Galicia			España		
	2019	2020	20/19	2019	2020	20/19
Total	82.285	79.531	-3,3	1.340.415	1.295.656	-3,3
Primario	5.744	5.672	-1,3	116.108	117.104	0,9
Industria	7.219	7.087	-1,8	108.262	105.955	-2,1
Construción	8.206	8.258	0,6	126.261	126.842	0,5
Servizos	61.116	58.514	-4,3	989.784	945.755	-4,4
Total	82.285	79.531	-3,3	1.340.415	1.295.656	-3,3
Persoa física	33.163	31.197	-5,9	511.878	482.429	-5,8
Persoa xurídica	49.122	48.334	-1,6	828.537	813.227	-1,8

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social. Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social.

3.2.3.

Galicia (52 empresas máis) e un 0,5% de aumento medio en España. Despois de experimentar caídas drásticas nos meses de marzo e abril (5,9% e 6,5% menos en relación aos mesmos meses do ano anterior), a tendencia torno ascendente ralentizándose o ritmo de destrución de empresas, tornándose este positivo a partir do mes de outubro.

No que respecta á titularidade das empresas, a 31 de decembro de 2020, 61 de cada 100 empresas corresponden a persoas xurídicas e 40 son persoas físicas, situándose esta relación en España no 63% no caso das persoas xurídicas e no 37% no das persoas físicas.

• Perfil do traballador autónomo

No ano 2020 o número de traballadores afiliados por conta propia na Seguridade Social en Galicia descende novamente para situarse nas 216.986 persoas (207.741 no réxime especial de traballadores autónomos), dos que 135.256 persoas son “autónomos propiamente ditos”, é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores; este colectivo de autónomos persoas físicas presenta o 6,7% do total Estatal unha décima menos que no ano 2019, perda de peso consecuencia do descenso no número de autónomos persoas físicas en Galicia (-1,2%) fronte ao incremento do 0,3% de media en España

A caída no número de traballadores autónomos rexístrase en ambos sexos, aínda que con maior intensidade no caso das mulleres, con perdas do 0,5% e 2,1% respectivamente, afectando a todos os sectores produtivos, agás o da construción, e con perdas especialmente significativas no sector primario (-4,2%).

En relación á chamada situación profesional dos traballadores autónomos, mentres que os traballadores autónomos sen asalariados (o 80% do total) manteñen o su número no ano 2020, o traballadores autónomos con asalariados son un 5,8% menos que os rexistrados no ano 2019, o que supón 1.635 persoas menos.

A perda de traballo autónomo concéntrase, como se observa no **cadro 3.2.4.**, nos traballadores e traballadoras entre 25-39 anos, cunha caída do 4,2% do total e 1.216 persoas menos, así como na franxa entre 40 e 54 anos cun 1% de redución e 607 persoas menos; pola contra incrementase o número de persoas menores de 25 anos e maiores de 55 con 53 e 154 persoas máis respectivamente.

O peso dos autónomos de nacionalidade estranxeira sobre o total é moi reducido en Galicia (3,7%) en comparación coa media estatal (12,3%), a pesar de que no último ano o incremento en Galicia dos autónomos de nacionalidade non española incrementouse por riba da media do Estado, un 11,9% máis fronte ao 7,5% en España. A perda de traballo autónomo acaecida no ano

Traballadores autónomos propiamente ditos en Galicia e España 2020: principais características ⁽¹⁾

	2020					20/19	
	Galicia	(%)	España	(%)	Galicia / España (%)	Galicia	España
Total	133.640	100	2.003.991	100	6,7	-1,2	0,3
sector de actividade							
agricultura	26.984	20,2	224.359	11,2	12,0	-4,2	-0,8
industria	5.856	4,4	84.652	4,2	6,9	-2,2	-1,6
construción	16.059	12,0	227.310	11,3	7,1	1,7	3,2
servizos	84.741	63,4	1.467.669	73,2	5,8	-0,7	0,1
situación profesional							
sen asalariados	106.849	80,0	1.601.768	79,9	6,7	0,0	2,0
con asalariados	26.791	20,0	402.222	20,1	6,7	-5,8	-6,1
sen pluriactividade	126.421	94,6	1.880.174	93,8	6,7	-0,8	0,7
con pluriactividade	7.219	5,4	123.816	6,2	5,8	-7,8	-5,1
sexo							
homes	77.668	58,1	1.290.990	64,4	6,0	-0,5	0,4
mulleres	55.972	41,9	713.000	35,6	7,9	-2,1	0,0
idade							
< 25 anos	1.579	1,2	40.052	2,0	3,9	3,5	5,8
25-39 anos	27.721	20,7	488.380	24,4	5,7	-4,2	-1,4
40-54 anos	61.581	46,1	908.356	45,3	6,8	-1,0	-0,5
55 ou máis anos	42.759	32,0	567.202	28,3	7,5	0,4	2,6
nacionalidade							
españóis	128.629	96,3	1.757.006	87,7	7,3	-1,6	-0,7
estranxeiros	5.011	3,7	246.984	12,3	2,0	11,9	7,5
antigüidade no negocio							
< 6 meses	7.862	5,9	149.034	7,4	5,3	2,1	-9,3
6-11 meses	5.967	4,5	121.122	6,0	4,9	-26,5	-17,7
1-3 anos	21.700	16,2	400.273	20,0	5,4	5,7	11,9
3-5 anos	13.417	10,0	217.298	10,8	6,2	-6,6	-4,3
5 ou máis anos	84.694	63,4	1.116.263	55,7	7,6	0,2	1,3
base de cotización							
mínima	100.942	75,5	1.713.613	85,5	5,9	-2,0	0,0
entre mínima e 1,5 veces mínima	11.366	8,5	130.775	6,5	8,7	5,2	7,1
1,5-2 veces mínima	14.262	10,7	67.653	3,4	21,1	0,0	1,2
2-3 veces mínima	6.365	4,8	77.872	3,9	8,2	-1,2	-3,5
máis de 3 veces mínima	705	0,5	14.077	0,7	5,0	-0,7	-4,7

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

3.2.4.

2020 concéntrase nos traballadores de nacionalidade española.


A Enquisa de Poboación Activa tamén reflicte unha redución no ano 2020 tanto dos empresarios con asalariados (1.900 persoas menos), como dos traballadores independentes ou empresarios sen asalariados (7.500 persoas menos).

O perfil maioritario dos empresarios autónomos en Galicia continúa inalterado un ano máis, así segue sendo

o dunha persoa que traballa no sector servizos, aínda que cunha importante presenza na agricultura; sen asalariados ao seu cargo; cunha soa actividade; varón; cunha idade comprendida entre 40 e 54 anos, aínda que cunha importante presenza de maiores de 55 anos; de nacionalidade española; con cinco ou máis anos no seu negocio; e que cotiza pola base mínima de cotización.

No último ano o perfil do autónomo en Galicia presenta diverxencias co perfil medio do Estado en canto

Traballadores autónomos afiliados 2009-20: taxa variación interanual



Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

3.2.5.

existe unha importante presenza de autónomos na agricultura que representan o 20,2% dos autónomos total galegos e o 12% dos autónomos do sector agrícola a nivel estatal. Existe en Galicia unha maior presenza de mulleres que na media do Estado, o 41,9% fronte ao 35,4% do total en España. Finalmente, no ano 2020 en Galicia aumenta a antigüidade dos negocios fronte ao conxunto do Estado e aumenta tamén a base media de cotización nos tramos 2 e 3, reducíndose os cotizantes pola base mínima fronte á media estatal.

Dinámica empresarial

O Rexistro Mercantil Central proporciona información baseada en memorias estatísticas que se refiren aos actos societarios de constitución, extinción, transformación, fusión, aumento e reducións de capital, situación concursais e sistemas de administración societaria, que permite analizar a evolución do tecido produtivo.

En relación ás actas de constitución de sociedades, no ano 2020 descende o número de sociedades constituídas en Galicia. Este descenso foi do 16,4% na Comunidade Autónoma, porcentaxe superior á rexistrada no conxunto do Estado, onde a caída foi do 15,8%. O número de sociedades mercantís creadas en Galicia foi de 3.197, o que representa o 4% do total de sociedades

constituídas en España nese ano. O 73% das sociedades mercantís constituídas ao longo do ano 2020 en Galicia pertencen ao sector servizos, das que o 27,8% son actividades de comercio por xunto e ao retallo e o 13,2% servizos de comidas e bebidas.

No que respecta á evolución nos últimos anos, como se aprecia no **cadro 3.2.7.**, o número de sociedades mercantís constituídas en Galicia descende todos os anos dende a recuperación económica agás en 2016, mentres que no conxunto do Estado alterna taxas positivas e negativas., sen embargo a paralización da actividade económica sen precedentes provocada pola pandemia sanitaria, provoca taxas de variación negativas só inferiores ás rexistradas nos anos 2008 e 2009.

O descenso no número de sociedades mercantís constituídas prodúcese nas catro provincias galegas, salientando a caída na Coruña, con 302 sociedades menos (18,7% menos), concentrándose nesta provincia máis do 50% da caída total de Galicia. En Pontevedra constitúense en 2020, 219 sociedades menos que no ano anterior, (14,9% menos), en Ourense 47 sociedades menos (12,8% menos), e en Lugo 28 menos (8% menos).

Tras esta evolución, na provincia da Coruña constituí-

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2020

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Constituídas	3.197	1.309	322	320	1.246	79.925
Anónimas	12	8	-	2	2	308
Limitadas	3.112	1.264	320	310	1.218	77.541
Outras	73	37	2	8	26	2.076
Amplían capital	1.034	420	105	103	406	24.690
Anónimas	39	19	2	3	15	1.273
Limitadas	968	389	99	100	380	22.787
Outras	27	12	4	-	11	630
Extinción	1.231	572	147	86	426	28.076
Anónimas	45	20	5	1	19	1.627
Limitadas	1.125	518	138	82	387	25.030
Outras	61	34	4	3	20	1.419
Capital subscrito						
<i>(en miles de euros)</i>						
Sociedades	352.580,2	233.445,9	8.539,9	8.989,7	101.604,6	5.044.014,2
Anónimas	2.100,0	1.620,0	-	360,0	120,0	228.343,2
Limitadas	347.728,8	231.513,3	8.533,8	8.423,0	99.258,6	4.748.030,7
Outras	2.751,4	312,6	6,1	206,7	2.226,1	67.640,3
Capital desembolsado						
<i>(en miles de euros)</i>						
Sociedades	352.450,1	233.355,8	8.539,9	8.949,7	101.604,6	5.004.892,3
Anónimas	1.969,9	1.529,9	-	320,0	120,0	189.228,0
Limitadas	347.728,8	231.513,3	8.533,8	8.423,0	99.258,6	4.748.030,7
Outras	2.751,4	312,6	6,1	206,7	2.226,1	67.633,5
Capital desembolsado das que amplían capital						
<i>(en miles de euros)</i>						
Sociedades	491.737,5	260.786,2	42.190,3	22.245,0	166.516,0	18.784.064,4
Anónimas	38.702,4	17.568,0	68,8	1.827,5	19.238,2	4.557.377,9
Limitadas	442.289,9	234.519,3	41.954,4	20.417,5	145.398,7	13.813.728,6
Outras	10.745,2	8.698,9	167,2	-	1.879,1	412.957,9

Fonte: Registro Mercantil Central

3.2.6.

ronse un total de 1.309 sociedades mercantís e en Pontevedra, 1.246 sociedades, o que supón o 80% das sociedades constituídas na Comunidade Autónoma.


O número de sociedades constituídas no ano 2020 en cada unha das catro provincias galegas é o máis reducido dende o inicio da serie estatística no ano 2001.

As taxas de variación negativas tamén se manteñen considerando a relación entre o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes, así en Galicia no ano 2020 constitúense 11,8 sociedades por cada 10.000 habitantes fronte ás 14,2 do ano anterior. Como se aprecia no **cadro 3.2.8.**, a taxa de creación de empresas acadada no último ano en Galicia a máis reducida da serie histórica, acadando un diferencial con

respecto á media española de 5 puntos porcentuais (16,9 sociedades en España fronte ás devanditas 11,8 en Galicia).

O indicador de creación de sociedades mercantís desce nas catro provincias galegas. Dunha banda, Pontevedra mantense como a provincia coa taxa de creación de empresas máis elevada, con 13,2 sociedades creadas en 2020 por cada 10.000 habitantes (15,6 no ano anterior). Lugo, presenta a taxa máis reducida con 9,7 empresas por cada 10.000 habitantes (10,7 no ano precedente). Na provincia da Coruña esta taxa sitúase en 11,7 sociedades por cada 10.000 habitantes (14,6 no ano 2018) e en Ourense, nas 10,4 sociedades (12 no ano anterior).

Sociedades mercantís constituídas e extinguidas en Galicia e España 2008-20



Fonte: Registro Mercantil Central

3.2.7.

O capital subscrito polas sociedades redúcese nun 5,7% respecto ao ano anterior, acadando os 352,6 millóns de euros, pero a forte caída no número de sociedades constituídas provoca que o capital medio subscrito se incremente un 12,8%, pasando de 97.751,96 euros no ano 2019 a 110.284,7 euros en 2020 (63.109,3 euros no conxunto do Estado).


A contención na caída no capital subscrito en Galicia é consecuencia da evolución positiva na subscrición de capital das empresas constituídas na provincia da Coruña, con 66,2 millóns de euros máis que no ano anterior (39,6%); fronte ao descenso nas tres provincias

restantes, Ourense, con 58,6 millóns menos (86,7% menos que no ano anterior), Pontevedra con 17,8 millóns de euros menos (14,9% menos) e Lugo con 11,1 millóns de euros menos (56,6% menos que en 2019).


No que respecta ás sociedades mercantís que ampliaron o seu capital, tanto Galicia como o conxunto de España rexistran en 2020 un descenso no seu número, sendo máis acusado en Galicia. Tras unha redución do 21,7% na Comunidade Autónoma (17,1% no conxunto do Estado), no último ano rexistráronse en Galicia 1.034 ampliacións, o que supón o 4,2% do total estatal, dúas décimas menos que no ano anterior. Tras a devandita

Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2008-20 ⁽¹⁾

Taxa de creación de empresas ⁽¹⁾



Índice de rotación empresarial ⁽²⁾



(1) Taxa de creación de empresas: Sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitantes

(2) Índice de rotación empresarial: cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constituicións
Fonte: Registro Mercantil Central

3.2.8.

caída do número de sociedades que amplían o seu capital, o capital subscrito nestas ampliacións rexistrou en Galicia unha redución do 29,7%, fronte ao descenso do 23,3% en España. Tras esta evolución, o capital subscrito nas diferentes ampliacións das sociedades galegas descende ata os 491,7 millóns de euros, o 2,6% do total estatal.

O número de sociedades que amplían capital redúcese nas catro provincias galegas, a provincia de A Coruña rexistra 420 ampliacións, 113 menos que no ano anterior (21,2% menos), Pontevedra 78 menos (16,1% menos), Lugo 48 menos (31,4% menos) e Ourense 47 menos (31,3%). No que respecta ao capital subscrito por estas sociedades, tamén se reduce a contía do

mesmo agás na provincia de Lugo, neste senso, a provincia de A Coruña con 197 millóns de euros menos que no ano anterior é a que presenta unha caída máis importante (43% menos que en 2019), séguelle a provincia de Ourense con 28 millóns menos (55,7% menos), Pontevedra con 16 millóns de euros menos (10,7% menos) e finalmente a provincia de Lugo é a única que presenta un incremento de 1,7 millóns de euros no capital desembolsado polas sociedades que amplían capital, o que supón un 4,3% máis que no ano 2019.

O número de sociedades mercantís extinguidas en Galicia cae un 18,3% en 2020, para situarse nas 1.231 empresas, 276 menos que no ano anterior. Este caída é 8,5

**Empresas concursadas en Galicia e España 2019-20: distribución
segundo actividade económica principal ⁽¹⁾**

	Galicia		España	
	2019	2020	2019	2020
Total	251	203	4.789	4.097
Agricultura e pesca	4	1	65	44
Industria e enerxía	47	28	645	496
Bens intermedios	21	7	219	161
Bens de capital	6	4	140	98
Bens de consumo	4	1	38	35
Bens de consumo non duradeiro	15	15	228	191
Enerxía	1	1	20	11
Construción	41	37	603	492
Edificios e promoción inmobiliaria	20	19	373	287
Resto	21	18	230	205
Servizos	59	55	1.161	840
Comercio maiorista	30	29	646	402
Comercio polo miúdo e vehículos	29	26	515	438
Transporte e almacenamento	13	14	240	195
Hostelería	15	10	323	438
Información e comunicacións	6	3	184	161
Inmobiliarias, financeiras e seguros	5	6	154	112
Actividades profesionais e técnicas	19	15	351	297
Actividades administrativas e servizos auxiliares	9	10	262	260
Resto de servizos	17	15	326	391
Sen clasificar	16	9	475	371

(1) actividade económica principal segundo a CNAE-09; os datos 2020 son provisionais
Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

3.2.9.

puntos porcentuais máis acusada que na media rexistrada no conxunto do Estado, polo que o peso relativo das extincións de sociedades en Galicia se reduce ata o 4,4% do total estatal, a porcentaxe máis baixa dende o ano 2009. O número de sociedades extinguidas desce en todas as provincias, a provincia de A Coruña rexistra 562 extincións, 95 menos que en 2019 (14,5% menos), Pontevedra rexistra 421 extincións, 85 menos que no ano anterior, e Lugo e Ourense rexistran 146 e 84, 20 e 63 menos que no ano anterior respectivamente.

En termos relativos, o número de sociedades mercantís extinguidas por cada cen constituídas (índice de rotación) redúcese en Galicia no último ano para situarse nas 38,5 empresas extinguidas por cada cen sociedades constituídas, manténdose este indicador por riba da media española ao longo dos últimos once anos, tal e como se reflicte no **cadro 3.2.8.** No conxunto do Estado o índice de rotación empresarial ascende ata as 35,1 sociedades, fronte as 32,8 do ano anterior.


A nivel provincial, Lugo volve a rexistrar o valor máis

elevado do índice de rotación, cun total de 45,3 sociedades extinguidas por cada cen constituídas; seguido da Coruña con 42,9; presentando estas dúas provincias valores superiores á media do Estado, Pontevedra con 33,8 e Ourense con 26,2.

A Estatística do Procedemento Concursal elaborada polo INE proporciona información sobre o número de debedores concursados, tipo de concurso e procedemento, a información obtense a partir dos boletíns oficiais dos xulgados do mercantil, entre outros, e permite dispor dun indicador fundamental da dinámica empresarial. No conxunto do ano 2020 o número de debedores concursados en Galicia redúcese nun 9,6%, con 312 debedores, dos que 203 son empresas e os restantes 109 son persoas físicas sen actividade comercial.


No que respecta ás empresas concursadas (**cadro 3.2.9.**), no ano 2020 en Galicia redúcese nun 19% o seu número en relación ao ano anterior, sendo esta caída do 14,4% no conxunto do Estado. Sen embargo a aná-

Empresas concursadas 2008-20



Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

Variación anual no número de empresas concursadas 2019-20



Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

3.2.10.

lise trimestral mostra como as consecuencias da pandemia asoman a partir do segundo trimestre de ano, cun cambio de tendencia que aparece na ralentización das caídas no número de empresas concursadas, que incluso a nivel estatal torna positivo no cuarto trimestre (gráfico 3.2.10.).

O 73,4% das empresas concursadas en Galicia no ano 2020 eran Sociedades de Responsabilidade Limitada.

Das 203 empresas concursadas en Galicia o 48,3% atópábanse no tramo máis baixo do volume de negocio (ata 250.000 euros), rexistrándose 7 empresas concursadas con volumes de negocio superiores a cinco millóns de euros (3,4% do total); estas porcentaxes a nivel estatal son do 40,9% e 4,4% respectivamente.

No que respecta ao sector e á actividade económica, descende en todos os sectores o número de empresas

Empresas en Galicia e España 2020 ⁽¹⁾: distribución segundo grandes ramas de actividade

	2020			20/08		20/19		Índice de especialización
	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia	España	Galicia	España	(3)
Total	197.813	3.404.428	5,8	-5.561	-17.811	-3.159	41.231	1,00
Industria e enerxía	12.100	195.615	6,2	-3.253	-50.836	-470	-3.461	1,06
Industria extractiva	218	1.974	11,0	-189	-1.000	-16	-86	1,90
Industria manufacturera	11.279	175.039	6,4	-3.029	-54.183	-447	-3.241	1,11
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	387	11.592	3,3	13	2.904	0	-255	0,57
Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e descontaminación	216	7.010	3,1	-48	1.443	-7	121	0,53
Construción	28.030	420.118	6,7	-9.677	-201.978	-1.656	-2.232	1,15
Servizos	157.683	2.788.695	5,7	7.369	235.003	-1.033	46.924	0,97
Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	45.249	726.573	6,2	-8.741	-94.502	-2.235	-14.784	1,07
Transporte e almacenamento	11.742	204.921	5,7	-2.385	-34.405	303	10.677	0,99
Hostalería	18.647	282.629	6,6	-2.790	-6.589	-405	2.550	1,14
Información e comunicacións	2.626	69.369	3,8	896	20.551	-14	1.211	0,65
Actividades financeiras e de seguros	4.935	78.851	6,3	429	11.738	-63	1.455	0,00
Actividades inmobiliarias	7.660	186.023	4,1	4.155	68.396	375	6.539	0,71
Actividades profesionais, científicas e técnicas	20.769	417.710	5,0	459	12.469	-331	4.569	0,86
Actividades administrativas e servizos auxiliares	10.909	215.359	5,1	5.031	78.292	98	6.485	0,87
Educación	7.165	112.749	6,4	3.082	44.179	374	6.315	1,09
Actividades sanitarias e de servizos sociais	8.326	171.753	4,8	1.990	47.311	242	6.063	0,83
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	6.580	107.249	6,1	2.682	36.698	251	5.903	1,06
Outros servizos	13.075	215.509	6,1	2.561	50.865	372	9.941	1,04

(1) datos a 1 de xaneiro

(2) Esta estatística considera como empresas as organizacións sometidas a unha autoridade rectora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa.

(3) o índice de especialización calcúlase dividindo o peso de cada sector no conxunto da economía rexional entre o peso do mesmo sector nunha economía ou espazo de referencia (neste caso, España); se é maior que 1 indica que a rexión está (relativamente) especializada nese sector concreto e se é menor que 1 estaría "desespecializada".

Fonte: INE, DIRCE

3.2.11.

concuradas en Galicia, sendo o perfil maioritario o de empresas que desenvolven a súa actividade no ámbito do sector servizos, con 55 empresas das 203 totais (27%), un 7% menos que no anterior, seguido do sector da construción (37 empresas, un 10% menos que no ano anterior), da industria e enerxía (28 empresas, un 66,7% menos que en 2019) e finalmente da agricultura e pesca cunha soa empresa concursada en 2020.

Por rama de actividade, no último ano o comercio, tanto comercio por xunto como polo miúdo,, segue concentrando o maior número de empresas concursadas (29 e 26 empresas concursadas, respectivamente); seguido pola industria de bens de consumo non duradeiro, con 15 empresas; e as actividades profesionais e técnicas tamén con 15 empresas concursadas.

En canto ás empresas concursadas distribuídas en función do seu volume de negocio, no ano 2020 aumentan as empresas concursadas cun volume de negocio inferior aos 250.000 euros (6 empresas máis), as empresas de entre 500.000 e 1.000.000 de euros de volume de negocio (1 máis) e tamén cunha empresa máis aumenta os concursos de empresas cun volume de negocio de máis de 10.000.000 de euros.

Finalmente destacar que o 63,5% das empresas concursadas en Galicia teñen cinco ou menos traballadores asalariados, entre as que teñen entre un ou dous asalariados supoñen o 27% das empresas concursadas totais no 2020. No extremo contrario, o número de empresas en concurso de 50 ou máis traballadores foi de 12, tres máis que no ano anterior.

Empresas en Galicia e España 2020 (1): distribución segundo número de asalariados

	Galicia							España
	2008	2019	Total	A Coruña	2020 Lugo	Ourense	Pontevedra	2020
Total empresas	203.374	200.972	197.813	81.599	24.432	22.682	69.100	3.404.428
Sen asalariados	100.126	109.506	106.511	44.725	12.956	12.099	36.731	1.912.010
de 1 a 9 asalariados	92.629	84.021	83.710	33.700	10.678	9.864	29.468	1.338.650
de 10 a 49 asalariados	9.203	6.290	6.427	2.648	707	627	2.445	127.399
de 50 a 199 asalariados	1.161	939	941	406	76	76	383	20.181
de 200 a 449 asalariados	183	138	146	79	11	7	49	3.976
de 500 a 5.000 ou máis asalariados	72	78	78	41	4	9	24	2.212

(1) datos a 1 de xaneiro
Fonte: INE, DIRCE

3.2.12.

Dentro dos indicadores da demografía empresarial destaca a información agregada relativa ás empresas con actividade económica en Galicia que proporciona a explotación do Directorio de empresas e unidades locais (Dirce) elaborado polo INE a partir de fontes tributarias, xurídicas ou da Seguridade Social, entre outras, permite completar a análise aportando información sobre o tecido empresarial galego incluíndose todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao produto interior bruto. O Dirce cubre todas as actividades económicas excepto a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autonómica e Local (incluída Seguridade Social), as actividades das comunidades de propietarios e do servizo doméstico.

Os últimos datos publicados corresponden ao un de xaneiro de 2020 polo que non rexistran as consecuencias da crise económica derivada da pandemia sanitaria. Galicia a un de xaneiro de 2020 contaba con 197.813 empresas, o que representa o 5,8% do total estatal (**cadro 3.2.11.**). O 80% das empresas galegas incluídas no Dirce, tendo en conta as excepcións antes sinaladas, pertencen ao sector servizos (157.683 empresas), onde salientan as actividades de “Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas”, con 45.249 empresas (10%); seguidas das “Actividades profesionais, científicas e técnicas”, con 20.769 (10,5%); e das actividades de “Hostalería”, con 18.647 empresas (9,4%). O sector da construción acolle ao 14,2% das empresas (28.030

empresas) e a industria e enerxía, ao restante 6,1% (12.100 empresas).

O **cadro 3.2.12.** mostra o reducido tamaño do tecido empresarial, de xeito que o 53,8% das empresas galegas rexistradas polo Dirce non teñen asalariados, fronte ao 56,2% de media no conxunto do Estado. Asemade, o 42,3% das empresas galegas teñen entre un e nove asalariados, fronte ao 39,3% do total rexistrado en España. O restante 3,9% das empresas galegas teñen dez ou máis asalariados, sendo esta porcentaxe do 4,5% no Estado. Comparado co rexistrado ao comezo da crise económica aumenta o peso relativo das empresas sen asalariados, pasando do 49,2% ao devandito 53,8%, mentres que se reduce no caso das empresas de un a nove asalariados e nos de dez ou máis (45,5% e 5,2% en 2008, respectivamente).

A especialización das empresas galegas en relación á media estatal permite caracterizar a estrutura produtiva de Galicia. Neste senso, o índice de especialización relativa (IER) mostra a participación dun determinado sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal. Atendendo ao número de empresas reflectido no Dirce, a rama de actividade co índice de especialización relativa máis elevado segue sendo, **cadro 3.2.13.**, a de fabricación doutro material de transporte (2,74); presentando un índice de especialización superior a 2 a extracción de minerais metálicos e “outras industrias extractivas”.

Empresas en Galicia e España 2020 ⁽¹⁾: principais ramas de actividade segundo o seu índice de especialización relativa

	Galicia	España	Galicia / España	Índice especialización
			(%)	Galicia
Total	197.813	3.404.428	5,8	1,00
1 Fabricación doutro material de transporte	145	911	15,9	2,74
2 Extracción de minerais metálicos	9	68	13,2	2,28
3 Outras industrias extractivas	205	1.768	11,6	2,00
4 Fabricación de bebidas	517	5.264	9,8	1,69
5 Industria da madeira e cortiza, agás mobles, cestería e espartería	958	9.961	9,6	1,66
6 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	680	7.923	8,6	1,48
7 Actividades veterinarias	906	10.596	8,6	1,47
8 Industria da alimentación	1.954	25.309	7,7	1,33
9 Actividades de xogos de azar e apostas	776	11.068	7,0	1,21
10 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	422	6.103	6,9	1,19
11 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1.262	18.263	6,9	1,19
12 Transporte marítimo e por vías navegables interiores	53	770	6,9	1,18
13 Actividades de construción especializada	12.563	183.178	6,9	1,18
14 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	5.087	74.479	6,8	1,18
15 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	1.977	29.044	6,8	1,17
16 Servizos de comidas e bebidas	16.876	253.554	6,7	1,15
17 Fabricación de mobles	756	11.427	6,6	1,14
18 Construción de edificios	14.763	225.067	6,6	1,13
19 Industria téxtil	420	6.434	6,5	1,12
20 Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	4.802	74.788	6,4	1,11
21 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	2.910	45.754	6,4	1,09
22 Servizos a edificios e actividades de xardineiría	3.321	52.218	6,4	1,09
23 Educación	7.165	112.749	6,4	1,09
24 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	901	14.227	6,3	1,09
25 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	100	1.615	6,2	1,07

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: INE, *Directorio central de empresas*

3.2.13.

Sociedades laborais rexistradas en Galicia e España 2019-20: distribución sectorial

	Galicia				España			
	2019 sociedades	2019 socios	2020 sociedades	2020 socios	2019 sociedades	2019 socios	2020 sociedades	2020 socios
Total	33	91	22	54	255	833	211	621
Agrario	-	-	2	4	1	3	7	32
Non agrario	33	91	20	50	254	830	204	589
Industria	3	9	3	8	37	204	30	94
Construción	1	3	2	4	19	48	17	47
Servizos	29	79	15	38	198	578	157	448

Data da consulta: 25-05-2021

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, Datos estadísticos de Economía Social

3.2.14.

Finalmente, no que respecta á economía social, entendida como o conxunto das actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo aquelas entidades que se rexen polos principios orientadores recollidos no artigo 5 da Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, e que perseguen o interese colectivo das persoas que as integran, o interese xeral económico ou social, ou ambos.

Os datos proporcionados polo Ministerio de Traballo para o ano 2020 se reducen exclusivamente ás sociedades laborais rexistradas, non dispoñendo para o dito ano de datos de cooperativas nin de número e principais características dos traballadores da economía social en Galicia.

O **cadro 3.2.14.** mostra como no ano 2020 rexístranse en Galicia 22 sociedades laborais con 54 socios (33 sociedades con 91 socios no ano anterior), das que 15 pertencen ao sector servizos, 3 á industria, 2 á construción e 2 ao sector agrario. Por tanto, no último ano o sector servizos concentra en torno ao 70% das sociedades laborais rexistradas en 2020 en Galicia e dos socios iniciais. 

3.3. Sector exterior

A pandemia da covid-19 representa unha perturbación sen precedentes do comercio mundial pola contracción da produción e do consumo a nivel mundial. A Organización Mundial do Comercio (OMC) prevé unha diminución do volume do comercio mundial de mercadorías do 9,2% para 2020, seguida dun aumento do 7,2% en 2021; máis estas estimacións están suxeitas a un elevado grao de incertidume, xa que dependen tanto da evolución da pandemia como das respostas dos gobernos.

En novembro do ano 2020 o IGE actualiza o escenario macroeconómico bianual para Galicia incorporando os efectos das medidas para a reactivación económica incluídas nos orzamentos de 2021. O sinalado cadro macroeconómico explicita as graves consecuencias sobre o sector exterior da paralización dos intercambios comerciais como consecuencia da pandemia internacional.

No ano 2020 o sector exterior galego, tal como viña acontecendo nos catro anos anteriores, coaduxa ao crecemento negativo do PIB, cunha achega negativa de oito décimas, moi por debaixo da media estatal que se sitúa en 2,7 puntos porcentuais negativos.

En termos monetarios, o valor total das vendas galegas de bens e servizos ao conxunto do Estado e a terceiros países ascendeu a 30.590 millóns de euros e as importacións acadaron os 30.601 millóns, o que significa unha balanza comercial equilibrada. A taxa de cobertura, definida como o cociente entre o importe total das exportacións e importacións foi do 99,9%, catro décimas menos que no ano anterior, en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculada como o cociente entre a suma do valor das importacións e exportacións totais de bens e servizos e o PIB galego) sitúase no 104,2%, 1,6 puntos porcentuais superior á do ano anterior.

A información sobre as relacións comerciais de Galicia con terceiros países que se estudan neste apartado obtense a partir da información que ofrece o ICEX na súa base de datos Estacom. Os datos proporcionados mostran claramente os efectos sobre as relacións comerciais internacionais da pandemia da covid-19.

No ano 2020 o importe das vendas galegas ao exterior redúcese nun 6% en relación ao ano anterior, a caída máis acusada dende o ano 2009, acadando os 20.872

Importacións e exportacións de Galicia e España 2019-20

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2019	2020	20/19	2019	2020	20/19	2019	2020	20/19
	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		
Galicia	19.919,5	16.597,4	-16,7	22.258,1	20.871,7	-6,2	2.338,7	4.274,3	1.935,6
A Coruña	7.992,6	5.492,2	-31,3	10.969,1	8.661,1	-21,0	2.976,4	3.168,9	192,5
Lugo	748,6	724,2	-3,3	664,4	585,1	-11,9	-84,1	-139,1	-55,0
Ourense	594,6	481,9	-19,0	884,8	769,2	-13,1	290,3	287,3	-2,9
Pontevedra	10.583,7	9.899,1	-6,5	9.739,8	10.856,3	11,5	-843,9	957,2	1.801,1
España	322.436,9	274.597,5	-14,8	290.892,8	261.175,5	-10,2	-31.544,1	-13.422,1	18.122,0
Galicia/España (%)	6,2	6,0		7,7	8,0				

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.1.

millóns de euros; o importe das importacións cae no último ano un 16,2%, un desplome sen precedente en toda a serie histórica que comeza no ano 2000, acadando os 16.597 millóns de euros. Como consecuencia da maior caída das importacións que das exportacións, Galicia aumenta o saldo comercial ata os 4.274 millóns de euros, saldo case un 80% superior ao rexistrado o ano anterior. En relación ao conxunto do Estado, Galicia concentra o 8% das exportacións e o 6% das compras exteriores.

A evolución das exportacións no conxunto do Estado sitúa a Pontevedra e A Coruña como a quinta e novena provincias respectivamente con maior volume de exportacións no ano 2020, con 186 e 145 millóns de euros respectivamente.

Ao igual que no ano anterior, en 2020 diminúe novamente a base exportadora da economía galega, de xeito que o número de empresas exportadoras se sitúa en 7.118 empresas (49 menos que en 2019).

Segundo os datos recollidos no Rexistro de Inversións Exteriores, o investimento bruto estranxeiro en Galicia ascendeu en 2020 ata os 80,4 millóns de euros, o que supón unha caída do 89% en relación ao ano anterior. No que respecta ao investimento de Galicia no estranxeiro, o investimento bruto galego no exterior experimentou un descenso do 22,2% no último ano, acadando un importe total de 1.768,8 millóns de euros, estando este investimento concentrado secto-

rialmente no comercio polo miúdo e con destino nos Países Baixos.

Comercio exterior con terceiros países

As relacións comerciais a nivel mundial no ano 2020 caen en torno a un 9% no ano 2020, unha caída inferior á estimada grazas ao crecemento nos meses de xuño e xullo do comercio de produtos relacionados coa covid-19. Sen embargo, as previsións de crecemento do comercio para 2021 son máis pesimistas como consecuencia dos rebrotes e da ralentización no consumo.

As relacións comerciais de Galicia con terceiros países redúcense un 11,2%, a causa da caída das importacións e exportacións nun 16,7% e 6,2% respectivamente en relación ao ano anterior. No conxunto do Estado a caída da actividade comercial é maior (-12,6%) tras a caída do valor das importacións e exportacións do 14,8% e 10,2% respectivamente. En comparación coa media estatal, en Galicia as importacións teñen peor comportamento que a media, fonte ao mellor comportamento do valor das exportacións.

O valor total das compras e vendas galegas no exterior foi no ano 2020 de 37.469 millóns de euros, 4.708,6 millóns menos que no ano anterior, incrementando o seu peso relativo no total estatal ata o 7%, unha décima máis que o rexistrado en 2019. O grado de apertura da economía galega a terceiros países situouse no 63,8%, dous puntos porcentuais menos que no ano anterior.

Importacións e exportacións 2020: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe	20/19	peso relativo	Galicia/España	Importe	20/19	peso relativo	Galicia/España
	(en millóns de euros)		(%)		(en millóns de euros)		(%)	
Total	16.597,4	-16,7	100	6,0	20.871,7	-6,2	100	8,0
Alimentos	3.366,9	-5,1	20,3	9,9	2.940,4	-1,0	14,1	5,7
Enerxéticos	1.386,5	-55,6	8,4	5,1	831,5	-46,2	4,0	6,7
Materias primas	477,7	-18,8	2,9	5,6	674,9	-15,4	3,2	11,1
Semimanufacturas	2.234,9	-9,1	13,5	3,3	2.702,5	-4,5	12,9	4,0
Bens de equipamento	2.084,9	2,1	12,6	3,4	2.679,8	-20,4	12,8	5,2
Sector Automóbil	4.776,9	-13,1	28,8	15,7	5.647,4	56,2	27,1	14,7
Bens de consumo duradeiro	253,4	14,5	1,5	3,1	167,9	-31,2	0,8	3,8
Manufacturas de consumo	2.001,4	-17,3	12,1	5,8	5.022,3	-25,1	24,1	20,1
Outras mercadorías	14,8	-24,0	0,1	1,1	205,0	11,3	1,0	4,4

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.2.

Os sectores de actividade que en Galicia rexistran valores máis altos nas súas relacións comerciais con terceiros países son o sector do automóbil, as manufacturas de consumo e os alimentos, con 10.424, 7.024 e 3.307 millóns de euros respectivamente, representando conxuntamente o 63,4% da actividade comercial galega con terceiros países, porcentaxe moi superior ao peso dos mesmos sectores na actividade comercial no conxunto do Estado que é no ano 2020 do 37,8%.

Tal como se observa no **cadro 3.3.2.**, no ano 2020 a actividade comercial diminuíu en todos os sectores de actividade, agás no sector do automóbil, no que a redución das importacións do 13,1% veuse amplamente compensada polo aumento das súas exportacións nun 56,2% en relación ao ano anterior.

No que respecta ao peso relativo das actividades no conxunto do Estado, salienta o sector da automoción, que representan o 15,1% da actividade comercial exterior deste sector en España fronte ao 10,8% do ano anterior, seguido polas manufacturas de consumo co 11,8%, ou das actividades relacionadas con materias primas ou alimentación que teñen un peso en torno a 8% no total do Estado.

Tal como se sinalou anteriormente, o sector do auto-

móbil é o que presenta unha mellor evolución na súa actividade comercial exterior no último ano, sendo o único cun crecemento tanto en termos absolutos como relativos, ao medrar a actividade económica en 1.309,8 millóns de euros, un 14,4% máis que en 2019; salvo o sector da automoción, os principais sectores de actividade diminúen a súa actividade comercial, salientando as perdas de 2.451 millóns de euros nos sectores de actividades enerxéticas (-52,5%), os sectores de manufacturas de consumo cunha actividade comercial 2.099 euros inferior á do ano anterior (-23%), ou os bens de equipamento con perdas superiores aos 640 millóns de euros (12% menos).

A favorable evolución do sector do automóbil repercute en que Pontevedra sexa a única provincia galega que no ano 2020 aumenta a súa actividade comercial con terceiros países acadando os 20.755 millóns de euros, 432 máis que no ano anterior. Pola contra a provincia de A Coruña diminúe a súa actividade comercial exterior en máis de 4.800 millóns de euros, Ourense en 228 millóns e Lugo en case 104 millóns de euros. No ano 2020 Pontevedra consolídase como a primeira provincia galega en canto a valor da súa actividade comercial con terceiros países co 55% do total galego.

A pesar da caída na actividade comercial, e da perda de valor tanto das importacións como das exportacións

galegas a terceiros países, a maior intensidade na caída das importacións favorece a existencia dun saldo da balanza comercial positivo e cun maior superávit que no ano anterior. En 2020 o saldo positivo ascende a 4.274 millóns de euros, 1.936 millóns máis que no ano anterior. Este saldo comercial representa o 7,3% do PIB, o dobre que no ano anterior (3,6%).

O saldo comercial é positivo nas provincias de A Coruña, Pontevedra e Ourense, con superávits de 3.169, 987 e 287 millóns de euros respectivamente, fronte ao saldo negativo de Lugo (139 millóns de euros). A nivel provincial cómpre destacar o cambio de signo do saldo comercial na provincia de Pontevedra que pasa dun saldo comercial negativo de 882 millóns de euros ao citado superávit comercial de 957 millóns en 2020, o que supón un aumento de 1.801 millóns de euros, fronte ao leve aumento no saldo da balanza comercial na provincia de A Coruña cun superávit 192 millóns de euros maior que no ano 2019.

Tal como se sinalou anteriormente, o aumento no saldo comercial da provincia de Pontevedra está condicionado pola evolución positiva das exportacións do sector do automóbil e pola caída do valor das importacións na provincia.

A evolución do superávit comercial na provincia da Coruña é consecuencia de que a redución do 21% no valor das exportacións (2.308 millóns de euros menos) é inferior á caída das importacións (-31,3% menos, 2.500 millóns de euros menos). O 66% da perda de valor das importacións na provincia de A Coruña corresponde á perda de valor das importacións de bens intermedios enerxéticos, mentres que o 79% da caída nas exportacións son consecuencia da perda de valor nas vendas a terceiros países de bens de consumo non alimentario.

Entre as provincias españolas con maior volume de exportacións no ano 2020, Pontevedra e A Coruña están situadas no quinto e oitavo posto, respectivamente (noveno e quinto posto en 2019). No eido das importacións, Pontevedra é a quinta provincia española por volume de importacións (oitava no ano anterior).

• Importacións do exterior

O valor total das importacións galegas no último ano foi de 16.597,4 millóns de euros (3.322,1 millóns inferior ao rexistrado en 2019), descendendo dúas décimas ata o 6% o seu peso sobre o valor total das importacións españolas. A caída no valor das importacións en 2020 esténdese ás catro provincias galegas, sendo este descenso especialmente pronunciado, tanto en termos absolutos como relativos, na provincia de A Coruña cunha caída do 31,3% e con 2.500,4 millóns de euros menos. Xunto coa provincia de A Coruña, Ourense tamén presenta unha caída do valor das súas importacións por encima da media galega, cunha redución do 19,% no seu valor (112,7 millóns de euros menos). As provincias de Pontevedra e Lugo parecen rexistrar unha tendencia mais moderada na súa caída con reducións do 6,5% e 3,3% (684,6 e 24,4 millóns de euros menos) respectivamente.

Tras esta evolución, a provincia de Pontevedra mantense como a máis importante en termos de valor nominal das compras exteriores, acollendo o 59,6% do importe total das importacións galegas (9.899,1 millóns de euros), seguida da Coruña, co 33,1% (5.492,2 millóns).

Analizando o valor das importacións en función dos principais sectores de actividade (**cadro 3.3.2.**), o sector do automóbil, a pesar da caída no último ano do 13,1%, sitúase como a actividade que presenta un maior importe ao acadar os 4.776,9 millóns de euros, incrementando tamén o seu peso relativo tanto no total galego (28,8% do valor total das importacións galegas fronte ao 27,7% de 2019) como no total das compras españolas a terceiros países por parte das empresas englobadas neste sector (15,7% das importacións españolas deste sector fronte ao 13,6% do ano anterior). A sinalada caída no valor das importacións no sector do automóbil explícase fundamentalmente pola caída do 32% das compras exteriores de automóbiles e motos, o que supón 656 millóns de euros menos, así como polas menores importacións de compoñentes do automóbil cunha perda de valor de 67 millóns de euros (-1,9%).

Importacións 2019-20: distribución segundo principais capítulos TARIC e orixe

										2020		
Nº	Cap.	Denominación	2008	2019		2020		20/19	20/08	Unión Europea	Francia	Portugal
			(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)	(%)	(%)	(en millóns de euros)		
1	87	Vehículos automóbiles, tractores	16,7	5.732,6	28,8	5.058,6	30,5	-11,8	95,9	4.737,7	3.849,0	298,7
2	03	Peixes e crustáceos, moluscos	8,4	2.152,4	10,8	1.975,9	11,9	-8,2	51,3	354,6	87,4	157,3
3	27	Combustíbeis, aceites minerais	21,4	3.122,7	15,7	1.386,5	8,4	-55,6	-58,1	212,9	31,4	16,2
4	85	Aparellos e material eléctricos	4,1	572,0	2,9	783,0	4,7	36,9	24,4	196,4	17,1	20,7
5	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	3,3	603,8	3,0	689,0	4,2	14,1	35,9	230,3	1,7	198,0
6	84	Máquinas e aparatos mecánicos	3,6	829,1	4,2	652,7	3,9	-21,3	17,4	465,5	35,4	25,2
7	72	Fundición, ferro e azeiro	8,0	742,2	3,7	648,0	3,9	-12,7	-47,5	536,5	218,6	183,3
8	16	Conservas de carne e peixe	1,7	612,1	3,1	573,0	3,5	-6,4	119,5	46,4	1,0	21,5
9	62	Roupa e complementos de vestir, agás de punto	5,5	895,9	4,5	496,8	3,0	-44,5	-41,8	95,2	2,1	68,7
10	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	1,9	477,3	2,4	496,5	3,0	4,0	70,5	151,9	47,6	40,6
Total dos principais capítulos			74,4	15.740,1	79,0	12.760,0	76,9	-18,9	10,6	7.027,3	4.291,4	1.030,1
Resto			25,6	4.179,4	21,0	3.837,4	23,1	-8,2	-3,2	2.032,7	231,7	672,2
Total			100	19.919,5	100	16.597,4	100	-16,7	7,1	9.060,0	4.523,2	1.702,3

(consulta: 25-02-2021)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.3.

A menor caída do valor das importacións realizadas polo sector da alimentación en relación a outros sectores económicos, sitúa a este sector como o segundo en importancia en canto ao valor das importacións. Tras unha redución do 5,1% respecto ao ano anterior, as compras exteriores ascenderon a 3.367 millóns de euros, o que representa o 20,3% do valor total das importacións galegas e o 9,9% das importacións españolas deste sector. O terceiro sector en importancia, tras o automóbil e a alimentación, é o sector de semimanufacturas cun valor das súas importacións no ano 2020 de 2.235 millóns de €, un 9,1% menos que no ano anterior, o que representa o 13,5% do total de importacións galegas e o 3,3% das importacións españolas deste sector de actividade.

Por capítulo importador, **cadro 3.3.3.**, o máis importante en termos de valor é o correspondente a “Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios” (87). Tras unha redución do 11,8% en relación ao ano anterior, as compras a terceiros países ascenden a 5.058,6 millóns de euros, o 30,5% das importacións galegas. No último ano o 93,6% das importacións galegas do capítulo 87

teñen a súa orixe na UE, representado o 52,3% das importacións galegas da UE.

A continuación sitúase o capítulo de “Peixes e crustáceos, moluscos” (03), con 1.975,9 millóns, un 8,2% menos que no ano anterior; e en terceiro lugar, os “Combustíbeis, aceite minerais” (27), que tras un forte descenso do 55,6% acada os 1.386,5 millóns de euros de valor das importacións, o 8,4% do total galego. Existe una marcada concentración sectorial, xa que os citados tres capítulos importadores acollen no seu conxunto o 51% do valor total das importacións galegas, cinco puntos menos que no ano anterior.

Segundo o país de orixe, as importacións galegas concéntranse principalmente nos 27 países da Unión Europea. Os datos recollidos no **cadro 3.3.4.** amosan que o 52,3% do valor total das compras exteriores procede da UE-27 (9.060 millóns de euros). O sector do automóbil determina que Francia continúe sendo o principal subministrador de Galicia, con 4.523,2 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.702,3 millóns. Estes dous países concentran o 37,5% das importacións galegas.

Importacións e exportacións 2019-20: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2019	2020	2019	2020	2019	2020	2019	2020
(en millóns de euros)					(%)			
Total	19.919,5	16.597,4	22.258,1	20.871,7	2.338,7	4.274,3	111,7	125,8
Europa	12.033,8	10.339,9	18.094,5	17.402,2	6.060,7	7.062,3	150,4	168,3
Unión Europea	10.393,1	9.060,0	15.753,9	15.059,5	5.361	5.999	151,6	166,2
EFTA	145,0	137,2	200,8	270,9	56	134	138,5	197,4
Europa oriental	394,2	254,2	208,8	198,2	-185	-56	53,0	78,0
Resto Europa	1.101,6	888,4	1.931,0	1.873,6	829	985	175,3	210,9
África	2.758,5	1.808,8	1.183,6	1.000,4	-1.574,9	-808,4	42,9	55,3
África do norte	1.800,4	959,9	981,9	835,0	-818	-125	54,5	87,0
África central	34,4	32,6	18,3	17,9	-16	-15	53,3	55,0
África occidental	482,4	375,1	76,4	53,6	-406	-322	15,8	14,3
África oriental	8,3	9,3	4,8	2,9	-3	-6	57,7	30,7
África austral	433,2	431,8	102,2	91,0	-331	-341	23,6	21,1
América	2.639,0	2.115,8	1.735,6	1.226,5	-903,3	-889,3	65,8	58,0
América do norte	439,8	482,0	776,3	504,7	337	23	176,5	104,7
Illas do Caribe	67,7	50,0	80,1	45,1	12	-5	118,3	90,2
América central	860,4	533,0	328,3	237,3	-532	-296	38,2	44,5
América do sur	1.271,0	1.050,8	550,9	439,3	-720	-612	43,3	41,8
Asia	2.384,0	2.239,9	1.120,7	882,9	-1.263,3	-1.357,0	47,0	39,4
Próximo Oriente	53,3	4,9	141,5	124,0	88	119	265,7	2.505,2
Península Arábiga	43,4	62,7	257,7	162,7	214	100	594,1	259,5
Asia central	0,1	0,2	10,0	4,4	10	4	13.559,5	2.542,4
Asia do sur	439,1	402,9	40,6	23,8	-398	-379	9,3	5,9
Lonxano oriente	1.317,8	1.356,9	510,4	472,7	-807	-884	38,7	34,8
Sudeste asiático	530,4	412,3	160,5	95,4	-370	-317	30,3	23,1
Oceanía	103,9	93,0	32,4	273,6	-71,5	180,6	31,2	294,3
BRICs	1.507,4	1.589,8	531,0	383,4	-976,4	-1.206,4	35,2	24,1

(consulta: 25-02-2021)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.4.

O 85,1% das importacións de Francia e o 17,5% de Portugal corresponden ao sector de vehículos automóbiles, sendo para Galicia o principal capítulo importador en ambos países.

Fóra da Unión Europea, o Reino Unido é o país máis importante en canto a valor das importacións galegas, con 1.346 millóns de euros en 2020, un 10,5% menos que no ano anterior, concentrando o 6,4% do total de importacións.



No último ano descenden de xeito pronunciado as importacións procedentes de Asia, a caída foi do 21%, representado este continente só o 4,2% das importacións totais de Galicia; en concreto Galicia reduce as importacións procedentes de China nun 25,3%, en relación ao ano anterior.

• Exportacións ao exterior

No ano 2020, o valor das exportacións de Galicia a terceiros países cae un 6,2% en relación ao ano anterior, acadando os 20.872 millóns de euros. Dada a maior redución das exportacións españolas (-10,2%), o peso das exportacións galegas sobre o total estatal aumenta en tres décimas no último ano, ata o 8% do total do Estado.

A provincia de Pontevedra é a única que presenta incrementos nas súas exportacións no ano 2020, cun valor un 11,5% superior ao rexistrado no ano anterior (1.116,5 millóns de euros máis); situándose como a primeira provincia galega en canto ao valor das súas exportacións con 10.856,3 millóns de euros, un valor un 25% superior ao da seguinte provincia en importancia

Evolución do peso relativo das exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 2008-2020



(consulta: 25-02-2021)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.5.

que é A Coruña. Tal como veremos a evolución das exportacións na provincia de Pontevedra está claramente determinada polo forte incremento das exportacións no sector da automoción.

A Coruña é a provincia que rexistra un maior descenso das exportacións, tanto en termos relativos como absolutos, cunha caída do 21% e con 2.308 millóns de euros menos no total do valor das súas exportacións a terceiros países no ano 2020. Perda de valor das exportacións na provincia ocasiona que A Coruña se sitúe como a segunda provincia exportadora da Comunidade, por detrás de Pontevedra, con 8.661 millóns de euros en exportacións, o 41,5% das exportacións galegas, fronte ao 49,3% do ano anterior.

As provincias de Ourense e Lugo tamén presentan caídas no valor das súas exportacións a terceiros países do 13,1% e do 11,9% respectivamente. Conxuntamente

estas dúas provincias só representan o 6,5% do total de exportacións galegas no ano 2020, cinco décimas menos que no ano anterior.

Como consecuencia do importante peso do subsector téxtil-confección na nosa Comunidade, historicamente o sector de manufacturas de consumo era o que acollía o maior valor das exportacións en Galicia, sen embargo a evolución no último ano relega a este sector a un segundo posto por detrás do sector do automóbil, que, tal como se observa no **cadro 3.3.2.**, acada o primeiro posto con 5.647,4 millóns de euros, un 56,2% máis que no ano anterior, fronte ao descenso do 25,1% do sector de manufacturas de consumo que con 5.022,3 millóns de euros se sitúa en segundo lugar. O sector do automóbil representa o 27,1% das exportacións totais de Galicia no ano 2020, seguido do sector de manufacturas de consumo co 24,1%.

Exportacións 2019-20: distribución segundo principais capítulos TARIC e destino

										2020		
Nº	Cap.	Denominación	2008	2019		2020		2019	2008	Unión Europea	Francia	Portugal
			(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)	(%)	(%)	(en millóns de euros)		
1	87	Vehículos automóviles, tractores	37,1	5.051,2	22,7	6.733,3	32,3	33,3	15,3	5.121,6	3.239,7	282,8
2	62	Prendas de vestir, non de punto	8,7	3.252,3	14,6	2.216,2	10,6	-31,9	62,5	1.806,3	337,2	183,4
3	61	Prendas de vestir, de punto	5,6	2.014,2	9,0	1.705,3	8,2	-15,3	93,7	1.283,9	223,7	138,5
4	03	Peixes, crustáceos, moluscos	5,6	1.447,9	6,5	1.241,4	5,9	-14,3	40,6	959,5	92,3	304,7
5	16	Conservas de carne ou peixe	2,7	725,6	3,3	876,7	4,2	20,8	107,4	764,7	204,9	109,1
6	27	Combustibles, aceites minerais	3,6	1.470,7	6,6	769,1	3,7	-47,7	37,5	596,0	150,4	180,9
7	84	Máquinas e aparellos mecánicos	2,1	646,6	2,9	583,8	2,8	-9,7	77,4	335,5	48,8	80,5
8	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	2,0	572,6	2,6	502,4	2,4	-12,3	58,3	411,6	127,3	138,8
9	44	Madeira e as súas manufacturas	2,5	475,1	2,1	444,5	2,1	-6,4	15,1	285,6	46,5	170,5
10	72	Fundición, ferro e aceiro	3,3	446,7	2,0	414,1	2,0	-7,3	-20,0	364,0	58,7	162,7
Total dos principais capítulos			73,1	16.102,9	72,3	15.486,9	74,2	-3,8	34,7	11.928,7	4.529,4	1.751,8
Resto			26,9	6.155,2	27,7	5.384,8	25,8	-12,5	27,0	3.130,8	571,9	977,5
Total			100	22.258,1	100	20.871,7	100	-6,2	32,6	15.059,5	5.101,3	2.729,2

(consulta: 26-02-2021)

Fonte: Ministerio Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.6.

No que respecta á importancia relativa das exportacións no conxunto do Estado, o sector de manufacturas de consumo segue sendo o de maior peso en Galicia, co 20,1% do total de exportacións do sector do Estado, seguido do sector do automóbil co 14,7% do total estatal.

No gráfico 3.3.5. obsérvase a evolución das exportacións da industria do automóbil e do subsector téxtil-confección, situándose este último como principal sector exportador a partir do ano 2014, incrementando o peso das súas exportacións no total de Galicia a medida que o sector do automóbil o perdía, ata o ano 2020 onde se produce o xa citado cambio de tendencia, cun forte incremento das exportacións do sector do automóbil e o descenso pronunciado do valor das exportacións do téxtil e confección.

O capítulo de “Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios” (87) segue sendo o máis importante se tomamos como referencia a desagregación por capítulo arancelario (TARIC) (cadro 3.3.6.), que concentra o 32,3% das

exportacións galegas (22,8% no ano anterior), seguido por dous capítulos pertencentes á actividade téxtil, o de “Prendas de vestir, non de punto” (62), que acolle o 10,6% das vendas (14,6% en 2019), e o da “Prendas de vestir, de punto” (61), que representa o 8,2%, oito décimas menos que no ano anterior. En relación ao ano anterior, os capítulos relacionados co téxtil experimentaron en conxunto unha caída de 1.345 millóns de euros, mentres as exportacións de vehículos aumentaron en 1.682 millóns.

O principal destino das exportacións galegas é a UE-27, co 72% do total de vendas galegas ao exterior (15.059,5 millóns de euros), dirixíndose un 7,9% ao continente americano (1.754 millóns), un 5,3% a África (1.179,1 millóns) ou un 5% a Asia (1.117,6 millóns de euros). Por países, Francia segue sendo o principal destino das vendas de Galicia, con 4.529,4 millóns de euros (24,4% do total do valor das exportacións galegas a terceiros países, fronte ao 19,1% do ano anterior). O segundo país en importancia a moita distancia é Portugal con 2.729,2 millóns de euros, o 13,1% do total de exportacións de Galicia.

Exportacións galegas 2019-20: rankings segundo países de destino

	2008		2019		2020		2019	20/08
	(%)	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)	(%)	(%)	(%)
1 Francia	34,9	4.257.772	19,1	5.101.299	24,4	19,8	-7,2	
2 Portugal	15,8	3.260.954	14,7	2.729.242	13,1	-16,3	9,4	
3 Italia	6,0	1.969.698	8,8	1.757.592	8,4	-10,8	86,1	
4 Reino Unido	3,3	1.509.478	6,8	1.345.970	6,4	-10,8	155,6	
5 Alemaña	3,3	1.218.425	5,5	1.066.547	5,1	-12,5	107,0	
6 Polonia	1,2	795.812	3,6	921.810	4,4	15,8	368,8	
7 Países Baixos	3,0	1.108.096	5,0	762.787	3,7	-31,2	60,2	
8 Bélxica	1,9	746.742	3,4	738.718	3,5	-1,1	153,7	
9 Marrocos	3,4	745.651	3,4	622.169	3,0	-16,6	16,3	
10 Turquía	1,2	328.305	1,5	468.833	2,2	42,8	145,9	
11 Estados Unidos	4,1	581.553	2,6	415.858	2,0	-28,5	-35,8	
12 Grecia	1,7	372.462	1,7	276.480	1,3	-25,8	1,2	
13 Australia	0,1	26.623	0,1	267.972	1,3	906,5	1951,4	
14 Rumanía	0,5	284.853	1,3	203.382	1,0	-28,6	174,2	
15 Suecia	0,7	211.375	0,9	201.693	1,0	-4,6	92,9	
16 China	0,4	252.439	1,1	187.589	0,9	-25,7	175,8	
17 México	1,0	235.910	1,1	186.236	0,9	-21,1	15,9	
18 Noruega	2,3	118.614	0,5	179.938	0,9	51,7	-50,5	
19 Irlanda	0,7	205.600	0,9	167.530	0,8	-18,5	53,6	
20 Dinamarca	0,4	130.539	0,6	156.504	0,7	19,9	161,3	
5 primeiros países	63,4	12.216.327	54,9	12.000.649	57,5	-1,8	20,3	
10 primeiros países	74,1	15.940.933	71,6	15.514.966	74,3	-2,7	33,0	
20 primeiros países	86,0	18.360.902	82,5	17.758.148	85,1	-3,3	31,1	
Total	100,0	22.258.138	100,0	20.871.651	100,0	-6,2	32,6	

(consulta: 26-02-2021)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.7.

O **cadro 3.3.7.** mostra o *ranking* de países de destino das exportacións galegas, sendo destacable a concentración territorial das mesmas, de xeito que case 6 de cada 10 euros de produtos exportados por Galicia teñen como destino cinco países, Francia, Portugal, Italia Reino Unido e Alemaña.

O principal capítulo exportados a Francia é o 87, Vehículos automóviles, tractores, co 63,5% do total do valor das exportacións cara ese país e o 48,1% das exportacións galegas de vehículos. No caso de Portugal o principal capítulo exportados é o 03, Peixes, crustáceos, moluscos, co 11,2% do total de exportacións a ese país, e o 24,5% das exportacións galegas de eses produtos. As exportacións a Francia, principal destino das exportacións galegas están moi concentradas no capítulo 87, mentres que no caso de Portugal, segundo destino en importancia, as exportacións están moito menos concentradas distribuíndo

dose de xeito relativamente homoxéneo entre diversos capítulos.

• Base exportadora

Entendemos por base exportadora dun territorio o número de empresas que venden os seus produtos no exterior. En 2020 Galicia conta cun total 7.118 empresas que venderon parte dos seus produtos fóra de España, o que significa un descenso de 49 respecto ao ano anterior (0,7% menos). A base de datos STACOM do ICEX advirte de que a taxa de variación anual do número de exportadores debería ser tomadas con cautela xa que poder verse afectada polo incremento de operadores que realizan envíos de baixo custo.

Atendendo aos grandes sectores económicos, **cadro 3.3.8.**, tan só os sectores de alimentación, materias primas e outras mercadoría rexistran unha diminución

Empresas galegas exportadoras a terceiros países 2008 e 2020: distribución segundo grandes sectores

	2008		2020 (1)		20/19		20/08		G/E
	(%)				(%)		(%)		(%)
Sectores económicos (2)	4.907	100	7.118	100	-49	-0,7	2.211	45,1	3,6
Alimentos (3)	1.022	20,8	1.390	19,5	-69	-4,7	368	36,0	8,1
Bebidas	271	5,5	483	6,8	1	0,2	212	78,2	11,0
Pesca	455	9,3	413	5,8	-1	-0,2	-42	-9,2	29,1
Carne	166	3,4	266	3,7	-104	-28,1	100	60,2	8,6
Preparados alimenticios	141	2,9	153	2,1	12	8,5	12	8,5	3,9
Froitas, hortalizas e legumes	110	2,2	121	1,7	6	5,2	11	10,0	2,4
Lácteos e ovos	65	1,3	93	1,3	-2	-2,1	28	43,1	8,2
Outros	167	3,4	224	3,1	5	2,3	57	34,1	3,7
Produtos enerxéticos	100	2,0	165	2,3	39	31,0	65	65,0	12,2
Materias primas	342	7,0	323	4,5	-25	-7,2	-19	-5,6	6,6
Semimanufacturas	1.130	23,0	1.485	20,9	43	3,0	355	31,4	4,9
Metais non ferrosos	116	2,4	143	2,0	-7	-4,7	27	23,3	6,0
Ferro e aceiro	160	3,3	205	2,9	-16	-7,2	45	28,1	6,6
Produtos químicos	633	12,9	923	13,0	23	2,6	290	45,8	4,4
Outras semimanufacturas	625	12,7	764	10,7	4	0,5	139	22,2	5,4
Bens de equipamento	1.748	35,6	2.199	30,9	10	0,5	451	25,8	5,4
Maq. Especifica certas industrias	822	16,8	1.143	16,1	54	5,0	321	39,1	6,0
Equipamento oficina e telecomunicacións	195	4,0	371	5,2	37	11,1	176	90,3	4,2
Material transporte	404	8,2	324	4,6	-34	-9,5	-80	-19,8	5,7
Outros bens de equipamento	825	16,8	1.164	16,4	-82	-6,6	339	41,1	5,1
Sector do automóbil	535	10,9	576	8,1	14	2,5	41	7,7	4,6
Automóviles e motos	109	2,2	166	2,3	-31	-15,7	57	52,3	2,1
Compoñentes do automóbil	444	9,0	435	6,1	41	10,4	-9	-2,0	8,0
Bens de consumo duradeiro	320	6,5	457	6,4	9	2,0	137	42,8	4,0
Manufacturas de consumo	859	17,5	1.269	17,8	76	6,4	410	47,7	3,4
Téxtil e confección	393	8,0	637	8,9	64	11,2	244	62,1	3,8
Calzado	90	1,8	162	2,3	31	23,7	72	80,0	3,4
Xoguetes	97	2,0	163	2,3	1	0,6	66	68,0	3,7
Alfarería	33	0,7	35	0,5	-10	-22,2	2	6,1	2,7
Xoiaría e reloxo	62	1,3	115	1,6	-2	-1,7	53	85,5	3,7
Coiro e manufacturas do coiro	31	0,6	32	0,4	-3	-8,6	1	3,2	3,7
Outras manufacturas	493	10,0	605	8,5	-6	-1,0	112	22,7	3,5
Outras mercadorías	1.105	22,5	3.141	44,1	-199	-6,0	2.036	184,3	2,5

(1) datos 2020 son provisionais

(2) O número total de empresas é inferior á suma de empresas desagregadas porque unha mesma empresa pode exportar en varios sectores

(3) Sectores con maior número de empresas, o resto está sumado en outros.

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. Datacomex

3.3.8.

do número de empresas (69, 25 e 199 empresas menos respecto ao ano anterior, respectivamente). Por contra, os aumentos máis significativos rexístranse no sector de manufacturas de consumo (76 empresas máis, un 6,4%), semimanufacturas (43 empresas máis, incremento do 3%), produtos enerxéticos (39 empresas e un 31% máis que en 2019), o automóbil, con 14 empresas máis (2,5%), e bens de equipamento e de consumo duradeiro con 10 e 9 empresas máis respectivamente.

O sector que concentra o maior número de empresas exportadoras é o de bens de equipamento, con 2.199

empresas (30,9% do total galego), seguido pola de semimanufacturas e a industria de alimentación, con 1.485 (20,9%) e 1.390 (19,5%) respectivamente.

Fronte ao descenso do 0,7% no número de empresas exportadoras en Galicia no último ano o descenso a nivel estatal foi do 6,3%, polo que a cota exportadora galega no total estatal aumenta dúas décimas ata o 3,6%.

En relación ao peso relativo por sectores das empresas exportadoras galegas no total estatal, cómpre destacar a importancia relativa do sector de alimentación, que acolle o 8,1% das empresas exportadoras do sector en

Actuacións do Plan FOEXGA 2019-20 ⁽¹⁾

	Área xeográfica			
	2019		2020	
	(% /total)		(% /total)	
Europa	25	36,23	23	42,59
Asia	14	20,29	5	9,26
África	12	17,39	9	16,67
América do Sur	7	10,14	4	7,41
América do Norte	3	4,35	3	5,56
Centroamérica	6	8,70	7	12,96
Illas do Caribe	2	2,90	2	3,70
Oceanía (Pacífico)	-	-	1	1,85
Total países	69	100	54	100

	Actividades por cámara de comercio			
	2019		2020	
	Accións	Participantes	Accións	Participantes
A Coruña	32	188	13	57
Vigo	46	281	21	92
Santiago de Compostela	22	105	10	29
Total	100	574	44	178

	Accións por tipo			
	2019		2020	
	Misións comerciais	Particip. en feiras	Misións comerciais	Particip. en feiras
A Coruña	24	8	10	3
Vigo	40	6	20	1
Santiago de Compostela	20	2	4	6
Total	84	16	34	10

(1) A liña está en proceso de liquidación. Os nomes, número de empresas participantes finais así como distribución sectorial e contribución Xunta exacta non se coñece ata finalizar este proceso.
Fonte: IGAPE

3.3.9.

España, e de maneira especial, a pesca, que concentra o 29,1% do total estatal. Asemade, no ámbito do sector da alimentación salienta o peso relativo das empresas exportadoras de bebidas, que supoñen o 11%, e o sector de empresas cárnicas, co 8,6%.

No que respecta ás medidas públicas de fomento da internacionalización das empresas galegas, o Plan Foexga ten entre os seus obxectivos acadar a internacionalización real das empresas galegas, propiciar a comercialización dos seus produtos no exterior así como difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade (**cadro 3.3.9.**).

No marco do Plan Foexga, no ano 2020 as distintas cámaras de comercio de Galicia levaron a cabo 44 accións (34 misións comerciais e 10 participacións en feiras) en 54 países con máis de 178 participacións que se corres-

ponden con arredor de 90 empresas. A contribución da Xunta será aproximadamente de 400.000 € (liña subvencionada ao 90%).

Segundo os datos facilitados polo IGAPE, as accións dirixíronse a 54 países, ascendendo o número de participantes a 178, cifras significativamente inferiores ás do ano anterior, que se situaban en 69 e 574, respectivamente.

O principal destino das accións desenvolvidas segue a ser Europa, con 23 países, seguida de África, Centro América, Asia, América do Sur, , América do Norte, as Illas do Caribe e Oceanía.

Neste ano de pandemia víronse 8 accións que estando xa en planificación e con gastos executados, finalmente foron canceladas.

Investimento estranxeiro bruto. 2020 ⁽¹⁾⁽²⁾

	Investimento estranxeiro nas CC.AA.			Investimento das CC.AA. no estranxeiro		
	Total	19/20		Total	19/20	
	(en millóns de euros)	(% / España)	(%)	(en millóns de euros)	(% / España)	(%)
Andalucía	769,9	2,7	-22,1	17,8	0,1	-97,9
Aragón	22,8	0,1	-77,9	53,0	0,2	136,6
Asturias	48,9	0,2	-61,0	1.279,6	4,5	11,5
Baleares	106,6	0,4	-83,0	147,1	0,5	-76,3
Canarias	67,0	0,2	-63,8	126,3	0,4	108.113,4
Cantabria	12,3	0,0	108,7	60,7	0,2	-84,8
Castela e León	56,1	0,2	-97,0	95,2	0,3	-89,2
Castela-A Mancha	60,0	0,2	-37,9	30,0	0,1	5.377,0
Cataluña	3.055,2	10,6	-21,0	3.596,6	12,6	149,0
C. Valenciana	324,5	1,1	-61,1	453,0	1,6	130,7
Extremadura	233,8	0,8	918,1	6,6	0,0	-
Galicia	80,4	0,3	-88,9	1.768,8	6,2	-22,2
Madrid	22.852,9	79,2	39,4	18.383,2	64,3	11,0
Murcia	181,6	0,6	282,2	27,6	0,1	-24,7
Navarra	119,9	0,4	-4,2	6,2	0,0	-44,5
País Vasco	858,0	3,0	163,2	2.511,6	8,8	147,9
A Ríoxa	5,3	0,0	-80,4	29,0	0,1	-
Ceuta-Melilla	1,3	0,0	-47,6	-	-	-
Sen asignar	14,4	0,1	-89,6	-	-	-
Total	28.871,0	100	9,0	28.592,4	100	12,4

(consulta: 7-4-2021)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

(2) Investimentos novos resultado de operacións de non residentes que supoñan: (i) Participacións en sociedades galegas non cotizadas; (ii) participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas; (iii) constitución ou ampliación de dotacións de sucursais de empresas estranxeiras e (iv) outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,52 euros. Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *Datainves*

3.3.10.

Por cámaras de comercio a actividade no 2020 foi a seguinte:

- A Coruña: 13 accións organizadas (10 misións comerciais e 3 participacións en feiras) nas que houbo 57 participantes. A Cámara da Coruña tivo que cancelar 4 misións comerciais e 2 participacións en feiras debido á pandemia.
- Vigo: 21 accións organizadas (2020 misións comerciais e 1 participación en feira), nas que houbo 92 participantes.
- Santiago de Compostela: 10 accións organizadas (4 misións comerciais e 6 participacións en feiras) nas que houbo 29 participantes. A Cámara de Santiago de Compostela tivo que cancelar 2 misións comerciais debido á pandemia.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

Os datos dos que dispoñemos para analizar o investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia son os que proporciona o Rexistro de Investimentos Exteriores desagregados territorialmente, e son datos que fan referencia exclusivamente ao investimento bruto estranxeiro en Galicia que recolle as operacións de non residentes que supoñan:

- Participación en sociedades galegas non cotizadas.
- Participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas.

Investimento estranxeiro bruto ⁽¹⁾ en Galicia e España 2020: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
Total subsectores	80.426,1	100	28.870.955,4	100	0,28
Edición	29.019,2	36,1	661.009,5	2,3	4,39
Servizos de comidas e bebidas	11.150,0	13,9	156.723,9	0,5	7,11
Actividades postais e de correos	10.916,0	13,6	10.916,0	0,0	100,00
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	10.232,6	12,7	445.033,3	1,5	2,30
Seguros, reaseguros, fondos pensión agás Seg. Social	7.730,6	9,6	1.116.625,1	3,9	0,69
Fabricación doutro material de transporte	4.900,0	6,1	15.448,8	0,1	31,72
Actividades inmobiliarias	3.120,5	3,9	1.219.986,2	4,2	0,26
Servizos técnicos arquitectura e enxeñería	738,6	0,9	95.261,4	0,3	0,78
Programación, consultoría, outras actividades relacionadas	659,7	0,8	1.216.156,0	4,2	0,05
Investigación e desenvolvemento	500,0	0,6	82.816,5	0,3	0,60
Comercio maiorista e interm. Comercio, agás vehículos motor	391,5	0,5	4.543.146,2	15,7	0,01
Actividades sedes centrais; Activ. Consultoría de xestión	240,4	0,3	50.214,3	0,2	0,48
Construción de edificios	227,3	0,3	1.431.147,9	5,0	0,02
Industria da alimentación	208,8	0,3	1.033.840,1	3,6	0,02
Servizos de información	163,0	0,2	1.202.876,1	4,2	0,01
Outros	227,9	0,3	15.589.753,9	54,0	0,00

(consulta: 7-4-2021)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *DatainVex*

3.3.11.

- Constitución ou ampliación de dotación de sucursais de empresas estranxeiras.
- Outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,25 €.

Segundo os datos recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, o investimento bruto estranxeiro en Galicia ascendeu en 2020 ata os 80,4 millóns de euros, o que supón unha caída do 89% en relación ao ano anterior, (643 millóns de euros menos que no ano anterior). Galicia é a segunda Comunidade cun descenso porcentualmente máis acusado, só por detrás de Castela e León, o que contrasta co incremento do 9% do investimento estranxeiro no conxunto do Estado. Esta desigual evolución provoca que Galicia pase de recibir o 2,9% do investimento estranxeiro total do Estado no ano 2019 a tan só o 0,3% no ano 2020.

A Comunidade de Madrid concentra o 79,2% do inves-

timento, fronte ao 10,6% de Cataluña e o 3% do País Vasco (**cadro 3.3.10.**).

O principal país investidor en Galicia no último ano foi Luxemburgo, con 29,5 millóns de euros (36,6%), seguido por México, con 22,5 millóns de euros (27,9%); Reino Unido, con 10,2 millóns de euros (12,7%) e Francia, con 7,8 millóns (9,7%).

Tal como se observa no **cadro 3.3.11.**, dende un punto de vista sectorial, destaca o subsector de edición (CNAE 58) que con 29 millóns de euros concentra o 36,1% do total de investimento estranxeiro en Galicia no ano 2020, seguido do subsector de Servizos de comidas e bebidas (CNAE 56), con 11,1 millóns de euros (13,9% do total) e dos subsectores de Actividades postais e correos e de Almacenamento e actividades anexas ao transporte (CNAE 53 e 52) que con 10,9 e 10,2 millóns de euros concentran o 13,9% e 13,6% do total respectivamente. Atendendo ao seu peso relativo no total estatal, destacan as Actividades postais e correos, co 100% do investimento estranxeiro recibido en Es-

Investimento bruto ⁽¹⁾ de Galicia e España no exterior 2020: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
Total	1.768.771,1	100	28.592.406,6	100	6,2
47 Comercio polo miúdo, agás vehículos motor	1.600.000,0	90,46	2.311.715,6	8,1	69,21
68 Actividades inmobiliarias	116.839,2	6,61	208.725,7	0,7	55,98
03 Pesca e acuicultura	16.275,0	0,92	54.566,7	0,2	29,83
62 Programación, consultoría, outras activ. relacionadas	15.873,6	0,90	174.440,6	0,6	9,10
46 Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor	13.449,5	0,76	4.476.418,6	15,7	0,30
70 Actividades sedes centrais; Activ. consultoría de xestión	2.021,5	0,11	49.417,4	0,2	4,09
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1.498,3	0,08	2.446.939,7	8,6	0,06
64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos pensións	987,9	0,06	824.008,1	2,9	0,12
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	903,2	0,05	69.806,6	0,2	1,29
10 Industria da alimentación	691,4	0,04	350.026,2	1,2	0,20
56 Servizos de comidas e bebidas	217,5	0,01	60.749,0	0,2	0,36
Outros	14,0	0,00	17.565.592,5	61,4	0,00

(consulta: 26-4-2021)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *DatainVex*

3.3.12.

paña, e as actividades de fabricación doutro material de transporte (CNAE 30) que acolle o 31,7% do total estatal.

No que respecta ao investimento de Galicia no estranxeiro, o investimento bruto galego no exterior experimentou un descenso do 22,2% no último ano, acadando un importe total de 1.768,8 millóns de euros, o que sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid, Cataluña e País Vasco. Fronte á caída do investimento galego no estranxeiro, no conxunto do Estado este se incrementa nun 12,4%, como consecuencia de incrementos importantes en Madrid e Cataluña, polo que o peso relativo do investimento galego no total estatal situouse no 6,2% cando no ano anterior esta porcentaxe era do 10,5%.

Os Países Baixos acollen o 90% do investimento galego no estranxeiro en 2020 con 1.600 millóns de euros, seguidos a moita distancia polo Reino Unido (64 millóns de euros) ou Luxemburgo (47 millóns de euros).

O sector máis importante en termos de investimento no exterior é o de Comercio polo miúdo de prendas de

vestir (CNAE 47), con 1.600 millóns de euros, representa o 90,5% do investimento no estranxeiro de Galicia, así como case o 100% do total investido por esta CNAE no estranxeiro no conxunto do Estado. Este investimento ten por país de destino os Países Baixos e realizouse no primeiro trimestre de 2020. 

